



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 124

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 14 de outubro de 2015

Presidencia da Excm. Sra. D^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

Punto único

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 41588, 09/DEBA-000003)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 23.09.2015

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Prestación de promesa ou xuramento de acatamento e fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia por parte dun novo deputado. (Punto preliminar da orde do día.)

Antes de entrar na orde do día, en cumprimento do artigo 7 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a señora presidenta procede a solicitar a prestación de xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado don César Manuel Fernández Gil. (Páx. 3.)

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto único da orde do día.)

Intervención do Sr. presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 3.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 24.), *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 27.), *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 31.), *Sr. Beiras Torrado (AGE)* (Páx. 36.), *Sr. Méndez Romeu (S)* (Páx. 43.) e *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 50.)

Resposta do Sr. presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 57.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 70.), *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 71.), *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 73.), *Sr. Beiras Torrado (AGE)* (Páx. 75.), *Sr. Méndez Romeu (S)* (Páx. 77.) e *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 79.)

Contrarréplica do Sr. presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 82.)

Antes de rematar a sesión, a señora presidenta informa do número máximo e do prazo de presentación das propostas de resolución subseguintes ao debate, conforme o establecido no artigo 141 bis do Regulamento e no acordo da Mesa, así como do prazo para a presentación das propostas transaccionadas e a petición de agrupacións ou votacións separadas, e anuncia que a seguinte sesión plenaria terá lugar o próximo venres, día 16. (Páx. 85.)

Suspéndese a sesión ás nove e trinta e cinco minutos do serán.

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

A señora PRESIDENTA: Vaian ocupando, por favor, os escanos, que imos dar comezo á sesión.

Moi bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non se procede á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias.

Antes de entrar na orde do día, procede a inclusión dun punto preliminar de promesa ou xuramento dun novo deputado nesta Cámara.

Prestación de promesa ou xuramento de acatamento e fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia por parte dun novo deputado.

A señora PRESIDENTA: En cumprimento do establecido no artigo 7 do Regulamento, procédese a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía por parte do novo deputado, don César Manuel Fernández Gil.

Segundo o procedemento, a fórmula é contestar “si, xuro” ou “si, prometo” á pregunta desta Presidencia.

Prégolle que responda desde o escano á pregunta que lle vou formular.

Don César Manuel Fernández Gil, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía?

O señor FERNÁNDEZ GIL: Si, prometo.

A señora PRESIDENTA: Prestada a promesa, acada a condición plena de deputado do Parlamento de Galicia, e dámoslle a benvida.

Moitas grazas.

(Murmurios.)

Prego silencio, por favor.

Entramos, pois, na sesión, que, como todos vostedes saben, consta dun punto único.

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para a súa primeira intervención, o presidente da Xunta de Galicia, don Alberto Núñez Feijóo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora presidenta do Parlamento, señoras deputadas do Grupo Mixto, señoras e señores deputados do Bloque Nacionalista Galego, da Alternativa Galega de Esquerda, do Partido Socialista (PSdeG) e do Partido Popular de Galicia, asistentes na tribuna que nos honran coa súa presenza, galegos e galegas que nos van seguir polos medios de comunicación, o que comeza hoxe é o meu último debate sobre o estado da Autonomía como presidente da Xunta nesta IX lexislatura, mais non o derradeiro que todos os galegos e galegas temos por diante. A vida do noso país continuará porque o país está vivo e seguirao estando despois de que este Parlamento se disolva o próximo ano e finalice o actual mandato democrático. É esa Galicia, a Galicia que transcende eleccións e dirixentes, a que nos convoca sempre. É esa Galicia, esa terra fácil de amar, a quen tiven a honra de servir, como definiu o presidente Albor, a que nos cita tamén hoxe aquí neste debate e neste contexto.

Por iso, eu preséntome hoxe ante vostedes e ante todos os galegos coa vista posta nesa Galicia, na Galicia do futuro, e solicítolles que todos a teñamos presente nas análises e nas propostas que imos celebrar nestes días.

Non me presento aquí, e agardo que vostedes tampouco, para limitarnos a un mero balance, porque iso é o que farán os cidadáns cando se culmine completamente esta lexislatura e examinen o traballo do Goberno e da oposición que nos encomendaron. Non me presento aquí, e agardo que vostedes tampouco, como candidato a nada, senón como servidor de todos os galegos; servidor dos galegos de hoxe e servidor dos galegos de mañá. A todos eles podemos dicirlles agora

que Galicia ten futuro, e ten un futuro certo. Nel, por suposto, segue a haber problemas que afrontar, demandas ás que dar resposta e retos polos que continuar loitando. Pero cara a el dirixímonos liberados de incertezas propias doutros momentos, doutros pobos ou doutros gobernos. Liberados, digo, da inseguridade que nos condicionaba non hai tantos anos cando non coñeciamos nin a dimensión nin os límites da crise, que Galicia, como o conxunto de España, comeza a deixar atrás. Liberados da inestabilidade xerada por quen pensa que a fortaleza dunha comunidade se mide pola tensión identitaria, cando onde realmente radica é na unidade da cidadanía, coa que Galicia si conta. E liberados da inconsistencia doutros gobernos que centran os seus esforzos en xestos superfluos e non nunha fonda xestión, que é o que Galicia precisa, o que Galicia merece o que Galicia reclama.

Porque, señorías, non existen gobernantes infalibles nin en posesión de verdades irrefutables, quen pense o contrario comete o erro máis grave en calquera representante público, que é deixar de escoitar os cidadáns para escoitarse unicamente a si mesmo.

Galicia é dona do seu futuro e por iso eu procuro estar atento ao que Galicia diga. E é no inconformismo das galegas e dos galegos onde atopo o impulso para seguir traballando por eles, onde encontro a motivación para tomar cada decisión. Porque Galicia é estable pero non é inmóbil. Non recoñezo o meu pobo nunha Galicia que sofre resignada os problemas, tampouco nunha Galicia cegada polos modelos foráneos. A Galicia que me deu a honra de ser presidente en 2009 e en 2012 é unha Galicia moderna, cunha presenza transcendente en España e en Europa e que quere xogar o seu propio papel en cada momento.

Señorías, os galegos que representamos preocupáanse por cuestións reais, exíxennos lexitimamente solucións reais e pídennos respostas reais. Conforman un pobo maduro, consciente da realidade de cada momento —tamén deste—, e precisan unha administración e un parlamento que actúe coa súa mesma clarividencia. Penso que o Goberno galego deu respostas reais cando os cidadáns nos reclamaron afrontar a recesión económica con decisión e sen titubeos. Respostas que evitaron os problemas derivados do déficit público que sufriran outras comunidades, porque nós fomos quen de reduci-lo ano a ano. Respostas que permiten controlar a débeda pública, respostas que fixeron posible manter, e mesmo

mellorar, os servizos públicos esenciais, aos que hoxe destinamos 8 de cada 10 euros dos presupostos dos galegos. Ou respostas que blindaron o noso autogoberno, en vez de perdelo someténdonos ao financiamento, á dependencia e vixilancia do Goberno central, como si ocorreu e segue ocorrendo noutras comunidades.

Penso que o Goberno galego deu tamén respostas reais cando os cidadáns solicitaron trazar un camiño que fixese posible entre todos alcanzar o comezo da recuperación. Aínda hai outro camiño difícil por diante, mais ese principio alcanzámolo. Coa recuperación do emprego de xeito ininterrompido nos últimos vinte e tres meses, coa recuperación da economía, que xa acumula sete trimestres crescendo, coa recuperación do consumo —no que levamos de ano, o índice de vendas do comercio polo miúdo creceu un 3,3 %—, coa recuperación da fe en nós mesmos e nas nosas posibilidades de futuro, o Goberno galego deu respostas reais ata o de agora e propónse seguir dando respostas reais no novo contexto cara ao que Galicia se dirixe. Porque se a nosa terra se renova constantemente, nós temos que renovarnos con ela, con novas políticas, con novos equipos que se adecúen ás novas demandas e ás novas aspiracións da xente. *(Aplausos.)*

Escoitar os galegos é un exercicio preceptivo e vinculante para calquera goberno. A Xunta fíxoo e esta a facer, e comprométese a seguir facéndoo para deste xeito introducir os cambios, as melloras e tamén, con autocrítica, as rectificacións que coa máxima intención de interpretar a súa vontade a cidadanía nos demande en cada momento. Ese compromiso ten o seu reflexo máis recente na renovación do Executivo autonómico, que se materializou a pasada semana e que precisamente foi concibida por unha situación económica e social que tamén está cambiando. En efecto, a nova estrutura procura responder ao sentir popular; o sentir de que os efectos da recuperación cheguen a todos os cidadáns, obxectivo que centra en exclusiva todos os recursos da nova Consellería de Política Social; o sentir de que poidamos seguir falando de creación de emprego, e por iso as competencias laborais se transfíren á área que debe dinamizar a economía; o sentir de que os sectores primarios poidan fortalecerse cunha Consellería do Medio Rural e unha Consellería do Mar que centren todos os seus esforzos en cadanseu ámbito; e o sentir de protexer o noso, que é que o impulso social e o impulso económico se complete tamén co impulso territorial, por iso se reforza a área de Medio Ambiente e

Territorio por un lado, e a área de Infraestruturas e Vivenda polo outro.

Pero, señorías, xa teño dito que ningún destes obxectivos comeza ou remata na remodelación do Goberno por máis que esta sexa un punto de inflexión importante para conseguilo. Como serán tamén os orzamentos de 2016 que aprobaremos o próximo luns e que –xa lles adianto– contarán cun aumento significativo de recursos respecto do exercicio actual. O maior incremento presupostario desde 2008, en coherencia coa mellor situación na que nos atopamos. É certo que afrontamos o futuro máis inmediato cun goberno renovado e cun presuposto reforzado, pero non podemos esquecer que o camiño que volve construír unha Galicia próspera empeza no traballo feito desde 2009 grazas á colaboración e ao esforzo de moitos galegos e galegas. E rematará cando o conxunto dos cidadáns se sintan parte del.

Señorías, Galicia anticipouse na loita contra a crise e Galicia vai anticiparse tamén para aproveitar o inicio da recuperación. Se o escenario que se abre coa mellora económica nos permite ser máis flexibles non é para que mudemos de arriba abaixo o que fixemos ao longo dos últimos anos, senón para que empreguemos, con máis intensidade pero coa mesma responsabilidade, os novos medios cos que contamos incidindo nos acertos para non repetir no futuro os erros do pasado.

A primeira das prioridades é que o actual escenario de crecemento sexa percibido por todos os cidadáns, que ninguén quede excluído. Porque, se a loita contra a crise foi posible entre todas as galegas e os galegos, a recuperación tamén ten que dirixirse a todos eles. *(Aplausos.)*

A meta non mudou porque a nosa razón de ser e de traballar é a mesma que nos últimos anos, son as persoas. O que cambiou non é o camiño nin o fin do camiño, o que cambiou é que todos xuntos fomos capaces de percorrer o treito máis duro do camiño. Sería imposible ter chegado ata aquí sen un pobo que, dende a súa vida cotiá, porque o percibían por riba das palabras que negaban a realidade, sinalou a ruta axeitada antes que os seus propios gobernantes, e que se esforzou paso a paso durante eses anos. Hoxe ese pobo exige con toda lóxica e lexitimidade que non sexa deixado atrás nesta nova etapa. A Xunta de Galicia estará ao seu carón. Durante todo este tempo, cada un dos membros deste goberno puxo o

máximo de si, de si mesmo, para acompañar as galegas e os galegos nese esforzo e que este non fose en balde, e abofé que non o foi. Era a nosa responsabilidade facelo, e debiamos tamén facelo con responsabilidade. Iso levounos a ser en moitas ocasións portadores de malas noticias, pero entendemos que a nosa obriga non pasaba nin por ocultar o que tiñamos por diante nin por xerar falsas expectativas, por xerar falsas expectativas a unha cidadanía cuxo sacrificio xa fora desperdiciado e á que nunca se lle debería de ter mentido.

Todos os gobernantes dos últimos anos quixeramos ter feito aínda máis, pero todos os gobernos, en cada exercicio, dispoñiamos aínda de menos. Seguramente a comparecencia que se produciu en maio do ano 2010 no Congreso dos Deputados por parte do presidente naquel momento é o que mellor ilustra a constrición orzamentaria que afectou a todas as administracións, tanto a estatal como as autonómicas e as locais. Foi o último en darse conta, ou máis ben o último en recoñecelo.

Asolagados polos problemas cotiáns que derivan da crise, estivemos inmersos na dificultade de xestionar a maior escaseza. Eu sinto persoalmente cada cidadán que considera que non lle axudamos cando precisaba de nós ou que pense que non estivemos ao seu carón coa intensidade que reclamaba. Con independencia de que, como dixen ao inicio desta intervención, non existen gobernantes infalibles e de que cometemos erros polos que debemos de desculparnos e rectificar, é certo que en moitas ocasións tivemos que dicir que non de xeito consciente, máis das que quixeramos; tamén ás veces sen a explicación que se requiría, o que é inescusable. Pero dixemos non porque tiñamos o compromiso de dicirlles a verdade aos galegos, por crúa que fose. É un compromiso de responsabilidade con todos eles por riba dos sabores que esta supuxese. Vímonos –contra o noso desexo– obrigados pola situación a dicir moitas veces que non para que hoxe poidamos dicir que si, para poder dicirlles ás galegas e galegos que as prioridades da Xunta, por máis que as nosas respostas non fosen sempre as que se querían dicir nin escoitar, foron sempre as mesmas: os galegos e as galegas. E para poder dicirlles agora que o que si mudou son as nosas expectativas e, xunto a elas, as nosas capacidades orzamentarias para comezar a satisfacelas.

Señorías, en 2009 neste Parlamento falabamos de forma reiterada sobre como iamos afrontar o burato de máis de 2.300

millóns de euros que nos vimos obrigados a devolver ao Goberno central. Nos seguintes anos, sobre como adaptarnos a un contexto presupostario sempre á baixa. Chegamos a ter que xestionar ata con 2.200 millóns de euros menos que o Goberno que nos precedeu. A diferenza con este momento é, polo tanto, evidente: hoxe estamos a falar sobre como dirixir os 400 millóns de euros máis dos que dispoñemos para o próximo 2016. Pois ben, Galicia non precisa que dirixamos eses recursos a un sobre esforzo para alcanzar os obxectivos do déficit; non, non o precisa, porque cumprimos este ano co 0,7 % do déficit marcado, como cumprimos sempre durante todos os anos e como volveremos cumprir no ano 2016.

Galicia non precisa que dirixamos eses recursos a reparar un exceso de endebedamento público porque somos a segunda autonomía onde menos incrementou a débeda pública dende o ano 2009. Galicia non precisa afrontar un incremento dos gastos financeiros porque nos últimos anos nós non tivemos que acudir ao Fondo de Liquidez posto en marcha para as comunidades que non podían autofinanciarse e porque agora neste ano tomamos a decisión de acceder ao Fondo de Facilitade Financeira con condicións máis beneficiosas –tipo cero durante tres anos para a débeda, e ver compensada a anualidade das liquidacións negativas sen estar suxeitos a ningunha tutela por parte do Estado–.

Señorías, Galicia non precisa sacar facturas dos caixóns porque as temos contabilizadas e as pagamos nun prazo inferior a 20 días –máis de 25 días por debaixo da media do resto das comunidades autónomas–, e Galicia non precisa compensar a ausencia de fondos europeos porque conseguimos seguir sendo rexión prioritaria nos presupostos comunitarios e acadamos máis de 4.000 millóns de euros de fondos europeos ata o ano 2020. E Galicia tampouco precisa dirixir os novos recursos sen criterio porque estamos marcando as prioridades no Plan estratéxico da nosa economía 2015-2020, e estámolos facendo mediante un traballo de diálogo cos cidadáns.

Señorías, nada disto é preciso porque, aínda que non sempre soubemos facernos entender, a responsabilidade coa que actuamos evitouno. É froito desa política responsable pola que hoxe podo anunciarlles que o incremento presupostario de 2016 se vai destinar en exclusiva a que os galegos e galegas perciban a recuperación directamente nos seus fogares, e procurando facelo de forma equitativa. *(Aplausos.)* Vaise destinar, en primeiro lugar, ao apoio das persoas que máis o

precisan; vaise destinar aos traballadores e familias que se esforzaron en apoiar as galegas e os galegos que non precisaban de nós; vaise destinar a que Galicia sexa o lugar que máis se preocupe das necesidades dos nenos e das nenas; vaise destinar á maior rebaixa de impostos que nunca adoptara a Facenda galega nun único presuposto.

Señorías, ese é o noso compromiso, e iso é o que imos facer. A recuperación das contas públicas destinarase á recuperación dos cidadáns, e comezando, loxicamente, polos máis vulnerables. *(Aplausos.)*

Señorías, o compromiso coas persoas que teñen máis dificultades é un mandato dos galegos sempre. Basta con recordar a contribución dos nosos emigrantes e o apoio que agora nós lles devolvemos a moitos deles, o exemplo dos cidadáns en situacións como o accidente ferroviario de Santiago, os datos de doazóns e o comportamento cidadán cada vez que dende o Servizo Público de Saúde se pide a súa colaboración ou a resposta dos galegos ante necesidades humanitarias como a dos refuxiados de Siria, que estamos afrontando conxuntamente co resto de España e co resto de Europa. Hai mostras dabondo para poder dicir que Galicia é un pobo comprometido coas persoas que máis o precisan.

Esta pauta de compromiso cos máis vulnerables ten tamén o seu reflexo no Goberno en normativas como a Lei de inclusión e en medidas de todo tipo, no aumento xeral das partidas neste eido –hoxe case un 18 % máis que o presuposto do ano pasado e seguirán medrando no presuposto do 2016–, pero tamén de xeito concreto no maior apoio ás entidades de iniciativa social, que contan cun 80 % máis dos recursos que no inicio da lexislatura; no aumento da partida para a Risga, un 130 % máis que no ano 2009; nas axudas á emerxencia social, que son hoxe case un 50 % máis que no ano 2009; no mantemento do complemento das pensións non contributivas, que só aboan en España tres comunidades autónomas; ou nas axudas que reciben os universitarios que, por causas sobrevidas ou imprevistas, teñan dificultades para continuar os seus estudos.

Son todas elas medidas que en conxunto fan deste que vivimos o momento de maior compromiso social por parte dun goberno autonómico, pero que, lonxe de rematar agora que se rexistra unha mellora económica, imos reforzar, porque, señorías, sabemos que a crise que vivimos durante os últi-

mos anos ten aínda consecuencias moi duras para moitas persoas. Uns quixeron tapar a crise, e a nós non nos vai cegar a realidade da recuperación. *(Aplausos.)* Sabemos que a recuperación que comezamos a ver non se nota aínda en moitos fogares, e, polo tanto, sabemos que temos que seguir ao carón desas persoas que seguen atrapadas no paro ou das que, tendo emprego, tamén presentan carencias moi severas, e máis aínda cando xunto a eles teñen menores dos que facerse cargo.

Esta convicción de que temos que axudalos, señorías, non hai que adornala con palabras, como parece ser a tendencia ultimamente, senón que debe traducirse en feitos. Con ese propósito, en xuño aprobamos o Plan da loita contra a desigualdade económica, que debemos seguir desenvolvendo e ampliando. Unha parte importante das medidas foron deseñadas ao longo dos últimos meses, pero cómpre estar vixiantes, primeiro, para garantir que chegan a todas e cada unha das familias que o precisan e, segundo, para amplialas en todos e cada un dos ámbitos nos que sexa necesario.

Un dos eidos de actuación prioritarios é o que ten que ver cos menores, e neste sentido vai o convenio que temos para facer chegar ás familias que o precisen alimentos para os menores nas vacacións escolares, ou desde este curso tamén á súa disposición axudas de 50 euros por alumno para material escolar, ademais das que viñan existindo para adquisición de libros de texto. Ou recentemente impulsamos un programa pioneiro da loita contra a pobreza para menores de 18 anos.

Os desafuzamentos derivados da falta de ingresos son outro ámbito especialmente delicado, primeiro tentando evitar que os desaloxos se produzan, e así ampliamos as prestacións nos programas Reconduce e Realoxa ás familias e ás persoas en risco de desafuzamento por falta de pagamento de alugueiro. Logramos que distintas entidades financeiras se comprometan e que neste tipo de casos as familias poidan permanecer preferentemente na vivenda, así como poñer á nosa disposición vivendas baleiras. Iniciamos os trámites para crear un censo de inmobles que ofrecer cando o desaloxo se teña que facer efectivo, e aprobamos o bono de alugueiro social, con axudas de 150 euros cada mes.

En definitiva, tomamos as medidas necesarias para despexar o risco de que se poida deixar unha familia galega sen casa por motivos económicos. *(Aplausos.)* Estes dous ámbitos, a

atención aos menores e a garantía dunha vivenda, son probablemente os máis importantes polo seu impacto pero non son os únicos. A nosa vontade é, na medida en que sexamos capaces, detectalos todos.

Cada decisión debe nacer co compromiso de que cando un galego teña problemas acuciantes poidamos darlle respostas axeitadas. Neste compromiso está a Xunta, están moitas entidades de iniciativa social, coas que traballamos, e que fan un extraordinario labor, e queremos que estean tamén os municipios e as deputacións.

Por iso nas próximas semanas convocaremos as entidades locais a unha reunión para trazar un protocolo coordinado e para que se sumen ás novas medidas, como poñer en marcha un programa para evitar os cortes de luz por impago ás familias galegas máis vulnerables, asumindo o custo de dúas mensualidades da tarifa; seguir axilizando a tramitación da Risga para garantirlles aos beneficiarios que unha vez que o seu expediente estea na Xunta de Galicia a lista de espera sexa practicamente cero; igualmente, facilitar a maior autonomía daqueles que teñen dificultades, poñendo á súa disposición por primeira vez o material de apoio á mobilidade que precisan a través dun servizo público, por exemplo, andadores, cadeiras de rodas ou camas articuladas; e, así mesmo, que familias con baixos salarios reciban tamén bonificacións do gasto de medicamentos equivalentes ás que xa recoñece a lei para parados sen prestacións ou para os perceptores da Risga. *(Aplausos.)*

Acometer os problemas máis urxentes das persoas en situación de exclusión social é unha obriga ineludible, sen dúbida, pero non é a solución última do problema, nin moito menos. A mellor forma de inclusión é o emprego. Non cabe dúbida de que neste extremo a situación é mellor que o pasado ano e é mellor que cando comezamos a lexislatura. A baixada do desemprego non é un feito illado, é unha tendencia consolidada durante 23 meses consecutivos. Hoxe hai 22.466 parados menos que hai un ano e 63.050 parados menos que cando comezou a lexislatura. A suba de afiliación á Seguridade Social tampouco é un feito illado, é unha tendencia que empeza a consolidarse nos últimos dezaioito meses. Hoxe hai preto de 21.000 persoas máis cotizando en Galicia das que había o pasado ano nestas datas. Esa suba de afiliación comeza a notarse tamén entre os máis novos. No que levamos de ano incrementouse nun 7 % o número de afi-

liados menores de 30 anos, máis do dobre que na media de España.

Todos eles son datos esperanzadores, pero insuficientes. Insuficientes para as 215.737 persoas que seguen no paro; insuficientes para os mozos desempregados e os parados de longa duración; insuficientes para os cidadáns que desexan consolidar a súa pequena empresa ou emprender unha actividade como saída laboral pero que aínda senten moitas dificultades para facelo. Son insuficientes para todos eles, e, en consecuencia, son insuficientes para nós.

Señorías, para que sexa realmente efectiva unha recuperación para todos debemos seguir facendo fincapé nos colectivos que máis dificultades están a ter para sumarse a ela. Gustárame referirme, en primeiro lugar, aos mozos e aos parados de longa duración, dous colectivos que sufriron e sofren a dureza dos efectos da crise e nos que por iso concentramos boa parte dos nosos esforzos. En ambos os dous casos agradezo aos axentes sociais que pactasen con nós as iniciativas e as medidas a tal fin. *(Aplausos.)* Para os mozos confirmolles que daremos continuidade ao Plan de emprego xuvenil, cuxas liñas de actuación beneficiaron a 48.000 mozos no ano 2014, ano no que, por certo, Galicia se converteu na comunidade na que máis baixou o desemprego entre menores de 30 anos.

O paro neste colectivo segue a ser, con todo, inasumible, e por iso temos a decisión de afondar nos procesos de atención personalizada, que orienten os mozos á mellor saída laboral. Impulsar e ampliar a formación dual, para abrir así novas oportunidades de acceso ao mercado laboral. Continuar co programa en incentivos á contratación de mozos, cuxas axudas ascenden a entre 7.000 e 8.200 euros en cada caso. Ou seguir subvencionando durante un ano a afiliación á Seguridade Social dos menores de 30 anos que se establezan como autónomos. Igualmente, tamén ampliaremos o próximo ano o plan en vigor para parados de longa duración e con cargas familiares. Malia que desta situación saíron no último ano un total de 8.400 persoas, continúa a ser necesario que traballemos polas que aínda seguen nela. Así, seguirán a ser colectivo prioritario dos programas de cooperación con entidades sen ánimo de lucro, ou reforzase a oferta formativa que se está a desenvolver ao abeiro desta iniciativa.

Señorías, hai galegos con traballo ou en busca del que –como se ve– son máis vulnerables. Pero tamén existen

empregadores que precisan dunha atención especial pola nosa parte. Estou a pensar en autónomos, en pemes, en comerciantes, en cooperativas, que cargaron sobre os seus ombros un peso importante da crise e aos que debemos dar tamén o protagonismo que merecen na recuperación.

Á súa disposición puxemos, ao longo dos últimos anos, facilidades de toda clase. Por exemplo, dende o ano 2013 estendemos ao segundo e ao terceiro traballador as axudas para a contratación indefinida por parte de autónomos. Dos 3.000 avais, préstamos e axudas directas que concedemos nesta lexislatura, o 99 % dos 3.000 avais foron á pequena e mediana empresa. Só no último ano apoiamos máis de 1.100 proxectos; é dicir, tres proxectos cada día.

Incluímos na Lei de emprendemento un total de cinco deducións fiscais que abaratasen a actividade económica. Tamén ao abeiro desta normativa simplificamos a posibilidade de abrir un negocio. A eliminación con carácter xeral da licenza previa é, sen dúbida, un expoñente desta decisión.

Temos prevista a redución a 300 euros do capital mínimo para crear unha nova cooperativa, que é un dos aspectos máis novidosos do proxecto de Lei de economía social que remitiremos á Cámara. Ou temos xa en marcha o Programa Capacita, dirixido a mellorar a formación e a capacitación de 10.000 emprendedores, chegando a 4.000 empresas.

En definitiva, facilidades económicas e facilidades administrativas nas que seguiremos afondando no que resta de lexislatura, cun salto cualitativo básico que nos permite o novo contexto e que decidimos aproveitar na recente renovación do Goberno.

Ligar a política laboral á promoción económica e industrial é unha oportunidade para que sigamos falando cada vez máis de emprego e cada vez menos de paro. Esa é a nosa ambición, e con ese obxectivo seguiremos traballando. *(Aplausos.)*

Señorías, podemos marcar o obxectivo dunha recuperación inclusiva para todos porque a buscamos entre todos, loitando conxuntamente ante a crise para que ningún quede excluído. Os galegos apoiámonos uns nos outros para poder chegar ata aquí. Moitas galegas e galegos tiveron que axustar a súa chegada a fin de mes para que outros puidesen ter

algunha perspectiva de poder comezalo. Nesta liña, este goberno tivo que adoptar medidas difíciles e tamén pospoñer outras. Agora que nos situamos nun contexto de mellora, convén non esquecer que os sacrificios de moitos traballadores evitaron un empeoramento aínda maior. Nalgúns casos xa comezamos a telo en conta, e así seguirá sendo en todos eles a medida que a mellora económica nolo siga permitindo.

Así, no caso dos empregados públicos comezamos a aplicar nas últimas ofertas de emprego un aumento do 50 % da taxa de reposición para os servizos públicos, que o Estado incluíu por petición de Galicia.

Ademais, este mes de outubro faremos efectiva a devolución doutro 25 % da paga extra correspondente ao ano 2012, que se suma ao 25 % xa aboado, e ao que seguirá o 50 % restante, que se fará efectivo no ano 2016. Tamén lles avanzo que abordaremos coa Mesa sectorial un mecanismo para que os concursos de traslados sexan máis áxiles, máis sinxelos e con maior periodicidade.

O esforzo dos traballadores non só serviu ao conxunto do pobo de Galicia, non só serviu para despexar o futuro común, senón que tamén serve para que hoxe esteamos en condicións de que eles se poidan beneficiar máis directamente del, e con eles as persoas, que son as que nos importan. *(Aplausos.)*

O esforzo das familias galegas non é en balde. Nin o foi ao longo desta crise nin o pode ser ao longo das súas vidas. É tempo de recoller os froitos. Por iso, quero anunciarlles que nos orzamentos de 2016 concretaremos a maior baixada fiscal, en coherencia coa política fiscal que defendemos e en coherencia coa política fiscal que merecen os galegos despois destes anos.

A este respecto, saben que durante a crise mantivemos distintas rebaixas selectivas en eidos que consideramos estratégicos: a demografía, a innovación, as enerxías renovables, o rural, a vivenda ou o sector do transporte, que dende o 1 de xaneiro está exento –como saben– do imposto especial sobre hidrocarburos.

Señorías, en total, case 190 millóns de euros de exencións fiscais dende 2009 ata 2015. É unha cantidade importante e

en ámbitos importantes, pero sempre tivemos a aspiración de poder completala ata alcanzar unha política fiscal máis xusta para todos os contribuíntes, e agora podemos comezar a sástifacela.

Así, en 2016, ademais de afondar en rebaixas de impostos sectoriais, ás que me referirei máis adiante na miña intervención, anúnciolles que reduciremos o imposto da renda das persoas físicas aos contribuíntes galegos, de xeito que Galicia se situará entre as comunidades con menor imposto da renda autonómico de España para as rendas medias e baixas. Igualmente, o 99 % dos galegos non pagarán o imposto de sucesións nin o imposto de doazóns cando herden como fillos, como pais, como avós, como netos ou cónxuxes, e o 1 % restante pagará menos. *(Aplausos.)* Isto é así, señorías, porque en herdanzas deste tipo quedarán exentos deste imposto os primeiros 400.000 euros, e só se tributará a partir desta cifra; é dicir, o 99 % dos galegos non pagará o imposto de sucesións nin o imposto de doazóns.

En definitiva, unha baixada de impostos sen precedentes, en beneficio de todos os galegos, que non sería posible sen un esforzo sen precedentes de todos os galegos. Dos traballadores públicos, aos que xustamente nos propoñemos agora corresponder. Do Goberno, logrando máis recursos ao abeiro da loita contra a fraude fiscal, que, por exemplo, en 2014 permitiu 181 millóns de euros a maiores, un 20 % máis que no ano anterior. E, sobre todo, sobre todo, do conxunto das familias galegas, que foron na crise as que nos marcaron as prioridades e que serán agora, na recuperación, as que o seguirán facendo *(Aplausos.)*

Porque, señorías, este goberno trata de que as súas prioridades coincidan coas do pobo que ten a honra de representar. Por iso a nosa prioridade é o emprego, por iso a nosa prioridade é que as galegas e galegos poidan chegar a fin de mes, e por iso a prioridade da nosa política social son as persoas, e primeiro as nenas e os nenos.

Nada é máis importante para unha nai ou un pai que os seus fillos; tamén o ten que ser para este goberno. As nais e os pais preocupáanse polo porvir dos seus fillos e traballan cada día para poder proporcionarlles o mellor posible. Queremos contribuír a iso coa redución do imposto de sucesións e doazóns, pero tamén poñendo os nosos esforzos en deixar a

quen nos han de suceder unha terra en mellores condicións que a que herdamos.

As nais e pais preocupápanse polo seu porvir, mais antes dedican todo o seu tempo –no traballo e na casa– para poderlles dar aos seus fillos a mellor das infancias, e queremos estar ao seu carón na maior responsabilidade das súas vidas. Debemos facelo porque supón asegurar o futuro do país. Porque como Goberno debemos loitar contra un problema estrutural que vén de décadas atrás, como é o da crise demográfica. Pero, sobre todo, debemos facelo porque as políticas dos gobernos teñen que estar a carón dos seus cidadáns no que máis lles importa.

Temos a ambición de que Galicia se sitúe entre os lugares con maiores atencións públicas sanitarias e sociais á infancia, e non só en España, senón tamén chegar a poder equipararnos cos lugares avanzados en Europa. Ese é un dos principais obxectivos que lles marquei aos novos conselleiros de Política Social e Sanidade, e que están a abordar conxuntamente.

Non só queremos que en Galicia se dean maiores prestacións para que nazan nenos, senón que eses galegos que nazan teñan as maiores prestacións para desenvolverse. Facer deste país un lugar mellor para ter fillos, pero, sobre todo, o mellor lugar posible para ser neno ou nena. Ese é o noso obxectivo, señorías, unha meta ambiciosa, tanto como a determinación de que a nosa terra teña futuro. *(Aplausos.)*

Unha meta ambiciosa, aínda que non é unha meta nova. Queremos redobrar esforzos no apoio á infancia en coherencia coas diferentes decisións que fomos adoptando ao longo destes anos. Así, no eido sanitario Galicia iniciou a vacinación infantil antipneumocócica, que finalmente se estendeu ao resto de España. Defendemos a vacinación contra a varicela antes dos tres anos, *(Murmurios.)* e o ministerio accedeu a incluíla no calendario nacional. Nas farmacias xa se pode adquirir a nova vacina contra o meningococo B, tal e como insistiu esta comunidade autónoma; e teremos sempre un calendario vacinal infantil ao máximo das posibilidades legais e orzamentarias. A isto sumamos plans sanitarios concretos como o da prevención da obesidade infantil, que levamos desenvolvendo dende marzo do 2014; e o da proba de cribado de recém nacidos, que é a máis completa de toda España.

No eido social, Galicia xa é, co desenvolvemento do Plan demográfico, a comunidade con máis axudas á natalidade. Así, as nais e pais galegos non teñen que pagar as garderías a partir do segundo fillo, e moitas outras non teñen que pagar nada se as súas condicións económicas non llelo permiten.

Dispoñemos de máis de 20.500 prazas de escolas infantís sostidas con fondos públicos, de xeito que hoxe ofrecen cobertura a 1 de cada 3 cativos, cumprindo por primeira vez Galicia a ratio recomendada pola Unión Europea.

Teñen novos métodos de conciliación, como as casas-niño no rural, ou o servizo de axuda no fogar para a infancia. Deducen da súa declaración da renda –no caso das rendas máis baixas– 360 euros polo primeiro fillo, 1.200 euros polo segundo, e 2.400 polo terceiro. Teñen prioridade á hora de solicitar as axudas ao alugueiro ou á adquisición dunha vivenda cando vaian ser pais, aínda antes de que naza o seu fillo ou filla. No caso das familias numerosas galegas, teñen bonificacións adicionais, por exemplo, no prezo do transporte metropolitano. E xa lles adianto que seguiremos adoptando medidas nesta liña.

Así, continuaremos apostando na Xunta pola flexibilidade laboral, que xa beneficia a máis de 7.700 empregados públicos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Quere-mos que a Administración sexa a primeira en dar exemplo da conciliación da vida familiar e laboral, que convén trasladar tamén ás empresas privadas. E deberíamos de facer unha proposta conxunta sobre os horarios laborais actuais.

Ademais, en consonancia cos países máis avanzados no apoio á infancia, en primeiro lugar, ampliaremos o bono gardería, para que todos os pais e nais que queiran levar os seus fillos a unha escola infantil, e non teñan praza nunha gardería da Xunta, reciban unha axuda.

En segundo lugar, crearemos o bono coidador no rural. É dicir, apoiaremos as familias tamén naqueles casos onde non exista unha escola infantil na que poidan deixar os seus fillos *(Murmurios.)*

En terceiro lugar, ademais de favorecer a conciliación, tamén queremos contribuír a afrontar os gastos básicos que supón o nacemento dun fillo: alimentación, pañais, mudas, medicamentos. E farémolo con axudas directas de 100 euros

ao mes para cada neno que naza a partir do 1 de xaneiro. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Estableceranse, por suposto, en función da renda per cápita familiar, de tal xeito que esta axuda de 100 euros mensuais poida chegar, aproximadamente, ao 80 % das familias galegas.

Señorías, cando na miña intervención como presidente dun debate sobre o estado da Autonomía dediquei boa parte do meu tempo a tratar este asunto, boa parte da oposición tentou ridiculizalo con tópicos que non comparto. Hoxe a crise demográfica en Galicia é algo do que xa estamos todos concienciados e que xa nos preocupa a todos. Pois ben, do mesmo xeito que todos debemos ser conscientes da importancia deste problema estrutural, somos conscientes de que ningunha muller nin home terán fillos por patriotismo, pensando no futuro do país, ou porque os seus representantes públicos o teñan entre os seus obxectivos. Pero, iso si, todas esas mulleres e homes que decidan dar o paso de telos, si poden estar seguros de que, se hai un goberno que os poida apoiar a eles e, por riba de calquera outra cousa, aos seus fillos, será este goberno. (*Aplausos.*)

A crise demográfica vén de moi atrás, e atallala é un obxectivo que non acadaremos nun curto prazo. Co tempo compararemos nas estatísticas se o acadamos, pero o que si poderemos comparar a curto prazo é que aquí se apoia os fillos máis que nunca antes, e imos poñer todo da nosa parte, máis que en ningures. Porque, señorías, o proceso de recuperación sería incompleto e, por tanto, inútil, se non se acompaña dos cambios necesarios para adaptarnos á Galicia do futuro e, por tanto, tamén aos servizos públicos do futuro, ao territorio do futuro e á economía do futuro.

Señorías, hoxe temos uns bos servizos públicos. A miúdo se cuestionan, e moitas veces cunha crueza que non merecen nin os profesionais que os defenden cada día co seu traballo nin os cidadáns que os sosteñen cos seus impostos. Por iso me gustaría compartir con vostedes os tres motivos polos que se pode repetir, cantas veces queiramos, esta afirmación: temos uns bos servizos públicos.

Ao primeiro xa aludín. A profesionalidade das miles de persoas que traballan na educación pública, na sanidade pública e nos servizos sociais públicos son a a súa principal garantía. A segunda razón é o que conseguimos entre todos nos últimos anos. Hoxe podemos dicir que fomos quen de

asegurar a viabilidade do Estado do benestar para, deste xeito, poder agora continuar mellorando as prestacións sociais e adaptándoas ás necesidades do futuro. Velaí o terceiro motivo. Se se pode dicir que temos uns bos servizos públicos é tamén porque somos conscientes –eu, dende logo, o son, como a maioría dos galegos– de que nin son perfectos nin tampouco son inmutables.

Do mesmo xeito que os galegos non queren ter a mesma educación, a mesma sanidade e os mesmos servizos sociais que hai dez anos, tampouco nós podemos conformarnos e temos que traballar pola educación, pola sanidade e polos servizos públicos que haberá dentro de unha, de dúas ou tres décadas. O que lles proponho, por tanto, é adaptarnos, como o fan o conxunto dos galegos, e deseñar conxuntamente a folla de ruta que asegure os nosos servizos públicos para o futuro.

Pode que algún de vostedes pense que estreitar lazos entre o Goberno e a oposición non está de moda. En cambio, eu penso que o rompedor, o verdadeiramente rompedor, sería que hoxe saísemos deste hemicielo co compromiso de trazar xuntos algo do que lles importa aos cidadáns, (*Aplausos.*) e o futuro dos servizos públicos sería, sen dúbida, un bo comezo. (*Aplausos.*)

Señorías, a experiencia dos últimos anos demostra que hai marxe para continuar facendo os servizos públicos máis eficientes sen afectar as prestacións que reciben os cidadáns. Comezando, por suposto, polo día a día da Administración, onde a busca de ineficiencias é xa un comportamento consolidado nun interminable listado de medidas que creo que temos que agradecerlle á crise e que, dende logo, debemos continuar sempre.

Pero tamén no funcionamento dos propios servizos públicos se tomaron decisións neste sentido. O incremento do consumo de medicamentos xenéricos –do 10 % en 2009 a máis do 43 % actualmente–, a compra centralizada de medicamentos –cun aforro tan só nesta partida de 43 millóns de euros–, ou a posta en marcha da Plataforma Loxística do Sergas, son algúns dos máximos expoñentes neste sentido.

O exercicio dunha maior eficiencia fixémoslo con notable intensidade nos últimos anos, e o meu compromiso é continuo sempre que sexa posible, porque a viabilidade dos ser-

vizos públicos é, tanto en tempos de crise como en tempos de bonanza, a primeira clave para poder falar da súa continuidade. Porque ese é o obxectivo final: ser capaces de que a educación pública, a sanidade pública e os servizos sociais públicos dean resposta a cidadáns que viven nun mundo que xa non é como o de antes.

Señorías, no eido da educación pública penso que temos un gran camiño andado no triplo obxectivo de garantir que o seu acceso estea ao alcance de todos, que sexa trilingüe e que mire ao futuro, empregando para iso as ferramentas do futuro. Así o corrobora o Informe PISA, para o que Galicia é a comunidade cun sistema educativo máis equitativo, por diante de case todos os países da OCDE. Igualmente, tamén destaca que a taxa de abandono escolar está hoxe no 18,8 %, a máis baixa da serie histórica, por debaixo da media nacional, e sete puntos menos da taxa de abandono escolar que había en 2009.

O que lles propoño é, por tanto, afondar nun camiño que se está demostrando útil. Útil, primeiro, para consolidar un modelo educativo que non exclúa a ninguén; que garanta axudas para libros de texto –no último curso houbo máis de 90.000 familias beneficiadas– e para material escolar –que chegaron a máis de 81.000 familias; que garanta o acceso ao comedor –hoxe hai 72.000 prazas sostidas con fondos públicos de comedores escolares, un 23 % máis das que había no ano 2009; que garanta o transporte escolar, con máis rutas que en ningún outro lugar de España e á disposición de máis de 93.000 rapaces ou rapazas; que garanta as mellores infraestruturas –desde o 2009 investimos máis de 74 millóns para adecuar medio centenar de colexios ou institutos; que garanta unha maior oferta no caso da formación profesional, que hoxe ten un 50 % máis de prazas que no ano 2009, máis de 100 ciclos de nova creación e novas posibilidades para a formación profesional a distancia. Ou que garanta, no caso das universidades, as taxas máis baixas de toda España; un compromiso que manteño e que non abandonarei namentres sexa presidente. *(Aplausos.)*

Señorías, cremos que a educación pública ten que ser de acceso universal, pero tamén aspiramos a que siga modernizándose. Por iso lles comunico que lle encargamos ao conselleiro desta materia a elaboración dun plan que trace os instrumentos e os prazos necesarios para cumprir a dobre ambición que nos marcamos no 2009.

Por un lado, a ambición de que todos os nenos galegos reciban as súas clases en galego, en castelán e en inglés. Hoxe, 90.000 rapaces –4 de cada 10– xa reciben esta educación trilingüe, e a nosa vocación é chegar ao cen por cento e iniciar tamén os estudos necesarios para abrir este proceso con maior intensidade nas universidades.

Por outro, a ambición de dixitalizar completamente as nosas escolas. Contamos para iso co Programa Abalar –que xa beneficia a 52.000 alumnos hoxe–, así como coa Plataforma de Contidos Dixitais, que este ano xa permite acceso gratuíto a contidos curriculares en liña a máis de 6.000 rapaces ou rapazas.

Mellor acceso, máis idiomas e máis tecnoloxía, esas son as tres patas que sustentan a transformación que está a vivir a educación pública, na que –como lles digo– queremos afondar con máis intensidade, e que compartimos con todos os docentes que, día a día, dan o mellor de si mesmos para que outros poidan facer o mesmo no futuro.

Reforzar o labor e a autoridade do docente. Esta foi unha preocupación nos últimos anos, e seguirao a ser, para manter a nosa comunidade como a que ten máis profesores por alumno de toda España; para seguir reforzando a autonomía dos centros a través dos contratos-programa; para darlles máis instrumentos que aseguren a mellor convivencia nos centros, como fixemos a través da Lei de convivencia; ou para permitirlles que dediquen a totalidade, ou a práctica totalidade, do seu tempo ao ensino. E nese senso, anuncio-lles que imos promover a progresiva creación de prazas de auxiliares administrativos nos centros, comezando por aqueles que teñan máis de 400 alumnos nunha primeira fase, atendendo así unha demanda de máis de dúas décadas dos equipos directivos. *(Aplausos.)*

Señorías, é a nosa obriga corresponder ao gran esforzo que fan os docentes en todos os niveis educativos, e permítanme que a este respecto faga unha referencia expresa ao Sistema universitario galego; é dicir, ás universidades galegas.

A súa responsabilidade é visible en moitos aspectos, tanto na simplificación da estrutura do Plan de financiamento universitario en vigor como na aposta polo financiamento baseado nos resultados. Ambos os criterios volverán marcar a proposta económica para os vindeiros anos que xa onte acorda-

mos cos reitores, e que garantirán case un 18 % máis de recursos ata o ano 2020, asegurando deste xeito a súa viabilidade de acordo coa mellora económica.

Quero agradecer explicitamente a toda a comunidade universitaria o proceso de modernización e de compromiso iniciado. Era imprescindible acometelo, pero fixémoslo, como se reflicte en múltiples exemplos. A adaptación dos títulos ao novo marco europeo, a adecuación da oferta de máster á realidade actual, ou o recente acordo para a impartición da docencia de Medicina son probas de que os responsables da universidade actual están sendo consecuentes co que se agarda deles neste momento. *(Aplausos.)*

Este último acordo, histórico, pecha dezasete anos de debate e supón a primeira pedra do sistema sanitario que queremos construír cara ao futuro. Un sistema sanitario no que os profesionais que se retiran atopen continuidade nas novas xeracións. Máis de 4.700 prazas convocadas en ofertas públicas de emprego ilustran o que avanzamos neste camiño a pesar das exixencias legais. Pero tamén un sistema sanitario cunha organización e uns medios que o preparen para os retos que se nos presentan por diante. Porque, señorías, como no resto dos servizos públicos, sería unha equivocación renunciar a mellorar a sanidade pública.

Desde logo, a Xunta non se conforma con que case oito de cada dez galegos pensen que o noso sistema sanitario funciona ben ou bastante ben; máis de 10 puntos por riba da media estatal. E non o fai, entre outros motivos, porque os últimos anos son a proba de que sempre se pode mellorar.

Hoxe os galegos teñen por lei máis dereitos dos que dispoñían antes, como o dereito á segunda opinión médica, o dereito á libre elección de médico ou o dereito a centro hospitalario.

Hoxe realízanse 188.000 intervencións ao ano nos hospitais galegos, 20.000 operacións máis das que se realizaban no 2009; é dicir, máis intervencións cirúrxicas que nunca na historia do Sergas.

Hoxe temos un rendemento cirúrxico maior, que xa supera o 75 % e medra a un ritmo dun punto cada ano desde o ano 2009.

Hoxe os pacientes con patoloxías moi graves agardan menos de 17 días de media para unha operación; menos de 51 os que teñen patoloxías graves, e o tempo medio de espera xeral reduciuse en 19 días nos últimos seis anos.

Hoxe, tal e como comprometín o pasado ano neste mesmo debate, 5 de cada 10 galegos teñen un hospital público ou centro de saúde novo ou reformado na súa área sanitaria; e en 2016 esta cifra elevarase a 7 de cada 10 galegos; *(Aplausos.)* é dicir, o 70 % da poboación galega. *(Aplausos.)*

Calquera destes exemplos demostran que a sanidade pública que atopamos en 2009 tiña marxe para mellorar e que a melloramos. Do mesmo xeito, hoxe asumimos que segue habendo marxe e que debemos seguir traballando. Neste senso, anúnciollles que antes de que remate o ano presentaremos a Estratexia do Servizo Galego de Saúde de cara ao 2020, cos principais retos que o Goberno galego *(Murmurios.)* asumirá xunto cos máis de 36.000 profesionais que traballan na sanidade nos 14 complexos hospitalarios públicos, nos 480 centros de saúde e nos 90 puntos de atención continuada cos que conta o Sergas, e que poderían resumirse en tres compromisos.

Primeiramente, o reto de completar a modernización das infraestruturas, que está avanzada nunha altísima porcentaxe pero que cómpre pechar ao cen por cento. Nese caso, antes de que remate o ano iniciaremos os trámites para aprobar o Plan director do hospital público de Ferrol, iniciando xa en 2016 a súa reforma integral, comezando polas plantas de hospitalización. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Completaremos as obras do novo bloque cirúrxico do hospital público da Coruña. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Remataremos as ampliacións en marcha do hospital público de Ourense e a do hospital público do Salnés, e iniciaremos –xa están licitadas– as obras de ampliación do hospital público da Mariña.

E todo iso farémolo como o fixemos para equipar e poñer en servizo o novo hospital público de Lugo, que, por certo,

antes de que remate este 2015 terá xa dispoñibles os equipos de radioterapia e medicina nuclear. (*Aplausos.*) E todo isto, señorías, farémolo como construímos, abrindo un novo hospital público en Vigo, (*Murmurios.*) a principal infraestrutura sanitaria feita en España nos últimos anos. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señorías, negar o novo hospital público de Vigo, negar que ten unha superficie tres veces a do antigo hospital, (*Murmurios.*) negar que ten máis e mellores unidades de radiodiagnose, negar que ten tecnoloxía máis punteira ou negar que ten o 70 % das habitacións con camas individuais, por poñerlles algúns exemplos, non é defender a sanidade pública honestamente. Iso non significa que se poida constatar que todo traslado leva apareladas molestias, molestias que debemos de constatar..., (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e que non todo se fixo ben neste proceso. E por iso eu así o fago, con toda humildade, do que se puido mellorar e que melloraremos, pero tamén con todo orgullo de poder dicir que en plena crise fomos quen de facer un hospital público na área de Vigo que non se fixo durante toda a bonanza económica. (*Aplausos.*)

Señorías, o segundo gran reto da sanidade é continuar coa incorporación das novas tecnoloxías, que están transformando, e están chamadas a seguir facéndoo, desde a xestión da nosa sanidade pública ata a formación dos nosos profesionais e o xeito no que estes se relacionan cos cidadáns, que son os usuarios do sistema. Hoxe Galicia xa é unha referencia neste sentido, a historia clínica ou a receita electrónica son xa unha realidade para o cen por cento dos galegos. Ademais, neste 2015 finalizaremos os grandes proxectos innovadores que se están a impulsar no marco de Hospital 2050 e de Innova Saúde, que conxuntamente supoñen un investimento de 100 millóns de euros.

É precisamente a tecnoloxía un dos piares do terceiro reto sanitario para os próximos anos; na miña opinión, dos máis importantes. Refírome á necesidade de adiantarnos para buscar solucións ás futuras doenzas e aos futuros pacientes de

atención sanitaria. A sanidade pública de hoxe ten que prepararse para coñecer con antelación os riscos aos que ha de enfrontarse hoxe, pero tamén sobre todo aos que ha de enfrontarse mañá, e por iso se levou a cabo un proceso de estratificación poboacional que permitiu identificar o estado de saúde de cada un dos case dous millóns e medio de galegos maiores de 14 anos.

A sanidade pública de hoxe ten que prepararse para as doenzas que son máis comúns hoxe pero tamén para as de mañá. E, neste caso, ademais de seguir deseñando accións específicas para os pacientes crónicos –hai preto de 800.000 galegos con doenzas crónicas hoxe en Galicia–, tamén se está avanzando para previr os cancros máis habituais, como o de mama, cun programa moi consolidado, ou o de colon, cuxo programa de detección precoz comezamos en Ferrol e imos estender progresivamente ao conxunto do Sergas.

A sanidade pública de hoxe, señorías, tamén ten que prepararse para dar un servizo de calidade hoxe pero tamén mañá. E, neste senso, o noso compromiso é seguir buscando alternativas para reforzar a capacidade de resolución da atención primaria, que hoxe realiza 1,4 millóns de consultas asistenciais máis cada ano, e abrir con máis intensidade o hospital cara á atención domiciliaria, que creceu dende o ano 2009 un 32 %; e, posto que cada vez está sendo máis demandada polos galegos, debemos ser capaces de poder darlles resposta. (*Aplausos.*)

Señorías, este último obxectivo require un elevado grao de coordinación co sistema de servizos sociais públicos, xa que en boa medida vén derivado do avellentamento da poboación. E tamén neste punto hai xa pasos dados importantes. Neste sentido, antes de que remate este 2015, entrará en vigor a historia social única, que integrará toda a información social dos galegos e que supón o paso previo á imprescindible para a implantación da futura historia sociosanitaria; sen dúbida, un antes e un despois na atención, especialmente dos nosos maiores. Trátase, non cabe dúbida, dun dos proxectos máis importantes que temos por diante no ámbito dos servizos sociais, mais sen esquecer o pulo dado noutros aspectos que imos continuar: continuar abrindo prazas públicas de residencias de centros de día e para persoas con Alzheimer ou discapacidade, que xa incrementamos un 27 % dende o ano 2009; continuar afondando nunha atención máis flexible, como garante a carteira de servizos sociais ao con-

figurar os recursos por separado en lugar de facelo por cento; reforzando as axudas para as persoas con discapacidade, como fixemos aprobando unha lei específica para este colectivo, ou cun novo modelo de transporte adaptado que duplicou o número de usuarios; ou continuar mellorando a atención aos dependentes, que hoxe xa somos a segunda comunidade en servizos para este colectivo e imos seguir; o próximo ano incluiremos no sistema 10.000 novos dependentes. *(Aplausos.)*

Señorías, as apostas polos servizos públicos que demostramos durante a crise e que mantemos agora que se inicia a recuperación é a bandeira que máis me enorgullece enarbolar cando saio fóra de Galicia. Cando iso ocorre sintome voceiro dunha terra que quere ser unha nacionalidade histórica, si, pero sobre todo un país de futuro e con futuro. E non porque se conforme con brasóns, senón porque se dispón a seguir fortalecendo lazos en lugar de rompelos para ser máis forte.

Esta tendencia a tender pontes prodúcese cara a fóra, como logo tratarei de poñer de manifesto, pero tamén cara a dentro. E a nosa obriga como Goberno é contribuír a iso desde todos os eidos en que é posible facer unha Galicia máis vertebrada e, así, máis unida.

Un destes ámbitos é o que ten que ver coas tecnoloxías, probablemente un dos que máis atención e máis recursos ten recibido por parte da Xunta nos últimos anos. A súa importancia é incuestionable para todos nós, e eu celebro que este Parlamento así o puxera tamén de relevo cando aprobou a Lei de telecomunicacións, que obriga a ter en conta a extensión da tecnoloxía en cada proxecto. Pero máis alá da consideración legal que lle deamos, o fundamental é seguir garantindo o seu acceso a todos os galegos. Hoxe 786.000 cidadáns galegos que non tiñan posibilidade de internet no ano 2009 están conectados á banda larga. É un logro indubidable pero que cómpre continuar, conscientes de que non só pode medirse en cantidade, senón que ten que medirse na calidade do acceso. Con este obxectivo está aprobado o Plan de banda larga 2020, a través do cal asumimos cos galegos dous compromisos fundamentais. O primeiro é a cobertura de banda larga de, cando menos, 30 megas para a totalidade da poboación; e por riba dos 100 megas para os núcleos de máis de 500 habitantes, ou, o que é o mesmo, para o 60 % dos galegos.

Señorías, a vertebración tecnolóxica débemola seguir completando coa que garanten as infraestruturas viarias e ferroviarias. Neste último ámbito, os galegos xa disfrutaban dende abril das vantaxes do AVE do eixe atlántico, que, malia a crise, fomos capaces de completar. E, do mesmo xeito, avanzan as obras para que o AVE á Meseta sexa unha realidade en tempo e forma.

Señorías, gustárame que xuntos puxésemos en valor os avances do AVE, e que xuntos seguísemos fronte a todos os que non queren para a nosa terra o que desde décadas están disfrutando eles.

No que ten que ver coas estradas, temos o compromiso de que ao final desta lexislatura a rede de vías de altas capacidades sexa un 66 % de quilómetros máis extensa da que había no ano 2009. En 2016, 4 de cada 5 galegos atopáronos a menos de 15 minutos dunha vía de alta capacidade. Iso será posible porque tamén este é un obxectivo prioritario que nos marcamos para o que resta de lexislatura, e para o que, de feito, a reforzada Consellería de Infraestruturas contará case cun 8 % máis de recursos que o pasado ano.

Penso que, neste senso, a posta en servizo este ano do corredor Sarria-Monforte, a autovía da Costa da Morte, que avanza cara á súa posta en servizo no verán do ano 2016, así como a autovía do Morrazo, cuxas obras comezarán este mes de outubro, son as actuacións máis importantes, xunto co desenvolvemento polo Goberno central da ampliación da autoestrada do Atlántico, dos tramos que faltan da autovía entre Lugo e Santiago e da circunvalación de Pontevedra, que se inicia; ademais da autovía do Cantábrico, que rematou.

No relativo á mobilidade, gustárame referirme tamén a un ámbito de especial importancia, que na miña opinión ten tres feitos destacados nos próximos anos. Estou a falar do transporte.

Así, creo fundamental que sexamos capaces de completar a posta en marcha do transporte metropolitano na área onde aínda está pendente e nos concellos que poderían sumarse a el. Temos, por iso, a referencia de 65 municipios que xa disfrutaban das bonificacións correspondentes, entre un 30 % e un 70 % de bonificación do billete, e que permitiron un incremento medio dun 20 % do transporte público nas áreas en que está funcionando.

Igualmente, a bonificación de peaxes xoga un papel importante na mellora da mobilidade, un camiño no que temos decidido centrarnos nas autoestradas autonómicas. De feito, as autoestradas do Val Miñor e da Coruña-Arteixo son das máis baratas de España. E este goberno foi o primeiro que puxo en marcha as bonificacións para os usuarios frecuentes.

Pero, sen dúbida, a intermodalidade é o cambio máis importante ao que temos que dar resposta inmediata na nosa opinión. Así, o protocolo de billete combinado tren-bus, xa asinado, permitirá que desde calquera parte de Galicia se poida chegar a unha das terminais aéreas empregando o tren ou o autobús cun só billete e con transbordos e horarios coordinados. Cómpre, por tanto, que tanto a Xunta como o Goberno central e os concellos tamén manteñamos os nosos compromisos coas estacións intermodais, as estacións ferrocarril-bus. Dende logo, a Xunta cumprirá os prazos en cada caso, como espero que cumpramos todos, nas estacións intermodais de Vigo, da Coruña, de Santiago e de Ourense. *(Aplausos.)*

Señorías, todas as formas de intervención sobre o territorio han de acometerse tendo en conta que ese patrimonio común é precisamente o noso principal activo, e han de recoller, por tanto, a necesidade de protexelo e preservalo. Por fortuna, hoxe aceptamos que investir na protección do medio ambiente é tamén investir en futuro, e precisamente con esta idea vimos de reforzar o departamento de medio ambiente con tres obxectivos que me gustaría trasladarlles.

En primeiro lugar, co cometido de completar a aposta feita nos últimos anos polas infraestruturas hidráulicas, máis de 1.000 millóns de euros investidos dende o ano 2009. Máis de 1.000 millóns que permitiron avanzar de forma notable no saneamento das augas de Galicia. Construímos 35 depuradoras que dan servizo a 1,2 millóns de galegos. Só neste ano 2015 xa están impulsadas outras 45 actuacións de abastecemento, de saneamento e depuración, e continuamos igualmente comprometidos co saneamento das rías. Non en van, a través dun investimento de máis de 460 millóns de euros e de acordo entre as administracións construímos as infraestruturas necesarias para sanear a ría de Ferrol, a ría de Vigo, a ría de Arousa e o Burgo, e con carácter inmediato tamén as que son precisas no caso da ría de Pontevedra; o maior pulo dado nunca en Galicia ao saneamento das rías, porque nunca antes se dera, ademais de con palabras, con tantos recursos. *(Aplausos.)*

En segundo lugar, a xestión dos residuos é o segundo ámbito de prioridade da Consellería de Medio Ambiente. Non cabe dúbida de que, como país, avanzamos de forma importante nesta materia. Hoxe elimínanse en vertedoiro 124.000 toneladas menos que en 2011. Pero, sendo isto un mérito de todos, cómpre que continuemos dotándonos de novos instrumentos para mellorar a xestión dos residuos, tanto hoxe como no futuro. E neste senso fomos quen de completar o selado de vertedoiros incontrolados, un fito que logramos o pasado ano 2014. Continuamos coa creación de puntos limpos, que neste 2015 estarán á disposición de case 9 de cada 10 concellos. E, sobre todo, actuamos no eixe central, que é a planta de Sogama, que empregan 295 concellos, para que estea preparada para as necesidades actuais e futuras. Así, ademais da licitación este verán pasado da nova planta, cun investimento de máis de 30 millóns de euros, anúnciollles que o próximo ano tamén abordaremos a construción dunha planta de compostaxe nas instalacións do vertedoiro de Areosa. *(Aplausos.)*

Mais o imprescindible labor de coidado do noso territorio non pode quedar ao abeiro da vontade de cada goberno. Por iso consideramos preciso blindar o desenvolvemento sustentable de Galicia a través dun marco normativo que constitúe o terceiro eixe ao que quería referirme.

Señorías, logo de dotarnos de novos instrumentos para conseqüilo, como o canon eólico ou o canon mineiro; logo de poñer en marcha as primeiras Directrices de ordenación do territorio e o primeiro Plan do litoral de Galicia; logo de dar conxuntamente un pulo á ordenación urbanística dos nosos concellos –dende o ano 2009 duplicouse a poboación que vive nun municipio con plan xeral aprobado–, logo diso, agora todos nós estamos ante a oportunidade de dar o paso definitivo a prol dun urbanismo responsable que faga posible continuar vivindo dos recursos que ofrece este país, sen hipotecar os seus valores ambientais para as xeracións futuras.

Esa é a razón de ser do Proxecto de lei do solo de Galicia, un obxectivo de goberno que procura o triplo obxectivo de ordenación territorial, de desenvolvemento do rural e da protección efectiva da paisaxe.

Ese texto legal, que xa é propiedade desta Cámara, é o resultado do consenso dunha ampla participación pública, no que foron consultados máis de 75 axentes sociais e no que se

aceptaron o 80% das alegacións recibidas. Son cifras que proban que aspiramos a unha lei do solo de país, capaz de perdurar no tempo. E por iso agardo, sinceramente, que ese esforzo de consenso e inclusión atope o seu eco nos escanos deste Parlamento para que a importancia estrutural desta norma pese máis que calquera razón de oportunidade política e poidamos entre todos debater e acordar a mellor lei posible para Galicia. *(Aplausos.)*

Señorías, pídolles colaboración neste punto porque creo sinceramente que na xestión que fagamos no proceso de aprobación e desenvolvemento da Lei do solo está a clave doutro gran reto que temos como país. Vertebrar o noso territorio, protexelo, é en ambos os casos inútil se aceptamos como algo normal que o 93 % dese territorio se vexa como algo secundario para os nosos intereses sociais e económicos. Estou a falarlles, evidentemente, do noso medio rural.

Señorías, a conselleira desta materia dixo na súa recente toma de posesión algo moi certo, que seguramente todos os que estamos aquí compartimos: os galegos amamos o rural. Amamos o rural non só porque Galicia se fixo grande a partir del, non só porque a nosa terra non se poida entender sen a cultura, os costumes e a economía do mundo rural, amámolo tamén porque sabemos que nel radica unha das nosas principais fortalezas como país tamén cara ao futuro.

Repensar o rural é unha tarefa que nos convoca desde hai tempo, que en boa parte abordamos desde o Goberno nos últimos anos, pero que cómpre completar desde unha dobre perspectiva: o rural ten un problema de abandono e o rural ten un problema de avellentamento.

Os últimos anos foron especialmente produtivos para dotarnos dun corpo normativo indicado aos nosos intereses presentes e futuros, que tanto a nivel europeo, coa nova política agraria común, que favoreceu a Galicia en aspectos moi importantes, como a nivel autonómico, especialmente a través da Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia –que, xunto coas leis de mobilidade de terras e de montes, impulsadas na pasada lexislatura–, contribuírá a mellorar a base territorial das explotacións e, polo tanto, a potenciar a súa competitividade.

Igualmente, os últimos anos serviron tamén para poñer de manifesto que o aproveitamento económico do noso rural

non é algo ilusorio. Hai datos que avalan que tamén é un camiño próspero que comeza no rural. Póñolles algúns exemplos: a produción do sector leiteiro creceu un 14 % entre o ano 2010 e o 2015; a produción media por explotación medrou nun 23 % entre o ano 2009 e o 2015; a produción de carne de Tenreira Galega subiu un 21,5 % dende o ano 2009; a facturación conxunta da industria madeireira medrou nun 4,5 % en 2014 e acadou a mellor cifra dende 2008; o valor da produción ecolóxica duplicouse dende o ano 2009; e as exportacións dos nosos viños creceron en máis de seis puntos nos últimos catro anos.

Pero, señorías, do mesmo xeito que somos conscientes das fortalezas e das potencialidades que temos no rural, tamén o temos que ser das súas debilidades. Sacarlles partido ás primeiras e amortiguar as segundas é o principal reto que temos. E contamos para iso con tres instrumentos: por un lado, o Programa de desenvolvemento rural 2014-2020, que supón unha achega de 1.185 millóns de euros que chegarán ao noso agro a través de distintas actuacións. Por outro, o compromiso efectivo de todo o Goberno de reforzar a aposta pola comercialización e transformación dos produtos agrarios, que é unha tendencia consolidada nesta lexislatura –hoxe hai un 40 % máis de recursos para este fin– e que, dende logo, temos que continuar. E, en terceiro lugar –e o que creo que é máis importante–, o compromiso de concretar nos orzamentos do próximo ano 2016 un programa de impostos cero no rural; un programa de impostos cero no rural en todos aqueles tributos que son competencia da Xunta. Así, ás que xa estaban en vigor –ás exencións– engádense: que ningunha transmisión de fincas en solo rústico pague imposto de transmisións patrimoniais; que tamén deixará de tributar a transmisión ou a ampliación de explotacións agrarias e que as agrupacións de fincas rústicas tampouco pagarán o imposto de actos xurídicos documentados. *(Aplausos.)*

Señorías, gustárame que os galegos –e especialmente os mozos– visen nesta aposta reforzada polo rural unha demostración de que nel non hai un modo antigo de vida, senón opcións reais de futuro. A súa incorporación pode ser moi útil para afondar na diversificación do rural, que é un dos nosos obxectivos prioritarios, mais sen esquecer os sectores primarios básicos, aos que permítanme que me refira brevemente.

Primeiro, o sector lácteo, ao que imos seguir dando unha relevancia especial. Seguiremos estando a carón do sector

lácteo cando as decisións non dependen de nós directamente, como o estivemos nas negociacións para alcanzar un acordo pioneiro entre produtores, industria e distribución, por cuxo cumprimento xa lles adianto que estaremos sempre vixilantes. De momento, o que xa podemos constatar é que os efectos deste acordo xa son visibles nos lineais dos supermercados e –o máis importante– nos novos contratos que están a negociar os produtores.

Pero tamén estivemos, estamos e estaremos con decisións concretas da Xunta. Así, o noso compromiso seguirá sendo palpable en medidas de todo tipo: a curto prazo, coa previsión de inxectar 80 millóns de euros, 10 millóns para facilitar préstamos aos donos das explotacións, así como anticipando 70 millóns de axudas da PAC antes de que remate o ano; a medio prazo, continuando a aposta decidida polo leite galego, promocionando –de todos os xeitos posibles– a marca Galega 100 %, e a longo prazo, promovendo unha maior industrialización do sector lácteo, para o que –xa lles adianto– poñeremos á súa disposición 30 millóns de euros. *(Aplausos.)*

Señorías, mellorar a rendibilidade é tamén un obxectivo prioritario no sector forestal, convencidos de que sacar o maior aproveitamento dos nosos montes é unha fonte de riqueza en si mesma, pero tamén o mellor instrumento para previr os lumes. Neste senso, o noso compromiso é, no marco da revisión do Plan forestal de Galicia que está en marcha e que prevemos pechar en 2016, seguir apoiando os propietarios para reforestar as terras –nos últimos catro anos dedicamos a este fin 30 millóns de euros–, seguir acompañando as empresas do sector, sabedores de que o 70 % delas están en núcleos de menos de 5.000 habitantes, e seguir apostando polas agrupacións de propietarios para a xestión conxunta dos montes: a previsión é que no prazo dun ano haxa constituídas en torno a 25 agrupacións de propietarios para a explotación forestal.

Falar do sector primario é falar tamén da pesca, un sector no que tamén vimos de acometer importantes esforzos, tanto en Galicia como no ámbito europeo. Entre os logros máis importantes, cómpre subliñar o incremento, no período 2012-2014, dun 30 % da cota que pescamos e dun 55 % do seu valor.

No mesmo senso é destacable o resultado da negociación do Fondo Europeo Marítimo e Pesqueiro, que nos levou a avan-

zar no reparto porcentual no contexto español, pasando dun 44 % no período 2007-2014 a un 51 % no período 2014-2020, e que nos permitirá dispor de case 500 millóns de euros para investir e apoiar o sector da pesca.

Este traballo previo posibilita agora abordar neste ano tarefas clave neste sector nunha cuádrupla liña:

Na pesca, coa posta en marcha do Plan de desenvolvemento da pesca artesanal e mellorando os custos dos barcos mediante a substitución do combustible actual por gas.

No marisqueo, avanzando na conversión a unha actividade plenamente profesionalizada e no reforzamento dun compoñente de cultivo acuícola que permita ir máis alá do que o mar produce por si mesmo.

Na acuicultura, coas achegas dunha maior seguridade xurídica e axilidade na tramitación dos novos proxectos grazas á nova Lei de acuicultura, pioneira na Unión Europea, e co visto e prace por unanimidade onte de Bruxelas.

Na transformación e comercialización, co reforzo das liñas de orientación da industria conserveira grazas ao novo Plan estratéxico da conserva, que abordará desde as condicións de acceso ás materias primas ata o reforzo da competitividade ou o uso das novas tecnoloxías.

Pero, do mesmo xeito que no rural, tamén no litoral, na costa, debemos seguir buscando novas fórmulas de diversificación. Seguindo o ronsel dos 427 proxectos desenvolvidos neste período e o mandato ditado o pasado ano neste mesmo proceso, neste Parlamento, os Grupos de Acción Costeira disporán de arredor de 60 millóns de euros para seguir traballando nesa liña. Contamos, pois, para o futuro do mar co rumbo das liñas mestras. Contamos coa propulsión orzamentaria e normativa. Agora contamos coa disposición absoluta dunha conselleira que volve ter plena dedicación a este ámbito. E, por iso, estou seguro de que, ao final desta singradura, chegaremos a bo porto. *(Aplausos.)*

Señorías, a resistencia ás dificultades dos últimos anos non é algo que debamos atribuír neste debate aos sectores primarios de xeito exclusivo, nin posiblemente coa maior intensidade. Constatar que fomos quen de sobrepoñernos aos embates da crise é unha afirmación que se pode facer

extensible á meirande parte dos nosos sectores produtivos. Non estou aquí para dicir que os últimos anos tiveron un impacto neutro sobre eles. Agardo que tampouco vostedes o estean para afirmar que as nosas áreas estratéxicas esmorecen, porque iso xa está desmentido polos feitos. E debemos recoñecelo, na miña opinión, para seguir avanzando.

Señorías, recoñezamos entre todos que estamos sendo capaces de recuperar a produción industrial; no que vai de ano medrou un 3,8 %, por riba da media nacional.

Recoñezamos entre todos que o turismo está logrando un ano histórico, con máis viaxeiros e máis peregrinos ca nunca, e liderando as estatísticas de crecemento de todo o Estado.

Recoñezamos entre todos que o sector da tecnoloxía foi quen de consolidar o emprego nesta durísima crise, manténdose por riba dos 15.000 traballadores dende o ano 2010.

Recoñezamos entre todos que a industria téxtil, especialmente afectada pola crise, está recuperando os índices de produción, que creceron un 17 % no que vai de ano.

Recoñezamos entre todos que o sector eólico continúa o seu percorrido a través do concurso aprobado a pasada lexislatura. O 85 % dos megavattios previstos seguen adiante e, de feito, xa están autorizados parques que, conxuntamente, supoñen un investimento de preto de 400 millóns de euros.

Recoñezamos entre todos que logramos un futuro esperanzador para o sector da automoción, sobre todo despois de que –tras as negociacións en París de hai menos dun ano– Citroën adxudicara á factoría de Vigo a produción dos novos vehículos da marca, que suporá poder producir 2 millóns de vehículos nos próximos dez anos e investimentos de máis de 500 millóns de euros.

Ou recoñezamos entre todos o mérito de que esteamos aquí dicindo algo que levabamos moitos anos sen poder dicir, que esteamos aquí dicindo que o estaleiro público de Navantia volve ter pedidos e que, sen estar aínda nunha situación óptima, hai boas expectativas de que siga habendo boas noticias pronto. *(Aplausos.)* E que esteamos aquí dicindo que, con pedidos por valor de 1.900 millóns de

euros, os estaleiros galegos teñen neste momento carga de traballo. *(A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Gustárame facer especial fincapé neste último ámbito, tendo en conta que a situación do naval –e de forma concreta a certeza ou non dun compromiso por parte da petroleira Pemex para a construción de dous floteis– foi obxecto dun longo debate tanto dentro como fóra deste Parlamento. Por iso quero dicirlles que, efectivamente, tiñan razón: non era certo que houbese dous floteis, porque agora sabemos que hai tres. *(Aplausos.)*

Señorías, facer este exercicio non supón caer en ningún acto de triunfalismo banal, iso é propio doutros tempos e doutros gobernos. Tampouco debería ser problemático para ningún partido que queira exercer unha oposición responsable. Dicir que en economía todo vai mal é tan inútil para o país como dicir que todo vai ben. Eu pídolles que asumamos a realidade tal e como é, para, con esperanza pero con realismo, seguir mellorando.

A folla de ruta que lles propoño está trazada desde hai tempo, e eu espero contar coas súas achegas para poder desenvolver e adaptar ao noso contexto os catro piares que o sustentan:

En primeiro lugar, conto coa súa colaboración para seguir facendo de Galicia un territorio cada vez máis atractivo para investir, que dea máis facilidades, de xeito que á simplificación de trámites e aos incentivos que garanta a Lei de emprendemento –á que antes me referín– seguiremos apoiando tamén as aceleradoras de empresas, como Open Future, de Santiago, Vía Galicia, en Vigo e Lugo, ou Agrobiotech, en Ourense. Debemos seguir dando tamén máis espazo para investir, e por iso mantemos as bonificacións de entre o 30 % e o 50 % aprobadas este ano para comprar solo empresarial, que xa permitiron vender case 340.000 metros cadrados, cifra que supera de longo as vendas dos dous anos anteriores e que se sitúan ao nivel de vendas de solo industrial do ano 2008. E, igualmente, continuaremos con máis liñas de financiamento. No que vai desta lexislatura, en materia de promoción económica, aprobáronse case 3.000 proxectos empresariais, que mobilizaron investimentos que roldan os 400 millóns de euros. Esta seguirá sendo unha prioridade no que resta de mandato.

En segundo lugar, seguiremos afondando no Plan de diversificación industrial, ao que este Parlamento nos obrigou exactamente hai un ano. Así, igual que aprobamos a Estratexia de impulso á biomasa para abrírnos a un ámbito que ofrece máis posibilidades económicas, pero tamén de posta en valor do sector forestal, igual que reforzamos a aposta polos investimentos de gasificación –está aprobado o plan que suporá un investimento de 200 millóns de euros ata o ano 2020 para achegar Gas Natural ao 82 % dos galegos–, igual que materializamos as decisións de que Galicia poida aspirar a ser un polo tecnolóxico no ámbito aeronáutico, cun investimento previsto de 45 millóns de euros, anúnciolles que iniciaremos o desenvolvemento dunha estratexia de apoio á biotecnoloxía, cunha liña de actuación prioritaria: un programa para que as pemes do sector teñan apoios cando máis o precisan, á hora de madurar os proxectos e crear activos para o mercado, de xeito que non sexan tan longos e custosos como agora.

Trátase, por tanto, de apostar por un sector que ten demostrado moitas posibilidades, pero tamén por un dos que ofrece maiores potencialidades no terceiro pilar polo que lles propoño seguir apostando: o pilar da innovación.

Contamos para iso coa universidade. Hoxe estamos apoiando directamente o labor de case 400 investigadores. Están tamén á disposición os tres institutos de investigación sanitaria públicos, que acollen 107 grupos de investigación con máis de 1.100 investigadores no Servizo Galego de Saúde. Reforzamos o papel dos centros tecnolóxicos, directamente a través dos contratos programa e tamén a través das unidades mixtas de innovación, creadas en sectores estratéxicos da nosa economía.

E igualmente seguen garantidos os recursos públicos. Do mesmo xeito que no ano 2013 un terzo do investimento da Consellería de Economía se destinou á innovación, no futuro tamén está garantida esta aposta, toda vez que xa está aprobada a Estratexia de especialización intelixente, co visto e prace de Europa e con 1.600 millóns de euros ata o ano 2020.

En resumo, señorías, penso que Galicia está nunha boa posición para buscar, no novo contexto, unha maior competitividade a través da innovación. É ese o propósito que nos propoñemos seguir con máis intensidade. Pprimeiro, continuando

do co programa Oportunius, para poder apoiarnos no principal valor para innovar o talento dos nosos mellores científicos; segundo, cun novo programa para facilitar a incorporación de 200 mozos a actividades de innovación nas empresas; e terceiro, continuando o desenvolvemento do modelo Industria 4.0. Así, os orzamentos do 2016 incluírán unha nova axuda para os procesos de innovación neste ámbito que combine subvención a fondo perdido con préstamos cara a facilitar a aproximación das pemes á fábrica intelixente.

Facilidades, diversificación, innovación e internacionalización, señorías. Ese último é o cuarto camiño que temos aberto para fortalecer a nosa economía de hoxe, e tamén a de mañá.

Neste senso temos demostrado por que esta aposta, e que é a súa utilidade demostrada nos últimos anos. Non en van o número de empresas galegas exportadoras medrou nun 28,5 % dende o 2009, rompendo a barreira de 6.000 empresas exportadoras, así como o volume das exportacións, que creceron un 28 %, acadando os 17.825 millóns de euros no ano 2014, que é, xunto co 2013, un ano histórico neste sentido. Esta tendencia segue a manterse no ano 2015, que acumula xa un 5 % de incremento sobre o ano anterior.

Tamén temos claro con que seguir apostando pola internacionalización, que é basicamente con máis recursos. Así, o orzamento neste ámbito é hoxe un 25 % superior ao inicio da lexislatura. Definimos por que, con que e tamén temos decidido con quen debemos seguir traballando. E por iso as políticas de internacionalización da Xunta seguirán da man dos emprendedores en primeiro lugar, e tamén das cámaras de comercio e dos galegos do exterior. Precisamente con este obxectivo de coordinación está creado o Foro de Internacionalización, coas principais empresas exportadoras galegas, e igualmente contamos coa Rede Pexga, que xa asiste a calquera galego que queira investir nos mercados de México, Estados Unidos, Colombia, Brasil, Marrocos, Rusia, Reino Unido e China.

Cara ao futuro, anúnciolles que estamos a traballar en novos destinos, e pronto se materializarán coa apertura de antenas de internacionalización en Dubai, Alemaña e Chile.

Señorías, todos os sectores e indicadores, con diferente intensidade, acreditan que estamos nun cambio de ciclo, que

hoxe celebramos o último debate da Autonomía desta lexislatura, pero tamén o primeiro dunha nova etapa de esperanzas fundadas. Estes anos chegamos a coñecer o noso chan, e agora non debemos poñernos teito.

Por iso queda aínda moita tarefa por diante, moito por conseguir, moito por superarnos, pero o que hoxe aínda nos parece insuficiente non hai tanto que nos parecía inalcanzable. Negar esa realidade é o mesmo que rexeitar o mérito do pobo por todo o que acadou ata agora.

Poderemos acertar máis e tamén equivocarnos, pero do que non hai dúbida é de que, se algo caracteriza a este goberno dende que viñan mal dadas ata a esperanza que agora recoberamos, é que cremos en Galicia. (*Aplausos.*) Cremos, señorías, que aquí podemos facer barcos e automóviles tan ben ou mellor que en calquera outro lugar. Cremos que esa Galicia Calidade que distingue os nosos produtos no mundo era máis que un slogan, e que isto podía reflectirse, por exemplo, nas exportacións. Cremos que tiñamos todo o que era preciso para que se investise na nosa terra tempo e diñeiro, e os datos do turismo sinalan que cada vez máis xente quere coñecer, vir e repetir Galicia. Cremos na creatividade, no talento e na innovación para ter o noso propio espazo no novo tempo no que xa estamos. Cremos, en definitiva, na nosa xente.

O bo camiño de Galicia non foi outro todo este tempo que seguir aos galegos e ás galegas; seguílos, e que este camiño fose estable, con institucións autonómicas ao servizo, en lugar de facer delas un campo de batalla interna entre partidos nun mesmo goberno, ou directamente deostalas. Seguílos e non entorpecelos, e por iso o Plan de modernización da Administración continúa na senda de acadar o papeleo cero na súa relación cos cidadáns (*Murmurios.*) Hoxe, seis de cada dez trámites xa se poden facer por vía telemática, e nese camiño seguiremos avanzando para lograr a totalidade. Seguílos e serlles útiles, cun goberno máis eficiente, capaz de sacar máis rendemento dos recursos públicos, capaz de facer máis con menos. Seguílos e darlles a seguridade de que hai unha sanidade pública, unha educación pública e uns servizos sociais públicos viables que estarán todo este tempo ao seu dispor, e, despois de acadada a meta, tamén para xeracións vindeiras. Seguílos e que se sintan amparados por unha xustiza que funciona con máis medios humanos e tecnolóxicos, e tamén infraestruturas, en Santiago, Ourense ou

en Ferrol. Tamén na Coruña, na Fábrica de Tabacos, e en Pontevedra. Agardo que tamén en Vigo, coa nova Cidade da Xustiza. Seguílos e apoiar con máis intensidade a quen máis lle custa, cunha política social que nos permita que ninguén quede atrás, e que as nenas e nenos galegos vaian por diante. (*Aplausos.*) Seguílos, poñer en valor o que é Galicia, o que facemos as galegas e galegos, e impulsar o seu avance; e avanzamos.

Por máis que aquí se escoitaran voces que nos negaban as posibilidades de acadar o acadado, estou convencido de que todos os que formamos parte desta Cámara compartimos a mesma crenza en Galicia e na nosa xente. Todos os que estamos aquí ocupamos un escano pola vontade democrática das galegas e dos galegos. Temos a obriga de facernos merecedores de que Galicia crea tamén en cada un dos que estamos aquí.

Hai un ano presentei un programa de impulso democrático para loitar contra o descrédito dos seus representantes, cunha lei que limitase o financiamento dos partidos, cunha lei que permitise unha maior participación cidadá, cunha nova lei que ampliase as competencias do Consello de Contas, cunha lei de transparencia e bo goberno que fose das máis avanzadas de España e cunha lei de ordenación de asistencia xurídica.

Señorías, catro das cinco leis xa están en vigor ou nesta Cámara; a quinta será aprobada no próximo Consello da Xunta. Lamentablemente, vostedes borráronse, non contamos coa súa colaboración. Pero estas leis serán boas para todos: para os cidadáns, porque se aumenta a súa participación, a súa transparencia, as restricións aos partidos e os controis aos gobernos; para o Goberno, porque dificultan que o interese persoal poida empanar o esforzo dos que nos envorcamos polo interese xeral; e tamén boas para vostedes.

Todos os partidos estamos expostos a que xurdan dúbidas, ou directamente corruptos. Depurar a política é unha responsabilidade de todos os que estamos na política. Desentenderse desa preocupación cidadá e limitarse a trasladar que os males da política están só no adversario é un mal máis que se lle fai á política.

Fagámonos merecedores de que Galicia crea en cada un de nós. É lóxico e san que discrepemos sobre diversos asuntos,

pero non é comprensible para ningún, nin moito menos saudable para o noso país, que todo –absolutamente todo– sexa motivo de refrega partidista. (*Aplausos.*) ¿De verdade parece razoable que poida haber discusións entre nós sobre a preocupación que todos compartimos contra a violencia de xénero? Non o é, e o tempo que dediquemos a iso é tempo que perdemos no importante. Debemos sumar, ás axudas que reciben as vítimas –máis en Galicia que en ningunha outra comunidade– e á coordinación da asistencia entre as distintas administracións, un terceiro pilar que considero fundamental: reforzar a prevención especialmente entre as xeracións máis novas.

Señorías, como país non podemos asumir a repunta do machismo que estamos detectando entre os adolescentes... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Por iso conto coas súas achegas para a elaboración dun Plan especial de igualdade na educación.

Fagámonos merecedores de que Galicia crea en cada un de nós, e tampouco traíamos a esta Cámara problemas que non existen fóra dela. Os cidadáns non debaten sobre quen ten a propiedade da lingua. Ningún grupo nin ideoloxía deberá arrogarse esa propiedade. Na rúa hai entendemento e cordialidade lingüística. Ningún cidadán se impón a outro pola lingua que escolle en liberdade. Por iso, non discutamos nós se unha lingua debe impoñerse a outra, e analicemos xuntos como sacar o maior proveito ás potencialidades que a lingua nos ofrece.

Podemos pasar horas discutindo o que todos sabemos, que o galego é útil, ou podemos tentar que esa utilidade a perciban os galegos. Eu propóño-lles esta segunda alternativa: que a lingua deixe de ser unha ferramenta política para que poida ser unha ferramenta de progreso, (*Aplausos.*) señorías, que nos faga progresar dentro..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor. ¡Silencio, por favor!

Perdoe, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e para iso deseñaremos un Plan de dinamización lingüística entre os mozos. Pero tamén fóra, seguindo o camiño que nos marcou por lei este Parlamento. Nese senso anúncio-lles

que poñeremos en marcha os mecanismos para que Galicia se incorpore á comunidade de países de fala lusófona. Porque, señorías, é abríndonos como mellor defendemos a nosa lingua, como o resto de sinais identitarios que nos dan sentido, que nos unen como pobo.

Non tratemos a nosa riqueza cultural como un vestixio de épocas pasadas. A cultura é tamén algo do noso tempo. Conservala, protexela, é, sobre todo, facela presente aquí e no mundo. Ese obxectivo ten o seu reflexo en distintas normativas, como a Lei do patrimonio cultural, que se está a elaborar, ou a Lei de museos, que tamén impulsaremos para facer destes espazos algo vivo e adaptado ao público dos nosos días. Tamén en accións específicas, como a recente declaración de ben de interese cultural do patrimonio das antigas caixas de aforros –a primeira comunidade en España que completou este proceso– e a posta en marcha do dominio puntogal, unha fiestra aberta para mostrarnos no mundo.

Velaí o camiño que habemos seguir, na miña opinión. Así, onde outros optan polo ensimesmamento e por tentar reescribir a historia, nós defendemos con normalidade, sen enfrontamentos e con orgullo o que somos; o que, sen poñernos fronteiras, nos fai únicos en España, sen necesidade de ir contra España. (*Murmurios.*) Porque, señorías, a España que se pretende atacar é a España das autonomías; o Estado ao que se desafia é o Estado das autonomías; a Constitución que se cuestiona é a Constitución que garante as autonomías. (*Murmurios.*) A intención non é romper un sistema opresivo e centralista que afoga as identidades territoriais, senón precisamente unha estrutura que garante e apuntala as singularidades dos pobos de España.

Este Parlamento nace dun estatuto de autonomía. Ese estatuto fundaméntase na libre vontade do pobo galego e nunha constitución que instaure un modelo territorial vertebrado por comunidades autónomas. A Galicia de hoxe é consecuencia dunha arquitectura institucional que foi deseñada mediante históricos acordos políticos e referendada por históricos acordos sociais. Sería erróneo e mesmo perigoso desentendernos de procesos que atentan contra a estabilidade institucional da que forman parte.

O Goberno galego sempre estará á fronte ou a carón das iniciativas que melloren o sistema vixente, empezando, desde logo, polo financiamento autonómico. (*Aplausos.*)

Pero con esta mesma claridade non poderá aceptar privilexios que nos levarían de volta a aquel agravio comparativo que quixo restrinxir o noso Estatuto de autonomía. Se ‘aldraxe’ foi aquilo, ‘aldraxe’ sería tamén isto.

Quero afirmar con rotundidade que Galicia non é debedora de ninguén, nin se ve na obriga de resarcir a ninguén por non se sabe qué ofensa. Esa mesma firmeza sérvenos para non incorrer no erro e na inxustiza de confundir un pobo irmán con algúns dos seus dirixentes. *(Aplausos.)*

Cataluña tamén é parte de nós, non soamente porque o noso Alfredo Brañas sexa considerado un dos pais do autonomismo catalán ou porque fosen emprendedores cataláns os que pularon pola nosa industria ou porque a riqueza desa comunidade fose labrada por moitos galegos, que aínda continúan alí. Cataluña é parte de nós porque compartimos cultura, pasado e presente; por iso nos sentimos preto da súa cidadanía e lonxe dos que nos queren afastar dela e dun futuro en común. *(Murmurios.)* A celebración deste debate coincide precisamente coa abrupta manifestación das consecuencias que ten para esa comunidade irmá un tipo de política que responde máis ao intento de fuxir da realidade que á decisión de enfrontarse a ela.

A historia ensina o resultado deste tipo de liderados. No mellor dos casos, conduce á decadencia dos países que quedan ensimesmados en falsos mitos. Non quero algo así para Galicia. Nesta lexislatura a miña teima fundamental foi salvagardar o elemento esencial sen o cal todo o demais carece de base de sustentación. Refírome á cohesión social. Nós témola. *(Aplausos.)*

Señorías, nós non tivemos medo a gobernar. Non proclamamos unha independencia da España na que nos sentimos libres nin da Europa que enmarca o noso desenvolvemento, senón dun destino que parecía condenarnos a ser eternamente vítimas da crise.

Fomos nestes anos independentes da resignación, do fatalismo, do derrotismo. Non lle propuxemos á nosa cidadanía ficar sós no mundo, esmorecendo con identidades destrutivas e fraticidas, senón traballar a carón das grandes democracias.

Hai moitas formas de ser galego, e todas teñen cabida nese proxecto común que é a autonomía. Afortunadamente, non somos un país solista, senón polifónico, e estou convencido

de que esa é a clave de que Galicia supere as dificultades con sacrificios, pero tamén cun éxito que cabe anotar no xa cuantioso palmarés do pobo galego. Este cambio de ciclo que xa soamente cuestionan os que antes negaron a crise ten un valor que vai máis aló do estritamente económico. Era a primeira vez que Galicia afrontaba unha situación semellante dotada das ferramentas de autogoberno. Pois ben, podemos afirmar que as institucións que conforman a nosa autonomía foron determinantes para acadar unha saída que se consolida día a día. Houbo unha resposta galega á crise e por iso avanzamos agora cara a unha recuperación tamén galega. *(Aplausos.)*

Señorías, todas as galegas e os galegos son imprescindibles. Non houbo divisións entre nós nin enfrontamentos cos pobos irmáns, senón que preferimos apoiarnos os uns nos outros. Galicia anticipouse e foi un exemplo a seguir por todos, e serao para as xeracións de galegas e galegos que veñan despois de nós, para os que reconstruíu o presente, propiciou o futuro e lle dixo adeus ao pasado.

Grazas por todo, Galicia. *(Aplausos.)*

Grazas por todo, Galicia, en nome dos que formamos parte deste Parlamento e temos o privilexio de ser os representantes dun pobo que fai historia, por permitirme a honra de ser presidente no momento máis difícil e, tamén agora, no máis ilusionante. *(Aplausos.)*

Señorías, non existe maior honra que servir a Galicia; nungunha.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

(Aplausos.)

Moitas grazas.

(Aplausos.)

Moitas grazas, presidente.

Suspéndese a sesión ata as dezaseis horas, catro da tarde.

Bo día.

Suspéndese a sesión ás doce e dous minutos da mañá e retómase ás catro e tres minutos da tarde.

A señora PRESIDENTA: Vaian ocupando os seus escanos.
(Pausa.)

Reiniciamos a sesión coa rolda dos grupos parlamentarios, comezando polo Grupo Parlamentario Mixto, señoras Iglesias Sueiro e Martínez García.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Boa tarde, señorías.

Boa tarde, presidenta.

Celébrase hoxe neste hemiciclo do Parlamento de Galiza o debate sobre política xeral, que coñecemos como debate do estado da Nación ou da Autonomía. Un debate estéril e penoso, precedido por unha crise de goberno e celebrado nun período post e preelectoral de suma importancia para o partido do Goberno, o Partido Popular. En realidade, estas vindeiras eleccións son importantes para todos os partidos, pero de xeito especial para os que configuran o sistema do bipartidismo, pero esa é outra historia.

O señor presidente na súa exposición, unha exposición claramente electoralista, fixo un balance de logros e de previsións de futuro, presentounos unha Galiza próspera, unha Galiza que sae da crise, un país utópico. Pero os datos, señorías, amosan a realidade: os datos indican que no mes de setembro Galiza perde 5.724 afiliadas á Seguridade Social –no conxunto do Estado, pola contra, o cómputo é de 8.916 novas cotizantes– e que só 106.539 paradas –menos da metade das rexistradas o mes pasado– cobran algunha prestación ou subsidio.

Unha realidade que é resultado do traballo en precario, do traballo a tempo parcial, cuns salarios que dan nome a un novo tipo de pobreza: a pobreza laboral. Unha realidade que obriga os nosos novos talentos á emigrar na procura de oportunidades, xa que en Galiza non é posible artellar un proxecto de futuro de vida digna.

Dicir o contrario do que se sabe ou se pensa é cinismo puro. Proclamar como propio do Goberno o que non é máis que consigna de partido é ramplón, teatro electoralista. Defender o que se sabe que non se cumprirá constitúe vil engano. O

cinismo, a hipocrisía e a mentira non son instrumentos honestos nin válidos para a gobernabilidade.

A política é a arte do posible e de facer posible o que parece imposible, pero non con artimañas enganosas e impunes. As condutas e os medios innobres corrompen os obxectivos máis nobres, os idealismos máis lexítimos e as ansias de estabilidade máis necesaria.

Todo pode defenderse en democracia, pero con sinceridade e honestidade e nunca atribuíndose a representación de todas, cando só se conta coa dunha parte, dividindo así unha sociedade plural. Isto contradí o principio democrático da boa fe e o do respecto pola outra persoa, que é o mesmo fundamento da convivencia.

Os datos oficiais e o grao de incumprimento das resolucións aprobadas no anterior debate do estado da Nación confirman que vostede, don Alberto, practica un cinismo político de libro.

Segundo Sebastián Mora, secretario xeral de Cáritas, o 4,8 % da poboación galega –é dicir, unhas 132.000 galegas e galegos– vive por debaixo do limiar da exclusión severa. Destaca tamén que non estamos nunha crise económica de baixo rendemento produtivo ou de inversións senón nunha crise de modelo de sociedade.

¿Teñen vostedes propostas para ese novo modelo de sociedade que precisamos? ¿Que clase de proxecto político? ¿Unha sociedade sen dereitos, empobrecida, sometida, espoliada, inxusta e desigual?

Cita Sebastián Mora ao Papa Bieito XVI, quen asegurou que a crise máis profunda é a antropolóxica: “Unha sociedade sen valores é unha sociedade sen futuro”. E conclúe Sebastián Mora que a exclusión social que afecta a decenas de miles de fogares galegos non se produciu coa recesión senón que dous terzos da poboación galega estaban xa nesa situación debido ao modelo socioeconómico das últimas décadas. “A crise o que fixo foi agudizar o problema”, apuntou, e insistiu en que “a actual situación non se resolverá só co crecemento económico-financeiro”. Crecemento –o financeiro– que vostede nomea cinicamente como económico, laboral, industrial e social, cando fala da recuperación económica.

A resolución 17 do pasado debate do estado da Nación, aprobada por 71 votos, case a maioría, di: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a promover políticas que favorezan o incremento dos salarios galegos, situándoos ao nivel do Estado e garantindo a non discriminación en función do salario feminino”. E a 36, esta aprobada cinicamente só por 39 votos –probablemente os do PP– e que contou con 25 abstencións, di que: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar, xunto cos axentes sociais e económicos, impulsando medidas e incentivos para o emprego, especialmente naqueles colectivos con máis dificultades, ampliando o Plan de emprego xuvenil cunha inxeción económica de 48 millóns de euros e detallando no seo do diálogo social un Plan de emprego para os parados maiores de 45 anos”. Resolucións incumpridas nun novo exercicio de cinismo político.

Segundo a última enquisa da EPA, unha de cada cinco persoas traballadoras na Galiza sofre pobreza laboral –un 75 % son mulleres–. A causa desta pobreza laboral é a desvalorización salarial na reforma do mercado de traballo e do aumento do emprego a tempo parcial nese proxecto de sociedade que nos presenta como idílica e é xustificada polo que chaman crise.

Un recente informe de Comisións Obreiras, elaborado a partir dos datos da EPA, tamén conclúe que un de cada cinco traballadores por conta allea na Galiza sofre pobreza laboral, o que equivale a un 20 % do total.

Os traballadores máis afectados que tenden a enquistarse –pois o 27 % destas persoas leva máis de cinco anos nesa clase de emprego– son as mulleres, as maiores de 40 anos, as mozas e os mozos, as inmigrantes. O perfil complétase con aquelas e aqueles que traballan como empregados do fogar, na hostalaría, no comercio e nos servizos auxiliares como, por exemplo, limpeza e vixilancia, porque son o 62 % do colectivo con menor nivel salarial.

E falando de mulleres, señor Núñez, só de mulleres, de mulleres en concreto, os datos son aínda máis alarmantes. A situación das mulleres galegas caracterízase pola realización da maior parte do traballo non retributivo e, no eido do traballo remunerado, son maioría no sector informal, tamén en percepción de salarios máis baixos e en condicións máis precarias.

Incrementou dende o ano pasado, dende o 2014, un 44,3 % o número de mulleres que levan máis de dous anos na procura de emprego, dende o 2011, e xa non teñen dereito a prestación, co agravante de que só un 47,7 % do total das mulleres desempregadas percibe unha prestación, fronte ao 63 % dos homes, e que un 72,25 % dos contratos a tempo parcial son de mulleres.

Ante esta realidade e cando vostede fala de crecemento económico, de saída da crise, de crecemento do emprego, de que este goberno traballa pola xustiza social e de que lles preocupa o común, non podo deixar de lembrar as declaracións de Al Capone recollidas na revista *Liberty* no ano 1931, nas que, nun exercicio de cinismo insoportable, o famoso mafioso manifesta: “Onde non obedece a lei, a corrupción é a única lei. A corrupción está minando este país. A virtude, o honor e a lei esfúmanse das nosas vidas”. Actitude moi similar á dun político que, consciente da súa impotencia ante as exixencias neoliberais da Troika e do mercado, promete solucións sabendo que non as vai cumprir, como está a acontecer cos presupostos xerais do Estado, escusa atopada para dilatar o período parlamentario e que non son máis que propaganda electoral e papel mollado –dito por Bruxelas– e que haberá que reformar, goberne quen goberne, o próximo ano.

Señor Feijóo, paro, pobreza laboral, exclusión, emigración... eses son os resultados das súas políticas de emprego, don Alberto.

O rural galego atópase en estado agónico porque vostedes coas súas políticas neoliberais de eliminación de servizos, dereitos e formas de vida da poboación rural están a desertizar Galiza forestal e demograficamente.

O medio ambiente ten para vostedes a consideración de moeda de cambio en beneficio do gran capital que permite destruír enclaves, culturas e formas de vida, como está a ocorrer no Courel. O desenvolvemento rural é contemplado por vostedes como un aspecto residual nas diversas lexislacións que o afectan –a Lei do solo, o Plan de minaría e do litoral, a Rede Natura–.

Privatízase a xestión dos montes veciñais en beneficio de empresas persoais, promóvese a implantación de monocultivos de crecemento rápido –por certo, a Audiencia Nacional vén de ditar unha sentenza na que avala a tese do perigo

medioambiental da especie arbórea do *Eucalyptus nitens*, pola súa capacidade expansiva e de afección para o medio natural e os ecosistemas, e resulta que esta é a variedade que recomenda a Xunta—, cultivos enerxéticos, megaminaría e a instalación de industrias de enclave.

Conciben o rural vostedes, señores da dereita, como un lugar de gozo e ocio para elites sociais —golf, cotos de caza, zonas residenciais, centros de hípica, centros comerciais...— e aplican unha política agraria común que destrúe as economías familiares en beneficio das multinacionais, como ben se puido constatar co recente conflito do e co sector gandeiro —don Alberto, non se fían de vostedes, seguen en pé de loita, ¡eh!— e no fracaso das súas medidas fronte aos lumes que arrasaron a nosa terra.

O desmantelamento dos servizos de prevención e a progresiva privatización dos de extinción xeran importantes volumes de diñeiro vencellado ao lume; chámase economía do lume e xera máis de 100 millóns de euros ao ano para ganancia de empresas alleas. Eses cartos investidos en tarefas de prevención xerarían emprego no rural e sen falarmos do aproveitamento do monte, só das tarefas de prevención.

Esta realidade contrasta de novo coas resolucións aprobadas no último debate: coa número 16, un programa para o desenvolvemento rural, para un cambio radical de modelo, ou coa resolución 46 que fala do que atinxe ao chamado “paquete lácteo”.

O triste é que a súa submisión aos ditados de Madrid e da Troika farán que Galiza sexa máis vulnerable, máis dependente e que estea impedida de dispoñer dunha política agraria propia en función das súas necesidades.

Por outra parte, Transparencia Internacional de España no seu informe sobre a corrupción no ámbito da contratación pública, elaborado a partir dos datos e criterios de expertas sobre corrupción no sector público, no apartado “Índice de transparencia dos parlamentos do ano 2014”, outorga ao Parlamento galego no punto E —transparencia nas contratacións de servizos, obras e subministracións— un cero. ¡Un cero, don Alberto Núñez!

Transparencia Internacional de España apunta que unha mala puntuación evidencia un contexto onde prevalece o

suborno, os actos de corrupción quedan impunes e as institucións públicas non dan resposta ás necesidades da cidadanía. “*El fuero para el gran ladrón, la cárcel para quien roba un pan*”, dicía Pablo Neruda.

¿Como, se non, explica vostede que se rexeite a constitución dunha comisión de investigación sobre o financiamento do novo Hospital de Vigo, Alvaro Cunqueiro, ante as graves deficiencias denunciadas e a alarma social creada que se visualizou na manifestación máis grande das que tiveron lugar na cidade de Vigo e que, por fin, provocou o cese da conselleira? ¿Como explica vostede que este Parlamento siga a esperar polo esclarecemento dos negocios co seu colega, amigo, socio ou narco, o narco Marcial Dorado? ¿E o escándalo da Fundación Camilo José Cela? ¿E os cursos de formación? ¿E a adxudicación de servizos neste Parlamento á empresa Eulen, da que a súa irmá forma parte e ten arte? ¿E o accidente de Angrois? ¿E a ruína do Gaiás? ¿E as declaracións do señor Bárcenas —“*sé fuerte Luis*”— perante o xuíz Ruz onde evidencia o financiamento e os trapicheos continuos do Partido Popular de Galicia e persoeiros vencellados a el?

Por certo, aconséllolle ver a película *B, a película*, dirixida por Jordi Casanovas, baseada na transcripción do interrogatorio a Bárcenas e financiada por *crowdfunding* con 597 mecenases que aportaron diñeiro. Só se proxecta en 14 salas de todo o Estado, pero a obra de teatro segue viva por aí adiante e ten éxito, chámase *Ruz-Bárcenas*. A publicidade da película é: “A película que queres ver. A realidade que queren que esquezas”. Non a perda, señor Feijóo.

Corrupción rampante na Galiza: nos concellos —ese vergoñento costume do carrexo de votos—, as deputacións, membros do Consello de Contas da Xunta de Galiza baixo sospeita, caciquismo e clientelismo na adxudicación de obra pública. Corrupción oculta en moitos casos pola *omertá* do sistema do bipartidismo, que degrada e cativa a democracia, de natureza soberana e libre, cun sistema electoral que prexudica —cando non ningunea— os partidos e organizacións minoritarias e favorece o reparto do pastel entre os dous grandes partidos, pervertendo e degradando a democracia.

Albert Camus dixo: “A política e o destino da humanidade son deseñados por persoas sen ideais e sen grandeza; as persoas con grandeza non se meten en política”. E iso que

Camus non coñecía o señor Rato, outrora artífice do milagre económico, presidente do FMI, que nos fixo banqueiras a todas –a quen vostedes agora van axudar a entrar no caldeiro para lavar a cara polas vindeiras eleccións–.

Estou segura de que Camus se está a referir a esta especie de politicastros, piollos pato políticos. E non ás persoas honestas, altruístas e con vocación de servizo –que, aínda que poucas, tamén as hai nas institucións–; persoas con sensibilidade social e nacional para as que primen os intereses do pobo galego por riba de intereses propios e alleos. E o seu obxectivo sexa acadar unha Galiza próspera para goce de todos e orgullo das galegas.

Non coincide con este perfil o seu Goberno, señor Feijóo –máis ben se aproxima ao perfil que debuxa Camus–, nin tampouco o seu partido, don Alberto; resulta xa fatigoso numerar os casos de corrupción no Partido Popular, succédense a tal velocidade que o de hoxe tapa o de onte.

“Galiza, o bo camiño”. Ese slogan, aplicado a todo o que teña que ver con publicidade institucional da Xunta, que se escoita e le en todos os medios de comunicación que sustentan o seu Goberno a base de publicidade e outras dubidasas subvencións pagadas por todas.

“Galiza, o bo camiño”, só para unha elite, para a minoría, para vostedes e os seus, para os seus amigos, de aquí e de fóra.

Moitas grazas, máis nada. *(Aplausos.)*

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Boa tarde a todas e a todos.

Benvida aos novos conselleiros e conselleira.

Benvido, señor Almuíña. Volvemos coincidir xuntos, antes en Povisa, hoxe neste Parlamento, pero sempre do mesmo lado: vostede co poder e eu defendendo os dereitos da clase traballadora e da maioría social. *(Risos.)*

Pero, sobre todo, quero felicitar a Povisa porque volve poñer o conselleiro de Sanidade, parece que é requisito imprescindible ter traballado na dirección de Povisa para despois pasar a ser conselleiro, porque aí se aprende como explotar o persoal sanitario dunha forma realmente efectiva.

Señor presidente, na súa intervención desta mañá presentounos unha visión carente de toda autocrítica, chea de xeneralidades e que fuxiu de analizar as debilidades da ilusoria recuperación económica e o seu menor desenvolvemento en comparación co resto do Estado.

Porque a realidade desmente a súa campaña publicitaria, que pretende empregar como gancho unha renovación parcial do Goberno, como se iso garantira un cambio das políticas anti-sociais que leva practicando o PP dende sempre, pero concretamente dende que vostede é presidente.

A non ser que, con este cambio de Goberno, vostede queira recoñecer que o calamitoso estado no que se atopa a nación galega é resultado das súas políticas contrarias aos intereses da maioría social, esa á que agora di que quere escoitar. Se é así, benvido sexa.

Conto entón con que esa nova actitude de escoita activa que vostede proclama se traducirá na aprobación de todas as resolucións presentadas pola oposición, e que buscan un reparto máis xusto da riqueza, uns servizos públicos gratuítos –universais e de calidade– e polo tanto, entre outras accións a levar adiante a partir de hoxe, o Goberno galego derrogará a Lei 1/2012 de medidas temporais en determinadas materias de emprego público.

Porque a realidade que está a padecer Galiza require recuperar todos os dereitos usurpados á maioría social, á clase traballadora, ás persoas pensionistas, á infancia e ás persoas maiores e dependentes.

En realidade, se facemos un balance do seu goberno, podemos afirmar obxectivamente que a herdanza que deixa o Goberno Feijóo en Galiza é a mesma que o Goberno Rajoy nos deixa dende Madrid: menos e peores servizos públicos, desamparo das persoas máis vulnerables empuxadas á pobreza polas súas políticas, paradas e parados sen prestación ningunha, traballadores pobres que teñen que acudir á solidariedade familiar ou das ONG para poder comer, emigración forzada na que se inclúen as mozas e mozos máis preparados da nosa historia, sectores estratéxicos como o agro e o mar abandonados fronte aos monopolios e sometidos á caprichosa regulación europea e española –que sempre vai en favor dos poderosos–, consumidores sometidos ao interese do oligopolio eléctrico e financeiro, liquidación

das caixas de aforro galegas –que, finalmente, venderon a prezo de saldo á banca estranxeira–, mulleres e nenos que seguen sufrindo a violencia machista sen medios de subsistencia nin a protección imprescindible para as súas vidas, familias expulsadas das súas casas pola mesma banca que arruinou a toda a poboación. Corrupción, corrupción e máis corrupción.

Tanta corrupción que a cidadanía é incapaz de facer seguimento de todos os casos que se acumulan nos xulgados de todo o Estado e que debeu converter o Partido Popular no mellor cliente dos avogados especializados en tramas corruptas: Pikachu, Pokemon, Bárcenas, Patos, Zeta, Marcial Dorado..., podemos seguir.

Mentres, a parte sa e demócrata do poder xudicial, cos escasísimos medios físicos, técnicos e humanos dos que dispón, debe sortear as mil dificultades que o réxime podre do 78 lle pon constantemente coa intención de evitar que saian á luz pública as súas vergonzas e os seus excesos.

Pero a maior das corrupcións é o roubo ás rendas de traballo para evitar momentaneamente a ruína dos especuladores financeiros.

Si, a maior corrupción é o espolio aos traballadores e traballadoras asalariados, labregas e labregos, mariñeiros, autónomos e aos pequenos e medianos empresarios aos que se lles despoxo de dereitos, cartos e servizos públicos en beneficio do oligopolio financeiro, eléctrico e das grandes construtoras.

Rescataron a banca á conta da maioría social e de hipotecar as administracións públicas por varias xeracións; empobreceron a xente para salvar os responsables da crise, os que venderon preferentes, os que lapidaron o aforro galego nos seus excesos –non sen antes asegurar un bo retiro–.

Aínda así, o Goberno que vostede preside non perdeu tempo en poñer en liquidación as caixas de aforros galegas, non só coa súa bancarización, senón, tamén, pondo o aforro galego e o patrimonio cultural das caixas en mans estranxeiras.

Iso si, unha vez arruinado o país, e tras o seu rescate e bancarización, agora devolven o esforzo negando sistematicamente o crédito ás persoas e ás PEME e autónomos, ao

tempo que expulsan as familias dos seus fogares –claro está, co beneplácito dos gobernos galego e estatal–.

E podemos falar tamén do sector naval. Señor Feijóo, o seu Goberno nin defendeu o sector naval público galego nin o privado. O dique flotante non pasou de ser pura propaganda electoral, unha indignante propaganda electoral a conta do desemprego e da desesperación da clase traballadora de Ferrolterra.

En canto ao naval privado, fixo como coa banca: facer de promotor inmobiliario para vender a prezo de saldo o mellor estaleiro da ría de Vigo a un investidor estranxeiro.

Pero tamén podemos falar da automoción, sector no que a Xunta actúa como unha asalariada de Citroën, sendo incapaz de comprometer a multinacional co reparto da carga de traballo das empresas auxiliares do sector instaladas no noso país.

Porque do que non cabe dúbida é de que só hai un tema tabú para o Partido Popular, un tema intocable, onde a Xunta está atada de pés e mans, sen posibilidade ningunha de influír: os dereitos da clase traballadora.

O Partido Popular teno claro: ese é un tema entre empresa e traballadores; se, realmente, isto é así, ¿por que non se abstén de intervir cando os traballadores convocan folga, saen en manifestación ou acusan a patronal?

E claro, esa imposibilidade de mediar entre patronal e clase traballadora, e a comprensión absoluta da necesidade aumentar de beneficios empresariais, leva a que a Xunta se inhiba de actuar para defender que os salarios galegos se sitúen na media do Estado. Unha brecha salarial que condena Galiza á emigración, a un menor acceso á cultura e ao ocio e a unha poboación xubilada eternamente empobrecida.

E, por se a brecha salarial fora pouco, a clase traballadora soporta a precariedade no tipo de contratación, que maioritariamente é a tempo parcial e eventual, cunha duración media inferior a sete días e moi ligada á temporalidade do sector servizos.

O desemprego superior ao 20 %, cunha maioría de persoas desempregadas de longa duración que afecta persoas de máis de 30 anos –é dicir, aquelas persoas con cargas familiares–.

Por non falar da total ausencia, na súa intervención, de calquera referencia a traballar a prol da igualdade de xénero, empezando pola igualdade salarial e o dereito á promoción da muller a postos de responsabilidade, tanto na Administración como na empresa privada.

Tamén se botou en falta na súa intervención a manifestación dalgún compromiso concreto na loita contra a violencia de xénero, máis alá de xeneralidades sobre a importancia da prevención ou de non utilizar este drama partidariamente. Nin unha proposta, nin unha iniciativa, nin compromisos orzamentarios con esta loita.

Pero a Xunta, lonxe de establecer políticas encamiñadas a superar a secular discriminación salarial de Galicia, aplica a mesma aos seus traballadores e traballadoras públicos, copiando as condutas máis escravistas da empresa privada: descontos por enfermidade, aumento da xornada anual, recortes salariais, redución dos cadros de persoal.

Políticas públicas en recursos humanos que teñen a súa máis vergoñenta actuación na precariedade dos Servizos de Prevención e Loita contra Incendios Forestais, e concretamente na situación precaria do persoal de Seaga.

Igual sorte corren os nosos sectores produtivos tradicionais como a agricultura, o sector lácteo, a pesca ou o marisqueo. Sectores sometidos aos designios das grandes multinacionais do sector que tiran os prezos facendo imposible a sustentabilidade de granxas e barcos en beneficio da gran industria, provocando o peche das explotacións agrarias e leiteiras galegas e o desgüace da nosa frota.

A inacción da Xunta fronte a morte dos nosos bancos marisqueiros, por mor da alta contaminación provocada por décadas de vertidos incontrolados ás nosas rías e ríos, leva a que Xunta que vostede preside estea disposta a prorrogar a concesión a Ence-Elnosa para que siga a contaminar —a pesar das advertencias da Unión Europea e da reclamación popular desa sociedade que agora di querer escoitar e darlle resposta—.

Sen embargo, toda esta desfeita que ía servir para mellorar as contas públicas levou, como mostran as contas da Comunidade Autónoma, a multiplicar por máis de tres a débeda que deixou aquel demo de bipartito que seica había que botar porque gastaba moito.

De nada vai servir xa esta campaña de maquillaxe institucional, como de nada serve seguir secuestrando a televisión e radio públicas e comprar con fondos públicos o silencio dos medios privados.

Porque a sociedade puido, nestes terribles anos, comprobar como o Partido Popular, tanto en Madrid como en Galiza, mente sobre a realidade que o pobo está a vivir.

Porque non se pode convencer unha maioría social que perdeu tanto nestes últimos anos de que está enganada, de que non é certa a fame que pasa nin as penurias que padece, de que hoxe vivimos mellor que nos anos do bipartito.

Unha sociedade que se mobiliza en toda Galiza exixindo o fin do espolio e da sanidade pública, o remate da discriminación histórica do interior do noso país, e que o Hospital Álvaro Cunqueiro se recupere para a sanidade pública de Vigo.

Unha sociedade que se mobiliza contra a imposición da LOMCE, das clases de relixión, da segregación de xénero no ensino, da marxinación da lingua galega nos plans de estudo, defendendo unha educación pública, gratuíta e universal que garanta a gratuidade dos libros de texto e a dotación axeitada dos centros educativos tanto en persoal docente e auxiliar como en servizos e medios.

E, para mellorar o futuro da economía galega e o futuro da cidadanía máis vulnerable —que, segundo di, é o seu máximo interese a partir de hoxe, seica ata hoxe non—, só se lle ocorre baixar impostos; baixar impostos directos —incluído o IRPF—, é dicir, recadar menos, o que significa aumentar as desigualdades, xa que só os impostos —e especialmente os impostos directos en función da renda— poden garantir que os servizos públicos esenciais cheguen a toda a poboación e se avance na igualdade de oportunidades, convertendo en dereitos o que vostedes tratan como caridade.

Pero vostedes prefiren facer propaganda coa rebaixa dos impostos para despois hipotecar o noso país durante décadas para pagar ás grandes empresas as concesións de obras públicas coa proliferación da fórmula de colaboración público-privada.

Señor Feijoo, co seu Goberno Galiza perdeu influencia económica, influencia política e influencia demográfica respec-

to ao Estado e respecto a Europa. Por certo, ningunha referencia, máis aló das consabidas axudas puntuais á natalidade, a iniciativas que garantan a protección tanto da maternidade como da infancia.

A xente sábeo e falou claro nas eleccións municipais. Por iso non paga a pena debater xa nada con vostedes porque nada van cambiar. Porque o Partido Popular xa é pasado, aínda que por un ano máis vaia manter a capacidade de seguir repartindo sufrimento a esgalla sobre a cidadanía galega.

E agora, señor Feijóo, no último ano de lexislatura, vostede pretende vir á desesperada renegando do feito, como se as políticas aplicadas ata agora pola Xunta foran alleas a vostede, como se vostede formase parte desa maioría social agredida. Isto reflicte o gran desprezo que vostede sente pola intelixencia do pobo galego.

Loitan por manterse no poder, conscientes de que é a única baza que lles queda para intentar librarse da cadea. O círculo da Xustiza péchase sobre o Partido Popular, e unha incógnita é saber quen do PP e do réxime pode se librar ou pagará a corrupción coa cadea cando o poder político sexa rescatado pola cidadanía honrada.

Ante este panorama, só cabe actuar con urxencia para salvar Galiza. Se realmente cre neste país e nas súas xentes, deixe que fale o pobo. Señor Núñez Feijóo, se realmente quere garantir que as súas políticas están apoiadas polo pobo galego, que todo o que fixo ata agora non era responsabilidade súa, e que tivo que cesar a algunha conselleira porque ía por libre, privatizando, sen que vostede coñecera nada, porque vostede practica políticas para a maioría social, pois o primeiro que ten que facer é dimitir e convocar eleccións, porque ata agora levou un goberno moi contrario ao seu discurso. Polo tanto, eu lle aconsello que, se realmente quere defender os intereses da maioría social, dimita e presente un programa que vaia cumprir, e non unha propaganda que só serve para distraer.

Pero eu sei que non o vai facer porque vostede e o Partido Popular saben que non teñen futuro. O futuro das mulleres e dos homes de Galiza depende das persoas que apostamos pola unión da esquerda na defensa dos dereitos da maioría social e dos dereitos nacionais de Galiza.

A emerxencia social e nacional no deixa lugar a partidismos. Os intereses partidarios, por lexítimos que sexan, non poden imposibilitar a unidade de acción ante o sufrimento do pobo galego, a agonía da nosa lingua, a discriminación das nosas mulleres, a emigración da nosa mocidade, a desertización do rural galego, a privatización da sanidade...

Non hai escusas para oporse á unidade. E diríxome a toda aquela sociedade que ve na unidade da esquerda e na defensa de Galiza unha oportunidade, nestas eleccións ao Estado, para que Galicia sexa quen de defender os seus intereses e que non nos impoñan desde Madrid as condicións que se apliquen en Galiza.

Non hai escusas para oporse á unidade. Non hai cabida para outro goberno do Partido Popular porque a xente do común non nos perdoaría que a división política permitise que o réxime pode seguirse a esmagar a cidadanía e a arruinar a nosa nación.

Xa para rematar, quero ler un pequeno poema, unha parte do poema de João Apolinário no seu poema Morse de Sangue, ao que lle puxo música Luis Cilía, e que di:

“É preciso avisar toda a gente/ transmitindo este morse de dores./ É preciso imperioso e urgente/ mais flores mais flores mais flores.”

Máis flores necesita Galiza para varrer a corrupción das institucións. Máis flores necesita Galiza para que chegue esa primavera que, con sorte, teremos aquí no próximo outono, co Partido Popular na oposición e practicamente desaparecido.

Galiza necesita políticas novas. Parece que a algún deputado do Partido Popular lle fai graza a situación trágica que vive o noso país. E é triste que sexa alguén que está aquí e que pertence a Ferrolterra, unha comarca castigada especialmente polo Partido Popular, unha comarca...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...á que especialmente enganou o Partido Popular prometéndolle a defensa dun sector fundamental, como é o sector naval, e que acaba de lapidar negándolle a inversión no dique flotante.

Non se ría. Teñen moi pouco tempo. Quédalles un ano de risa. Dentro dun ano riremos os demais. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra o señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: “Son chegado-los tempos d’erguere a y-alma e o pensamento de Galicia, e sobor todo a súa soberanía. N-isto non caben discusións: Galicia ten dereito, un dereito fundamental, a ser dona ausoluta de si mesma. Con vontade ceibe faremos nupcias d’amore con outras soberanías, contr’as que non vai nin quer ire a soberanía nosa”.

Manifesto da Iª Asemblea Nazonalista. Lugo, novembro de 1918.

Niso consiste o que vostede chamou hoxe á mañá, despectivamente, isolacionismo. Na irmandade dos pobos libres.

Señora presidenta, señor Feijóo, señores conselleiros, deputados, deputados, persoas convidadas, este Parlamento aprobou que 2016 fose o ano das Irmandades da Fala. Estamos ás portas, por tanto, do centenario do seu nacemento.

A aparición das irmandades foi un fito na historia de Galiza. Por primeira vez, unha organización situaba a nación galega, o pobo galego, como suxeito de decisión do seu devir social, cultural e político. Un proceso que culminou dous anos despois coa celebración da Iª Asemblea Nazonalista.

Os fundadores das irmandades fixeron de Galiza a forza que nos une, e reclamaron xuntos soberanía, o recoñecemento dos nosos dereitos nacionais, que onte, igual que hoxe, se nos nega.

Señor Feijóo, cen anos despois, Galiza asiste á agonía dun goberno que representa todo o contrario daqueles bos e xenerosos que acenderon o facho do noso autogoberno. Porque o seu Goberno agoniza, e non hai remodelación que o salve.

Mire, vostede intenta salvar os restos do naufraxio cesando a conselleira de Sanidade, pero chamou irresponsábeis ás 200.000 persoas que saíron á rúa en Vigo para denunciar a desfeita do novo hospital. A súa desfeita, señor Feijóo, por-

que unha das primeiras medidas que adoptou ao chegar á Presidencia foi entregar a construción e xestión dese hospital a mans privadas.

O deterioro da sanidade pública é responsabilidade súa, señor Feijóo. Á conselleira de Sanidade non a cesou vostede –non se confunda–, cesouna o pobo, ¡cesouna a mobilización social! *(Aplausos.)*

Intenta salvarse dos restos do naufraxio apartando tamén á señora Quintana da xestión do agro. Pero vostede, na crise do sector leiteiro, o único que fai é aplaudir o que se decide en Madrid, aplaudir un decreto que discrimina os gandeiros galegos no acceso ás axudas. E, aínda por riba, o secretario general de Agricultura pretende tomarnos por parvos dicindo que “hay granjas que ganan dinero con el litro a 0,26 y otras que pierden con él a 0,34.” En definitiva, ¡mexan por nós e o seu Goberno di que chove! señor Feijóo. E aínda tivo a desvergoña de pedirllas explicacións aos gandeiros por opoñerse a esta aldraxe. ¡Esta si que é unha aldraxe!

Por iso, non se engane, tampouco cesou vostede a señora Quintana, ¡cesárona os nosos gandeiros sacando os tractores ás estradas, señor Feijóo! *(Aplausos.)*

Mire, a vostede o único que lle preocupa é salvarse a si mesmo, intentar manterse en pé mentres se derruba o país. Por iso agora anuncia que vai facer nun ano o que non fixo en sete, pero xa ninguén agarda nada de vostede. Non ten credibilidade para ofrecer nada novo a este país.

Diciálle que o seu goberno representa todo o contrario das Irmandades da Fala. “Cando un país é capaz de catalizar as súas enerxías vitais; cando cada muller e home saben cumprir co seu deber cidadán, e cando os dirixentes lembran en cada momento do seu traballo que segue vixente a máxima de que a democracia é o Goberno do pobo e para o pobo; cando esa conxunción de factores se produce, as dificultades son superables”.

¿Recoñece esta frase, señor Feijóo? É súa, ¡é súa! Pronunciouna o 14 de abril de 2009, z no debate da súa investidura. Pero vostede non fixo absolutamente nada para catalizar as enormes enerxías vitais deste país. Preferiu condenar Galiza á irrelevancia, antes que incomodar os seus amigos do seu *Goberno amigo* en Madrid.

Mire, hoxe á mañá falou dunha resposta galega á crise, cando a única resposta que vostede deu foi: “A sus órdenes, señor Rajoy”. Na súa investidura tamén dixo estar convencido de que os galegos queren un presidente que non lles minta. Quizais por iso, cando intentou explicar a súa relación con Marcial Dorado, dixo, efectivamente, unha grande verdade: “Había neve”. Mais, ¿pode hoxe afirmar sen mentir, sen sequera ruborizarse, que o seu goberno foi un goberno do pobo e para o pobo?

“Compartimos as arelas da inmensa maioría da sociedade, que quere vivir nunha sociedade máis xusta, máis libre e solidaria” –dixo vostede tamén. ¿Pode afirmar hoxe sen mentir, sen ruborizarse, que vivimos nunha sociedade máis xusta, máis libre e solidaria?

En 2014 –últimos datos dispoñíbeis– o 20,8 % dos fogares galegos declarou ter moitas dificultades para chegar a fin de mes. Un ano antes era o 16,6 %. En 2013 –último dato dispoñíbel– o 23,8 % da poboación galega se atopaba en risco de pobreza ou de exclusión social. E pese a iso, en 2015 Galiza é a segunda comunidade que menos incrementou as partidas para sanidade e protección social, e a terceira que menos incrementou o gasto en educación.

Non o digo eu, señor Feijóo, dío o Consello Económico e Social de Galiza. Di que temos máis de 177.000 parados que non cobran unha prestación; máis de 600.000 persoas en risco de pobreza; máis de 12.000 dependentes sen atender; alerta do incremento brutal das desigualdades, dos atrasos e as trabas para acceder á Rísga e ás axudas de emerxencia social. ¿E agora vostede di que a súa prioridade serán as políticas sociais, cando dende que vostede é presidente Galiza foi a terceira comunidade que máis recortou en ensinan-tes e a cuarta que máis recortou en sanidade? E despois de sete anos de incumprimentos, ¿pretende que creamos o novo contrato que hoxe nos ofrece?

Durante sete anos repetiu que Galiza ía saír da crise antes e con máis vigor que ninguén, e resulta que en 2014 a economía galega medrou só a terceira parte da española. Estamos á cola en crecemento, señor Feijóo. Non o digo eu, dío o INE e tamén o Instituto Galego de Estatística.

Agora vostede di que é lóxico que a recuperación sexa maior onde antes tamén foi maior a caída. É dicir, ¿parécelle pouca

caída que dende 2009 en Galiza pechasen, de media, o dobre de empresas que en España? ¿Que dende 2009 se destruíse en Galiza, de media, o dobre de emprego? ¿Que haxa 160.000 ocupados menos que cando vostede chegou á Presidencia?

Hoxe mesmo coñecemos un informe da Unión Europea que pon a Galiza como exemplo de destrución de emprego. E con estes datos, señor Feijóo, o seu goberno deixou sen executar un euro de cada tres nos distintos programas de emprego. E agora dá un paso máis e suprime a Consellería de Traballo. ¿Esa é a súa verdadeira sensibilidade social!

Pero sigo, señor Feijóo.

¿Parécelle pouca caída que, segundo o IGE, dende o inicio da crise tivesen que marchar 200.000 persoas de Galiza, a maioría mozos? ¿Está marchando o futuro do noso país! ¿Está marchando o coñecemento! Perdemos 6.000 titulados universitarios e máis de 1.000 investigadores. E con estes datos, ¿o seu gran remedio á crise demográfica é crear unha dirección xeral e emular a ZP creando un cheque bebé? Mire, só lle faltou anunciar tamén que vai facer un Plan E.

Decía vostede en 2009 que “os galegos non podemos competir ofertando custos salariais máis baixos”. Isto foi o que dixo, señor Feijóo. E dende aquela os custos salariais baixaron un 13 % máis que a media do Estado. Hoxe a renda anual dun galego é inferior en 3.000 euros á dun español, e en 12.000 euros á dun madrileño; unha situación que padece sobre todo as mulleres galegas, as grandes vítimas desta crise.

En Galiza, a fenda salarial entre homes e mulleres é xa a máis alta do Estado. Mire, con vostede a fenda ensánchase cada vez máis, e non o digo eu, dino os datos de riqueza rexional publicados por Eurostat en 2013, os últimos datos dispoñíbeis. A riqueza per cápita media dun galego é 17 puntos menor que a dun cidadán europeo, e en 2009 a diferenza era de 8 puntos. É dicir, con vostede retrocedemos dez puntos e dez anos; retornamos á porcentaxe de 2004.

Señor Feijóo, mire, é certo que lle tocou ser presidente durante unha das maiores crises que se lembran; unha crise agravada no noso país porque se sumou á crise estrutural que xa padecía Galiza por mor da nosa dependencia. Pero vostede

de preferiu facer de cabalo de Troia das políticas que marxinan o noso país.

Temos competencias exclusivas en agricultura. En 2009 dicía que ía impulsar os contratos homologados, favorecer as políticas de fomento da calidade e a agricultura ecolóxica, dimensionar as explotacións mobilizando terras agrícolas en desuso. ¡E non fixo nada! O único que fixo foi deixar que outros decidisen por nós.

Dixo que o obxectivo do seu goberno era manter as cotas de pesca, e a realidade é que perdemos cota. Temos competencias exclusivas, mais vostede acepta que a Unión Europea nos dite, incluso, qué e cómo se pode pescar nas nosas augas interiores. A realidade é que se está incentivando o abandono da actividade, e, se non producimos, señor Feijóo, non vivimos. Ningún país ten futuro sen unha base económica propia.

Cando chegou á Presidencia comprometeuse a potenciar as enerxías renovables, en cambio, aceptou o parón das renovables decretado polo Goberno central. E acepta incluso que o Goberno central, para protexer os intereses das grandes eléctricas, penalice o autoconsumo.

Eramos os primeiros no sector eólico e xa non o somos, señor Feijóo, por moito que vostede hoxe á mañá inventase unha realidade virtual. Dende que vostede é presidente, incluso en Andalucía se instalou cinco veces máis potencia que en Galiza. Somos os primeiros en xeración eléctrica pero pagamos unha das tarifas máis caras de Europa; mentres case 100.000 fogares galegos non poden pagar a luz e hai empresas que poden pechar por non poder asumir os custos enerxéticos.

Dicía vostede en 2009 que “os galegos non podemos competir ofertando recursos naturais sen valor engadido”. Moi ben, señor Feijóo, pois un valor engadido é aproveitar a nosa enerxía para atraer industrias. Mais séguelle parecendo pecado que exista unha tarifa eléctrica galega para que a electricidade xerada aproveitando os nosos recursos cree riqueza e emprego no noso país.

Comprometeuse tamén a destinar recursos para mellorar o capital tecnolóxico e humano da nosa economía. Mire, segundo o IGE, entre o 2008 e o 2013 –últimos datos dispo-

ñibles– as empresas con actividade innovadora ficaron reducidas á metade, señor Feijóo. E mentres en España os investigadores aumentaron, en Galiza seguimos perdendo investigadores. ¿E agora quere facernos crer que potenciará a modernización do noso tecido produtivo, cando asistiu de espectador á perda da nosa empresa punteira no eido das telecomunicacións, e é incontábel a nómina de empresas galegas nas que a propiedade tamén emigrou? Como xa lle temos dito, con vostede a sede social de Galiza estase trasladando a Madrid.

Somos os primeiros en capacidade de aforro, pero resulta que dende o 2009 Galiza foi a comunidade onde máis retrocedeu a concesión de crédito. O crédito per cápita concedido en Galiza non chega á metade da media estatal. Non o digo eu, señor Feijóo, dío o Banco de España. Case 14.000 millóns de euros do noso aforro emigran para fornecer de crédito outros territorios. Pero seica é pecado crear un Instituto Galego de Crédito ou transformar o que quedaba das nosas antigas caixas nunha banca pública galega, como tamén propuxemos.

Mais vostede preferiu mirar para outro lado, aceptar que Novagalicia Banco fose vendido a un banco venezolano; unha venda a perdas, como temos denunciado nesta Cámara. Non só non se recuperou un euro dos 9.000 millóns de recursos públicos que se inxectaron para saneala, senón que incluso se pagou por vendelo. Esa foi sempre a súa actitude, señor Feijóo, mirar para outro lado ante os problemas do país. Preferiu mirar sempre para atrás para ver a quen lle botaba a culpa, ou ampararse en que non ten competencias, antes que responsabilizarse e defender e exercer as que ten.

A xente demanda dos seus gobernantes que asuman as súas responsabilidades, que dean a cara polos seus problemas en vez de escaquearse; mais vostede o único que fai é escaquearse, señor Feijóo. Vostede escaqueouse impedindo que se crease unha comisión de investigación neste Parlamento sobre o accidente de Angrois. E aínda ten o morro de dicir que “a decisión do xuíz coincide co sentir maioritario da sociedade”. Ese é o seu respecto á memoria das vítimas que hoxe á mañá invocou. *(Aplausos.)*

Intentou escaquearse na estafa das preferentes, ata que a presión social o obrigou a recuar. *(Murmurios.)* Ata que a presión social os obrigou a recuar, señores do Partido Popular,

¡mal que lles pese! Intenta escaquearse cando o señor Montoro rouba aos nosos retornados. ¡Así agradece España a vida de traballo e sacrificio dos nosos emigrantes! Intenta escaquearse cando Noruega rouba aos mariñeiros galegos enrolados na súa frota. Mire, España ten tempo para mobilizar a súa diplomacia contra o proceso catalán, pero non ten tempo para denunciar a Noruega ante o Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos. Prefire non incomodar a Noruega antes que defender os nosos mariñeiros e impedir que sexan roubados por Noruega. *(Aplausos.)* ¡Ese é o balance do seu goberno, señor Feijóo! Ese é o balance do seu goberno: substituír a acción do Goberno por ocorrencias de tertuliano ou por xogos de aparencias.

Propuxo medidas, por exemplo, na corrupción. Propuxo medidas aparentes e abstractas para evitar render contas dos casos moi concretos que salpicaban o seu partido. Tivo que verse coa auga ao pescozo para cesar os delegados de Vigo e Ourense.

Xogou ás aparencias coa nosa cultura: “a nosa cultura, cerne do ser de Galiza, requirirá para nós unha atención primordial” –dixoo vostede. E a atención primordial consistiu na súa demolición. Quizás por iso, para vostede a nosa cultura non mereza nin tan sequera unha consellería. O recorte acumulado en Cultura é do 60 %. Agora, iso si, ¡que non falten cartos para a Fundación Camilo José Cela pese aos múltiples escándalos de corrupción que a salpican!

En normalización lingüística o recorte supera o 69 %. Mire, en 2009 a presenza do galego no ensino infantil nas nosas cidades era do 35 %, agora non chegan ao 5 % os centros de infantil que empregan total ou parcialmente o galego en todo o país; e, segundo o IGE, máis do 22 % dos menores de 15 anos non saben falar en galego. ¡Niso consiste o seu declarado amor pola nosa lingua! E aínda ten o descaro de dicir –como dixo hoxe á mañá– que non hai que usar o galego como arma política. Vostede, precisamente vostede, ¡que se empoleirou á Xunta mentindo, falando dunha falsa imposición do galego! *(Aplausos.)*

Mire, xogou tamén ás aparencias para encubrir a inacción do seu goberno. Temos un bo exemplo na produción lexislativa. Presentaron leis carentes de contido; incluso reformas de leis que xa tiñan presentado nesta mesma lexislatura. E, con todo, nesta lexislatura só foron capaces de presentar 27 leis,

a metade que o bipartito, do que tanto lle gusta falar a vostede, e o mesmo número que as presentadas polo BNG. Mire, con 7 deputados e sen o aparato do Goberno, trouxemos a esta Cámara, nesta lexislatura, 26 leis. A última, a Lei de transferencia da AP-9 á Xunta de Galiza.

O acontecido coa AP-9 é todo un exemplo do seu desprezo polo autogoberno. Agora, coa lexislatura estatal acabada, para se lavar a cara, vostedes votan a favor da transferencia, pero a realidade é que durante sete anos non fixeron nada, e hai só catro meses votaron en contra da transferencia en Madrid tamén os deputados galegos e galegas do Partido Popular. *(Aplausos.)* E fixérono tamén coas preferentes. O mesmo día que votaban en Galiza a favor de que non se lles aplicase unha quita, o mesmo día votaron en contra en Madrid.

Señor Feijóo, en moitos debates nesta Cámara vostede gustou de lembrar os meus tempos de deputado no Congreso. Pois durante ese período vivín situacións como esta, ou situacións como estouta que lle vou describir. Goberno Zapatero, proposta do BNG para defender o noso sector naval. O PSOE votouna en contra, e vostedes –que estaban na oposición– votaron a favor. Goberno Rajoy, a mesma proposta do BNG con puntos e comas; pregúntelle ao señor Celso Delgado. O PSOE –agora na oposición– votou a favor, e vostedes –agora no Goberno– votaron en contra.

Ese é o xogo dos partidos estatais con Galiza, dicir unha cousa en Galiza e facer outra cousa en Madrid. *(Aplausos.)* ¡Ese é o xogo! *(Aplausos.)* Pero de todas maneiras voulle dar a oportunidade de demostrar que non xoga vostede ás aparencias, e de paso, se quere, de demostrar tamén que ten moito peso en Madrid. Comprométase aquí e agora a que o Partido Popular vai incluír a transferencia da AP-9 no programa das eleccións xerais. ¡Comprométase, señor Feijóo! *(Aplausos.)*

Mire, señor Feijóo, con vostede dáse un paradoxo: é presidente dun goberno autonómico pero non cre no autogoberno. Dixo en 2009 que ía dar continuidade ás demandas competenciais que o Goberno bipartito presentou perante a Administración do Estado, pero dende aquela non conseguiu unha soa competencia nin reclamou nin exerceu as que tiña.

Pasou a súa presidencia dicindo que non podía pagar o que non tiña para xustificar os recortes. Hoxe á mañá volveuno

facér. Dende o 2009 os recortes ascenderon a 10.000 millóns de euros, e, pese a iso, a débeda pública medrou en máis de 6.000. Vostede triplicou a débeda pública pero acepta un sistema de financiamento inxusto con Galiza, aínda a custa de hipotecar o país.

Mire, dende a entrada en vigor do actual sistema, Galiza leva perdidos máis de 7.600 millóns. Tocaba a revisión do sistema en 2014, mais o Goberno central incumpriu a lei e vostede acéptao; vostede, que di sempre que o primeiro deber dun gobernante é cumprir a lei. Outras comunidades reclaman a revisión e concretan as súas propostas e, nunha cuestión que debería de ser un asunto de Estado para Galiza, vostede segue dando a calada por resposta.

Interpeleino sobre esta e sobre outras cuestións na última sesión de control e o único que me contestou foi o seguinte: “Para defender Galiza o primeiro é cumprir o Estatuto e a Constitución”. Hoxe á mañá volveu dicilo. Sinceramente, señor Feijóo, ¿vostede leu a Constitución? Diga a verdade, os galegos queren un presidente que non lles minta; diga a verdade, por favor. ¿Vostede leu a Constitución? Vostede aínda non se enterou de que o único que queda da Constitución é iso de que *«El Jefe del Estado es el Rey»* e aquilo outro de que *«España es la patria común e indivisible de todos los españoles»*, y, si no, mandamos al ejército. ¿E aínda non se enterou de que iso é o único que queda da Constitución? ¡O resto cargárono vostedes!

Lea a Pérez Royo, catedrático de dereito constitucional. Fala de que xa non hai Constitución, que morreu como consecuencia do golpe de estado do Tribunal Constitucional. Vou lerlle unha cita textual das súas declaracións: *“Desde la sentencia del Tribunal Constitucional que echó abajo la reforma del Estatuto catalán, España carece de Constitución territorial. La Carta Magna estableció la integración de las nacionalidades en el Estado como un acto complejo que negociaban los parlamentos del Estado y el de la nacionalidad correspondiente. Y establecía sistemas de garantías: el Estado debía aprobar en las Cortes el texto autonómico, y la autonomía consultaba a su pueblo en referéndum si aceptaba o no las posibles modificaciones establecidas por el Estado. Eso se rompe en el 2010.”*, conclúe Pérez Royo.

E vostede, tan obsesionado con Cataluña, ¿é incapaz de comprender que iso tamén afecta Galiza? O seu partido car-

gouse as posibilidades de que as na-cio-na-li-da-des, en termos constitucionais, puidesen desenvolver o autogoberno e puidesen chegar a exercer un autogoberno real.

Mire, vostede di que para defender Galiza, o primeiro é cumprir o Estatuto, cando vostedes ¡converteron o Estatuto de autonomía en letra morta! Foron vostedes, señor Feijóo, ¡baleiraron o Estatuto igual que están baleirando o país! *(Aplausos.)*

Despreza tanto o autogoberno que dixo tamén que non toleraría ningunha asimetría, cando a asimetría, señor Feijóo, estaba na Constitución e no Estatuto; cando a asimetría –¡a ver se se entera, señor Feijóo!– favorece a Galiza, porque non somos Madrid, non somos La Rioja, somos nacionalidade histórica porque, queiran ou non, ¡somos unha nación! ¡A ver se se entera! *(Aplausos.)*

Mire, señor Feijóo, ningún analista dubida de que a cuestión central na vindeira lexislatura estatal van ser os dereitos dos pobos, por iso un constitucionalista como Pérez Royo dá por enterrado o marco e recoñece que o novo marco vai nacer das dinámicas xeradas nas nacións do Estado.

O Estado das autonomías é un modelo falido. Como xa lle temos dito, a crise dese modelo de estado só ten dúas saídas posíbeis, señor Feijóo: a ruptura do Estado ou a súa reformulación dende o pleno respecto aos dereitos dos pobos que o conforman. E, nese escenario, señor Feijóo, Galiza ten dúas opcións: a opción que o BNG –xunto con todos os que queiran compartir este proxecto– quere alentar, a da liberdade, a vontade como pobo de sermos protagonistas da nosa historia; ou ben a opción da submisión, de permitir que outros decidan por nós, en definitiva, a opción que vostede representa.

A centralización foi a vía que usou o seu partido para desmontar o Estado social, para concentrar aínda máis a riqueza e o poder económico; e vostede aceptou facer en Galiza de cabalo de Troia nese proceso.

Mire, cando falamos do dereito a decidir non o facemos porque sexa un presunto dogma de fe dos nacionalistas, nin sequera por razóns identitarias, facémolo para darlle ao pobo galego as ferramentas que lle permitan construír o seu progreso colectivo. Facémolo pensando no benestar dos galegos

e das galegas, porque o actual modelo nega ao pobo galego algo tan elemental como o dereito ao futuro, señor Feijóo. En Galiza o número de persoas que viven dun traballo é xa unha minoría. Nós non queremos ese futuro para Galiza.

A mocidade galega representaba no ano 2000 a cuarta parte da poboación ocupada; agora, pouco máis do 10 %. Nós non queremos ese futuro para Galiza, non queremos un futuro onde se asuma como normal darlle aos mozos unha maleta para emigraren, non queremos ese futuro, señor Feijóo. Queremos, en cambio, algo tan simple pero tan importante –algo tan elemental pero tan importante– como poder vivir dignamente dun posto de traballo na propia terra.

Mire, temos un país que é un verxel, con capacidade de producir alimentos para dar de comer a millóns de bocas, pero Galiza vai camiño de converterse nun deserto económico e poboacional.

Temos talento, fomos e somos punteiros en moitos campos da industria e do coñecemento. Temos cultura de traballo, temos capacidade de aforro, temos inmensos recursos naturais. Queremos que o pobo galego decida sobre a súa economía para mobilizar todos eses recursos, para crear riqueza e emprego no país; para que revivan as nosas cidades, a nosa costa, o noso campo; para que recuperen a alegría, señor Feijóo, que nunca deberon perder.

Mire, o galego é o noso ser; dicía Castelao que somos galegos por obra e graza do idioma. O galego é fonte de cultura pero tamén é fonte de riqueza, é unha ventá para comunicarse con 250 millóns de persoas no mundo, unha ventá de oportunidades para dar soporte a unha potente industria cultural e de comunicación. Por iso queremos potenciar o noso idioma e a nosa cultura.

Señor Feijóo, señoras e señores deputados, Galiza necesita abrir un tempo novo, un tempo que proporcione un horizonte, unha esperanza de futuro ao pobo galego. E vostede, señor Feijóo, non se engane, non ten outro horizonte que salvarse a si mesmo como lle dicíamos, mentres se derruba este país. Vostede non ten ningunha esperanza de futuro que ofrecer ao noso pobo. Por iso o mellor servizo que lle pode facer a este país, sinceramente, é irse; sinceramente, ese é o mellor servizo. E dános exactamente o mesmo que vostede marche para a súa casa ou que se vaia a Madrid, dános exactamente

o mesmo; pero, con todo respecto, dígolle o mesmo que lle dixo no seu momento a Felipe González o seu querido amigo Aznar: váiase, señor Feijóo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Jorquera.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: Coa venia da Presidencia, señorías, vaia por diante que a Alternativa Galega de Esquerda e eu mesmo, por suposto, facemos propio o alegato do portavoz do BNG e, polo tanto, non vou reincidir nas mesmas afirmacións e análises absolutamente certas xa feitas. Tentarei aportar unha visión complementaria. Como diría o señor Núñez: “noutra perspectiva”.

É ben sabido que, após a caída de Roma en mans dos chamados “bárbaros” –por estranxeiros– e a descomposición do Imperio Romano de Occidente, a cultura e a civilización da Europa abranguida por ese imperio atravesaron un longo período plurisecular de profunda e avesía escuridade, da que en rigor non darían saído plenamente até o primeiro Renacemento europeo, que o medievalista Georges Duby sitúa no século XII, no ano quince –curiosamente, o coñecido como “século de Xelmírez” na historiografía galega–.

Entre as explicacións ofrecidas polos historiadores de tan brutal e prolongado “retroceso histórico”, unha das teses formuladas sinala como unha das causas primordiais a seguinte: Roma herdara o universo cultural creado pola Grecia clásica, que abranguíaa dende a filosofía, as artes e as ciencias, deica as súas proxeccións nas artes aplicadas, ou sexa, na civilización técnica. Mais, durante a fase de declive do Imperio, o cultivo e transmisión do coñecemento filosófico e científico foran progresivamente desleixados, até confinarse case exclusivamente nos coñecementos útiles para a reprodución das condicións materiais de existencia da súa civilización, que non da súa cultura. É dicir, desleixouse a formación en aras do adestramento, abandonouse a investigación básica en favor da tecnolóxica, substituíuse o saber polas habelencias.

Así, cando caeu o Imperio, ao esborrallarse a organización política, desintegrarse a organización social, e destruírse en boa medida a realidade material da civilización técnica, no caótico mundo resultante emerxeu, imperante, a barbarie que xa rillara por dentro o anterior. E a carencia das indispensábeis bases filosóficas, científicas e artísticas impediu durante séculos a reconstrución non só da cultura, senón da propia civilización material fundamentada nesas bases culturais. Tiveron que chegar os árabes a Al-Andalus para reintroduciren, na estrema suroccidental de Europa, os saberes da Grecia clásica, para que Alberto Magno, Tomás de Aquino e os demais primeiros intelectuais do occidente europeo medieval puidesen redescubrir a Aristóteles, Platón, Arquímedes, Pitágoras, Hipócrates e todos os demais. É o Renacemento dos séculos XII-XIII.

A crisálida da barbarie empirista acubillada nas estruturas do poder da decadencia imperial, rillara como a couza aquel réxime e custara, logo, séculos de longa noite de pedra cultural, económica, política e social.

A barbarie de arestora, no actual fin de ciclo histórico, encárnana vostedes. E non me refiro só nin primordialmente aos ocupantes da Xunta en singular, senón ao urdido do que vostedes son un diminuto apéndice terminal, que vai dende os seus xefes no poder central do Estado, á súa vez monifates dos seu amos instalados en Berlín, Bruxelas e Wall Street.

Cando Ray Bradbury escribiu, en 1953, a novela distópica titulada *Fahrenheit 451* –sabido que é porque é á temperatura que arde o papel–, estaba a formular a premonición da deriva embrutecedora que vostedes, ou sexa, o urdido de poder materialista ao servizo da plutocracia, fan encetar medio século máis tarde no sistema-mundo ás ordes do inefábel brután chamado Bush II, e na Unión Europea do IV Reich coa abolición fáctica da cidadanía como expresión social da cultura democrática e republicana.

Dende o infame Plan Bolonia, que aniquila un sistema universitario europeo construído ao longo de novecentos anos, deica a anulación totalitarista da soberanía democrática dos pobos que, coma o grego, cometen o dislate de votar mal, ou sexa, ao contraño dos ditados do omnímodo rei Midas berlinés –léase Schäuble, ou como se pronuncie– e do devorador Minotauro global.

Alguén cientificamente tan solvente e ideoloxicamente tan pouco sospeitoso de extremismo ningún, como é James Galbraith, escribía –cando a Unión Europea botou ao lume a vontade democrática grega expresada en referendo e fixo un auto de fe co seu Goberno– que os poderes fácticos encarnados no famoso Eurogrupo –que carece de bases xurídicas nin regulamento ningún, ¿para que lle fai falta?– lograran enxendrar un híbrido monstruoso, literalmente, de “estalinismo en moldes neoliberais”.

Mais xa se sabe que, se cada vez que o resultado dunhas eleccións nun país se desvía do camiño cara ao inferno imposto polos autócratas, se houbese cada vez que rectificar ese itinerario a Eurozona –e, polo tanto para eles, a Unión Europea– sería ingobernábel. Schäuble dixit.

E é que estamos a vivir a fase final dun ciclo histórico. E, polo tanto, unha etapa de transición, coincidentemente en tres ámbitos superpostos: o do sistema-mundo, o da Unión Europea e o do réxime español malparido na famosa transición. Velaí o contexto no que cómpre, deberíase, enmarcar calquera debate de política xeral, como se titula este oficialmente, en calquera cámara de representantes que se prece de ser tal cousa –contexto no que, ademais, convén sinalar que aquí, onda nós, no Liliput autónomo galego, este debate é o derradeiro da actual lexislatura–.

Pois daquela, como en toda fase de transición, entrecrúzanse e coliden as dinámicas dos procesos que están a finir coas dos que están a emerxer, os fenómenos que están a periclitarse e morrer cos que están a xestarse e nacer. Son augas avoltas e arremuiñadas, que tornan arriscada e perigosa a navegación, como as desembocaduras dos ríos que forman unha foz ao verteren no océano: a corrente e nivel do río, segundo a estación; a da marea, en abalo ou devalo, viva ou morta; o vento de terra ou de fóra, de nortada ou de través; e os baixos e tesóns, co risco de ficar varado. Xa imaxinan. Pois éles así: resulta difícil pilotar con xeito.

A nivel do sistema-mundo, estamos na fase de caos sistémico causado pola crise de hexemonía da potencia dominante, que só domina aínda nos eidos monetario-financeiro e bélico. A equivalente fase historicamente precedente durou os trinta anos de guerras euroasiáticas –en palabras de Immanuel Wallerstein–, dende 1914 a 1945. Belicamente, enxendrou dúas guerras mundiais; financeiramente, rebentou co

crack de 1929 e a creba do patrón-ouro; socialmente, esmagou o común cidadán de todo o planeta coa Grande Depresión; e, politicamente, pariu a tiranía dos nazifascismos europeos –mussoliniano, hitleriano e franquista–, e tamén asiáticos, como o xaponés. Lindo balance apocalíptico sen sagradas escrituras. Non vou ofender a súa bagaxe de información enunciándolles os seus equivalentes actuais.

Só lles sinalarei dúas das analoxías. Primeira, a fuxida cara adiante hiperbelicista inaugurada polo Bush II, coas súas xenocidas guerras preventivas contra o eixo do mal –sen que ninguén lle puxese diante un espello–, que destruíron Oriente Medio e boa parte de África e enxendraron, primeiro, a enxurrada emigratoria que converteu as augas do Mediterráneo no meirande cemiterio europeo de afogados e, agora, o éxodo sirio traducido en, disque, crise dos refuxiados que non obteñen refuxio na Eurozona –porque iso non dá réditos nin plusvalías–, mentres os gobernos andan a relearen no reparto de cotas como na subhasta á baixa nas lonxas de peixe.

E, logo, os dereitos humanos, ¿u-os? Pois no papel mollado dos tratados da Unión, e abonda con iso, que quen transgride eses dereitos é Venezuela –que escolarizou e deu sanidade gratuíta e seguridade social aos *nadies* de Eduardo Galeano–, non a Hungría xenófoba que pecha as portas e maltrata os refuxiados, non o México do narcopresidente Peña e o masacre de Atzotitlán –e tantas outras–, nin o expresidente colombiano Uribe –máximo responsábel dos grupos paramilitares xenocidas–, nin o racista Estado de Israel; por suposto, tampouco o Schäuble, tan xelidamente impertérrito perante a crise humanitaria grega coma o seu antecesor ministro hitleriano Walter Funk verbo do traballo escravo imposto por el aos *unttermenschen*, os subhumanos –agora, os preguiceiros habitantes da Europa periférica do sur–.

Nin tampouco, en fin, o goberno golpista e declaradamente nazi de Ucraína, a quen Schäuble e CÍA –sen alusións– concederon este verán a condonación de débeda que un mes antes lle refugaran ao goberno socialdemócrata grego de Syriza. Porque o impagamento de Ucraína non nos vai custar cartos como nos custaría o de Grecia, ¿non si? Claro está, para Schäuble e Rajoy os extremistas sono os demócratas socialistas ou demócratas *tout court*, non os nazis de arestora, que son da familia.

E vostedes colaboran nesas infamias mentres impoñen o ensino da relixión católica da Contrarreforma no canto do latín, da filosofía, da literatura..., e do galego, claro. As humanidades, ¿para que?, se vostedes andan a fabricar un mundo de andróides a imaxe e semellanza súa.

A segunda analoxía trasládanos ao segundo nivel, o da Unión Europea. O edificio da Unión Europea esborrallouse, bombardeado pola artillería dos mercados, dende fóra, e, dende dentro, polo estoupido de fraudes coma o da Volkswagen, –por certo, fundada por Hitler, incluso o deseño do famoso *cochecito*–, que seica tampouco nos vai custar cartos aos demais, como nos custaran os buracos negros da banca alemá, e foi substituído por unha escenografía en cartón-pedra, ao xeito dos poboados Potemkin –os simulacros de vivendas do ministro tsarista famoso por iso mesmo e que, ademais de lle dar involuntariamente nome ao acoirazado, tamén famoso polo filme de Eisenstein, seguramente foi fonte de inspiración para os políticos aznaristas e rajoyanos promotores de obras megalomaniacas nunca utilizadas para os seus pretendidos destinos, dende aeroportos desertos a cidades da incultura, hoxe postas en saldo por catro reais ou desintegrándose a cachos por mor do ventimperio–.

Mais, en rigor, a verdade é que a construción da Unión Europea nunca se encetou sequera. No tránsito do Mercado Común a unha Unión Europea, a construción dunha auténtica unión política –anfitrión dun artellamento económico, social, cultural e cívico da diversidade europea e que, polo tanto, requiría un proceso democrático de abaixo a arriba, análogo ao da construción dun edificio confederal– foi suplantada por unha simple unión monetaria, nin tan sequera económica, a Eurozona, montada dende arriba ao ditado do ultraliberalismo –xa rampante daquela–, coa castración dos bancos de estado dos países membros e sen seren substituídos por unha institución comunitaria análoga –por caso, a Reserva Federal estadounidense– e, xa que logo, sometida a control político democrático e ao servizo dos estados e non dos mercados.

Razón ten o ex-ministro italiano de finanzas –e profesor, decano de constitucionalistas–, Giuseppe Guarino, ao afirmar, nun recente ensaio, que a implantación do euro foi un auténtico golpe de estado, polo tanto un acto totalitario xa na orixe, ben antes do cometido agora contra o Estado grego ou

no 2011 contra a soberanía tributario-orzamentaria das Cortes españolas.

Pois ben, nese contexto cadra a segunda analoxía que quería sinalarlles co caos sistémico do período de entreguerras do século XX. Así como o crack do 29 aconteceu por obstinar-se en manter un patrón-ouro incompatíbel coa realidade do sistema-mundo do entón, e así tamén como a subseguinte reacción suicida de teimar en non remudar o modelo provocou a Grande Depresión, así tamén o impacto do infarto de Wall Street no 2008 na Eurozona resultou letal por mor do aberrante deseño institucional desa unión monetaria, e a obtusa teimosía dos dirixentes políticos e os seus economistas zombis en sacrificalo todo á misión imposible de sosteren o euro, e o seu enxendro institucional, ao servizo dunha urda financeira irresponsábel e corrupta, foi a culpábel de que a crise financeira derivase na espantosa grande depresión que levan a pagar dende aquela as clases traballadoras e a cidadanía do común de toda a Unión, convertida en auténtica traxedia humanitaria en toda a súa periferia, dende o Báltico ao Mediterráneo e ás fisterras atlánticas –onde estamos nós, os ex-cidadáns e cidadás galegas–.

De nada valeu que as cabezas pensantes máis honestas e solventes do planeta nas ciencias sociais denunciasesen argumentadamente a loucura dese camiño cara ao inferno. Tampouco valeu até agora que a cidadanía máis lúcida ou máis agredida entrase en esforzado combate democrático de lexítima defensa. A barbarie que vostedes encarnan non atende a razóns, nin intelectuais nin éticas, nin científicas nin morais, nin democráticas nin humanitarias.

Vostedes, como todos os mercenarios da historia, como todos os “asoldados”, só cumpren ordes de xefes, caudillos, *duces* ou *führers*, e cando cómpre aplícanas *manu militare*. Vostedes non pensan ou, ao sumo, só pensan en metálico.

É o sempiterno combate da forza da razón fronte á razón da forza, e non vou mencionarlles unha frase, que os sorprendería, do pacifista Camus –xa citado aquí– nas súas famosas cartas a un amigo alemán baixo a ocupación nazi de Francia.

O devandito vén ser un simple esbozo de urxencia do contexto no que se sitúa a acción, disque de goberno, do seu partido –o PP– tanto no poder central do Estado como na flamante Comunidade Autónoma galega. É o contexto que

determina a aplicación de mortíferas políticas que inverten a relación normal entre o poder –cando é democrático, cando pretende ser democrático– e os cidadáns: no canto de actuar con criterios de interese xeral ao servizo do benestar das xentes do común, practican a sistemática agresión en contra delas co criterio do interese dos seus amigos-amos.

Certamente esa deriva perversa do réxime a nivel de Estado e da Autonomía galega ten resultado agravada por determinadas eivas conxénitas –ás que xa me levo referido noutros debates análogos anteriores, a empezar polo celebrado cando a súa investidura, señor Núñez, de xeito que lles vou aforrar reiteralas, e só farei uns poucos apuntamentos recordatorios.

O primeiro refírese á xestación do réxime actual –hai que facer memoria cando pretende borrarla–. Convén lembrar que o Estado español é o único caso en Europa no que, ao remate dun réxime totalitario fascista, non se abriu un proceso constituínte democrático *ex novo*, senón unha reforma política –do irreformábel– pactada por arriba cos xerifaltes do criminal réxime precedente.

É dicir, unha fraude ética e política á cidadanía toda e, especialmente, aos que xogaran liberdade e vida na loita contra a tiranía –que matou até última hora–; así, por caso, o impune asasinato dos avogados antifranquistas de Atocha, ou o dos cinco derradeiros loitadores antifascistas –dous deles galegos– fusilados mentres o vello marrán agonizaba entubado na cama, e do que veñen de se cumprir corenta anos o pasado mes de setembro –coido que o día 27, exactamente–.

Por riba, a aberrante lei de amnistía de 1977 non amnistiou só os condenados pola tiránica legalidade franquista –faltaría máis– senón tamén, e sobre todo, a grea de criminais políticos, torturadores e asasinados mercenarios do réxime parido polo xenocidio franquista. Dirán vostedes que é auga pasada que xa non vén a conto, que non move muíño, mais aínda hai poucos meses que esta Cámara votou en contra da proposta de reforma desa lei formulada polo BNG, ciscándose así no informe do relator das Nacións Unidas que o requiría e declaraba imprescritíbeis os delitos daqueles criminais amnistiados. En contraste, na Arxentina que vostedes desprezan, a Lei de punto final foi derogada xa hai anos polo presidente Kirchner. Aprendan, por favor

O segundo atinxe á restauración da monarquía borbónica, pois o pacto constitucional declarou monarca un Borbón que fora ilexítimamente investido como rei polas cortes franquistas en aplicación, nada menos, que da Lei de sucesión de 1946, unha das *Leyes Fundamentales del Movimiento Nacional* fascista español –os estudantes de Dereito tiñamos que aprender esa lei ao pé da letra nos anos 50–. Esas leis fundamentais que na transición os promotores de Alianza Popular pretendían manter vixentes –retocadas, iso si–. A mesma lei que, por certo, xa daquela declaraba España reino, cun rexente vitalicio, e que a Constitución tamén asumiu –sen rexente, claro, por difunto–.

Tampouco iso é auga pasada, porque esa fraude vén de ter segunda edición na subrepticia substitución de Juan Carlos I por Felipe VI sen consulta ao –disque, segundo vostedes– *pueblo soberano de la nación española única e indivisible*.

O terceiro consiste no inxustificábel rexeitamento de recoñecer constitucionalmente o dereito de autodeterminación, proclamado polos máis altos organismos da comunidade internacional e documentalmente asumido por todas as forzas democráticas clandestinas no tardofranquismo –Felipe González incluído, como me consta por ter sido membro, igual ca el, da Conferencia Socialista Ibérica en representación do xa histórico PSG–.

A cousa foi un grave contrasentido antidemocrático nun estado sociopoliticamente –ou sexa, obxectivamente– plurinacional como é o español, e tivo funestas consecuencias, dende a violencia de ETA, que de ser recoñecido aquel dereito non tería existido, deica o calexón constitucionalmente sen saída do potente proceso cívico-independentista catalán de arestora.

Tampouco isto, polo tanto, é auga pasada, senón outro dos pecados orixinais –en léxico do seu catolicismo de cartón pedra– que, conxugados cos pecados capitais da constante involución aceptada xa a partir do madrugador golpe de estado do 23F de 1981 –só falido a medias–, e logo agravada e acelerada polo impacto devastador do furacán ultraliberal, procedente de Mitteleuropa, sobre as cláusulas constitucionais garantistas das liberdades cívico-políticas e dos dereitos laborais e sociais do común cidadán; e explican abondo o proceso de descomposición institucional e social do actual réxime, que acada o estado de putre-

facción neste fin de ciclo histórico, no curral nublado pola endémica corrupción, onde se está a representar aquel premonitorio *Celtiberia Show* da extinta revista *Triunfo*, amén da reposición da *Corte de los Milagros* e algún dos esperpentos máis soados de don Ramón María del Valle-Inclán.

Por suposto que, no contexto da Restauración borbónica, a Autonomía galega tamén padeceu eivas conxénitas ou pecados orixinais –díxenlle xa que as sinalara cando a súa investidura e non as vou reiterar–.

Entre o raquitismo das competencias realmente exclusivas atribuídas no Estatuto, a progresiva e impune invasión de todas elas polo poder central, e mais que aquí –a diferenza de Euskadi e Cataluña– as forzas alóctonas da dereita reaccionaria española ocuparon Xunta e Parlamento todo o tempo, agás lexislatura e media –que levamos un terzo de século–, as eivas conxénitas multiplicaron a especie e tollerón a capacidade de autonomía para servir Galiza, até convertela en simplemente aparente ou virtual. Inclusive durante os mandatos do home de Estado que era o presidente Fraga, a quen disque lle cabía ese Estado na cabeza, e que tentou botarlle o pulso ao poder central do seu propio partido e sabemos que non puido.

Mais chegaron vostedes coa súa brigada de demolicións e fíxeron o que nin Fraga pretendía facer e semellaba inconcibíbel: deron o salto cualitativo de utilizaren as institucións da Autonomía contra o autogoberno dos cidadáns e as cidadás galegas. Puxéronas ao servizo da metrópole ultraliberal teutona e da súa sucursal carpetovetónica da Moncloa.

Primeiro, dende a oposición boicotearon a reforma ampliadora e fortalecedora do Estatuto, promovida polo bipartito e claramente apoiada pola sociedade civil, como se puxera de manifesto na rolda de comparecencias celebrada daquela neste Parlamento.

Despois, empoleirados na Xunta, procederon a converter o Estatuto nun esqueleto sen músculos, nin nervios nin sangue; e, o peor de todo, sen cerebro.

Non lles vou facer aquí o inventario dos seus estragos, parte deles xa os fixeron as dúas deputadas do Grupo Mixto e máis o compañeiro Jorquera, e farállelos a miña compañeira

Yolanda Díaz na defensa das nosas propostas para tentarmos remedialos.

Só relembrarei, brevemente, os seus sete pecados capitais, aínda que cumpriría engadir o feminicidio: 34 mulleres galegas asasinadas dende 2009, para completarmos así a relación primixenia de San Casiano, no século VIII, que seica eran oito en vez de sete.

Algunhas mostras recentes deses estragos:

Un: o espolio e bloqueo da enerxía eólica e demais alternativas, coa submisión aos estafadores conglomerados das eléctricas, a expatriación de Fenosa, a agresión á autoxeración culminada agora polo ministro Soria co novo trabuco; o escándalo do falso déficit tarifario; falsificación dos contadores –amén de Sogama e a brutal contaminación polas termoeléctricas–.

Dous: o roubo das caixas xa mencionadas, regaladas despois de sanealas con 9.000 millóns pagados polos cidadáns, ¡para que os novos propietarios fixesen 1.500 de beneficios no primeiro ano! –seica estaban moi mal, pero 1.500 de beneficios, díxose–. E o secuestro da súa fundación, e aínda lles bican a man, agora recentemente por unha esmola de 18 millóns de euros.

Tres: o exterminio dos gandeiros, sometidos á extorsión das industrias e das distribuidoras, fomentada pola Xunta sen ter movido un dedo na súa defensa, nin menos aínda en previsión da supresión de cotas do leite anunciada pola UE hai ben tempo, e polo que foi interpelado múltiples veces durante o ano pasado nesta Cámara, ¡sen que houbera nunca resposta nin fixesen nada!

E no mar, o acoso ás frotas de altura e baixura; o escándalo do mexillón de fóra envasado en conserva aquí como produto galego ou a nova ofensiva das piscifactorías de peixe-lixo, –anunciada, polo visto–.

Catro: a redución das xentes traballadoras á escravitude e á inseguridade: case 200.000 parados sen subvención; virtual desaparición dos postos de traballo estábeis; xeneralización dos contratos en precario, ás veces nin temporais, só episódicos e pagados por equis horas para traballaren o dobre delas, sen cotizaren os amos á seguridade social, ou sen tempo para adquiriren dereito ao paro nin á xubilación.

E, como consecuencia, o éxodo da mocidade neste país envellecido que perde habitantes cada ano. Por riba, aos retornados que traballaron fóra toda a vida –como xa lembraba Jorquera– cóbranlles impostos polas xubilacións que xa tributaron nos países que llelas pagan.

Cinco: a conversión do ensino e a sanidade en mercadorías para quen poidan pagalas –a privatización é grave, máis grave, moito máis grave é a mercantilización dos bens sociais e culturais–.

Constante redución de plantillas de persoal médico e sanitario, servizos –e incluso hospitais do Sergas– entregados como negocio financiado con fondos públicos a especuladores privados que, por riba, fan fraude –como no de Vigo, non vou insistir–.

Cobro de fármacos a enfermos graves, crónicos ou anciáns, ou atentados ás súas vidas como no caso da hepatitis C –absolutamente sublevante o que pasou nesta Cámara nunha ocasión: ¡pasaron todas as fronteiras da decencia, da máis elemental sensibilidade!–.

Todos eses son auténticos crimes contra os dereitos humanos. O mesmo que o desmantelamento dos servizos sociais a dependentes, diminuídos, o escarnio do Risga, etc., etc.

Seis: o etnocidio, ou sexa, criminal desleixo e mesmo agresión á cultura, patrimonio e idioma propios do pobo galego; mais tamén á cultura sen máis, a toda actividade cultural, creación e investigación científica, ou sexa, inoculación da barbarie na sociedade. É o seu obxectivo: canto máis besta sexa a xente máis posible é que voten o PP por alienación, entón ese é o choio.

Sete: o ecocidio, agresión aos ecosistemas e ao medio ambiente, desprotección dos espazos naturais, dende todas as fronteiras da barbarie utilitarista: eucaliptización, pandemia dos incendios, cultivos enerxéticos e transxénicos, exterminio das sementes autóctonas, contaminación das rías, os ríos e atmosfera, minería salvaxe. Todo agravado polas súas leis de montes, do solo, de augas, de costas; foron metidas aquí e o que fan é agravar o problema.

Os seus plans de actividades extractivas, de acuicultura litoral, toda unha batería preparada para acometer un novo

macroespolio por se acaso remata a gran depresión –mais daquela, por fortuna, non estarán vostedes no poder–.

Lémbrense ben, hai agora dous anos este portavoz enunciaba unha diagnose do “estado de ánimo e actitude dos diversos sectores cidadáns”; desglosaba dous tipos: “os que se senten impotentes, desesperan e se resignan, e os que se arrepoñen, autoorganízanse e combaten fronte a tanta barbarie do poder”. E arriscábame a prognosticar: deses está a vir a marea de revolución cívica que acabará co poder ignaro e autocrático de vostedes. Tomáronme outra volta por tolo; mais, na primavera seguinte, esa marea de revolución cívica emerxeu a nivel do Estado nas eleccións europeas e, un ano máis tarde –na primavera pasada, coas eleccións municipais–, a marea de revolución cívica traducíuse, literalmente en Galiza, nas grandes mareas que asolagaron cunha vivificante enxurrada democrática os castelos rochedos dos tres grandes feudos que vostedes aínda dominaban no arco que vai do Golfo ártabo á cabeceira do Sar.

¡Menudo éxito o do señor Núñez! Se cadra tamén do señor vice –¿é vice, non?, si–, que puxera dixitalmente o seu mellor conselleiro ao mando do tamén seu esperpento compestelán, que declarara Ferrol base naval inexpugnábel da súa armada, e até proclamara o seu alcalde da Coruña como o mellor alcalde de Galiza.

Pois alén desas tres grandes, as mareas entraron tamén nas corporacións das restantes cidades, incluída a miña materna Vigo do arrase *caballeresco* –onde, por certo, a súa xentil conselleira de Facenda marcou o peor resultado do PP en toda a historia da cidade–.

Claro, el dicía que mandaba os mellores para os concellos, despois diso colleunos dos concellos para repoñer no lugar dos mellores; ou sexa, o criterio é que, en vez de que a mellor xente teña que estar no Goberno que el preside, ten que estar nos concellos, ou ir á primeira liña, porque para a Xunta, para gobernar, vale calquera con tal de que estea el.

En conxunto, houbo por toda a Galiza adiante até setenta candidaturas municipais desa mesma índole ou análoga, con protagonismo cidadán en fórmulas variábeis de unidade popular. Ao día seguinte das municipais, na OPA do Estado, as vitorias da rebelión cívica en clave de unidade popular tiñan nomes de localidades singulares: Barcelona en Catalu-

ña, Madrid no centro do Estado, Zaragoza en Aragón ou Cádiz en Andalucía. Só a respecto de Galiza se conxugaban en plural cun rótulo xentilicio: eran as mareas galegas. Abraio xeral: “mira ti, no consabido feudo do PP, *¿quién te lo iba a decir?*”

Esas formas emerxentes de participación directa na confrontación político-electoral dunha cidadanía farta de representantes electos que, como dicían eles, “non nos representan”, constituíron unha nova expresión da cultura cívico-política da esquerda social e dos valores republicanos. Foron elas o auténtico motor do salto adiante que se operou con ocasión das municipais; ese insólito triunfo da infantaría civil fronte á artillería do PP e mais a Brunete mediática marcou unha clara inflexión cara adiante na descomposición do réxime, reforzada polo que un sinalado constitucionalista ten definido como auténtico “proceso deconstituínte” que opera como as tenazas: propulsado dende abaixo, lexitimamente, pola rebelión cívica, mais tamén dende arriba –só que espuriamente– pola actuación do PP nas cámaras lexislativas, que leva derogado *de facto* os postulados cardinais e cláusulas garantistas do estado democrático e social de dereito proclamado na Constitución de 1978, e suplantando así, subrepticamente, o modelo de constitucionalismo democrático inicial polo de constitucionalismo oligárquico actual.

Vou rematar.

Derrotarmos esa oligarquía, desaloxármola do poder, restaurarmos a democracia, abriremos de vez un novo ciclo: eis o reto que temos diante, a batalla que cómpre libramos xa nas vindeiras eleccións ás Cortes do Estado.

Mais para acadarmos ese obxectivo é preciso artellar entre si os diversos actores que están polo labor, e definir conxuntamente os eixos vertebrais dunha estratexia acaída para que o pobo galego irrompa como suxeito político soberano no escenario desas vindeiras eleccións ás Cortes.

É ese o primeiro requisito, a presenza e participación do pobo galego como suxeito político de seu nese combate a prol da rexeneración democrática da sociedade, porque un pobo sometido a espolio colonial como o galego só pode confiar nunha mudanza de ciclo político na que el mesmo sexa decisor soberano dos seus actos.

Nada recibiu nunca o pobo galego da España eterna, e ben demostrado está xa que a autonomía outorgada, hai xa un terzo de século, non lle serviu para resolver os seus graves problemas endémicos, sexan sociais, ambientais, económicos, culturais ou lingüísticos. Menos aínda para se emancipar Galiza da súa sempre eterna condición de serva.

Todos os que dicimos asumir e defender o dereito á libre decisión dos pobos-nacións do ámbito do Estado debemos, congruentemente, asumir ese principio, ese postulado.

A nación galega integrámola todos os cidadáns e cidadás que somos galegos e galegas de nación, que non de nacemento, pois quen vive e traballa integrado en Galiza, asumindo esa integración, é tan galego como o que naceu nela.

O pobo galego é unha comunidade de orixe e unha comunidade de cultura xestadas e forxadas ao longo da historia dende hai máis de dous milenios, como cantan Mini e Mero, xa estabamos por aquí cando chegaron os romanos.

Mais en moldes democráticos, a nación galega é o conxunto da cidadanía que a integra, e ese é o suxeito político titular da soberanía nacional. E ese é o que ten que protagonizar o combate na palestra política, mais ese conxunto non é un saco de area, é plural e internamente diverso, dende a estrutura de clases deica o aspecto ideolóxico; polo tanto, a nación sobarda o espazo social do nacionalismo malia que as formacións políticas e cívicas nacionalistas foron historicamente —e seguen a ser arestora— as ferramentas primordiais da construción efectiva da nación galega como suxeito soberano.

De xeito análogo, a esquerda socialmente insistente sobarda o espazo das diversas forzas políticas que se reclaman de esquerda, e, xa que logo, as chaves para arterllarmos os diversos actores que están a participar no devandito proceso deconstituínte, asumindo a nación en clave de esquerda e maioría social; ou sexa, clases populares e común cidadán.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Vaia rematando, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: Cada un deles ten a súa etioloxía, o seu espazo de loita e a súa perspectiva sobre o conxunto, mais todos son necesarios: as mareas municipais, as plata-

formas e movementos cívicos e sociais activos na sociedade civil e as forzas políticas, confrontadas cos poderes que agreden os cidadáns do común.

Remato xa.

Cómpre pois, logo, que cidadáns autoorganizados e forzas políticas leais a eles loitemos conxuntamente nunha estratexia de unidade popular para darmos remate a este fin de ciclo; é dicir, para darmos cabo deste corrompido e agónico réxime político e encetarmos, tanto na Galiza como no ámbito completo do Estado, un ciclo novo. Cómpre rescataremos a democracia, hoxe secuestrada —como xa dixen— polos sátrapas da Unión Europea e os seus lacaios en Madrid e San Caetano.

Cómprenos, si, reinstaurar e reinstituír a democracia hoxe facticamente abolida dentro da Unión Europea e facérmolo en matriz solidariamente republicana. “Non che hai outra”, como din nestes casos os meus veciños do rural, e eu subscribo e exhorto a todos e todas a pór en obra.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Beiras.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente, señorías.

Hai un ano dixemos que este goberno estaba esgotado. A semana pasada vostede deunos a razón substituíndo a metade da Xunta. Hoxe reconece ter escoitado o clamor das rúas, o clamor da xente, e anuncia un paquete social. Benvida sexa a rectificación.

Durante seis anos destrozaron a esperanza de tantísimas persoas golpeadas pola crise; agora reclama fe no futuro mentres ofrece caridade en forma de subsidios múltiples. Moi eclesiástico, tanto como o seu ataque á igualdade que exemplifica nun goberno de 4 conselleiras sobre 11 membros. *(Aplausos.)*

Con todo o respecto, señor Feijóo, debo dicirlle que a súa credibilidade está perdida. Demasiadas promesas incumpri-

das: de creación de emprego, de investimento, de recuperación. Tendo maioría absoluta no Estado, en Galicia e en case todo o poder local, decidiron escoitar pouco e mandar moito. Aprobáron sen dificultades as leis e normas que querían. Vostedes dicían durante anos que viviamos por riba das nosas posibilidades e agora moitos viven por debaixo das súas necesidades.

A fenda entre unha minoría beneficiada e unha maioría prexudicada é maior que antes. Empobreceron a clase media por primeira vez na historia moderna; racharon co principio de que cada xeración debe ter máis rendas e oportunidades. Moitos galegos hoxe viven peor cós seus pais, sabendo que os seus fillos poderán vivir aínda peor: con salarios insuficientes, traballos precarios, pensións en risco e prestacións minguantes.

Hoxe esforzarse no estudo non é garantía de traballo nin traballar garante un salario suficiente para vivir. Nin sequera pagar impostos garante ter servizos públicos de calidade.

Logo destes anos, señor Feijóo, a situación económica segue sendo incerta; a situación laboral, lamentable; o retroceso da calidade de vida, enorme. Teño que dicirlle unha vez máis que a recuperación só será xusta se é recuperación para a maioría das persoas. É falso que teñamos que elixir entre economía e benestar, como é falso dicir que non podemos manter os dereitos sociais conquistados.

Rajoy, vostede e o Partido Popular decidiron unha política económica que chamaron de austeridade. Dixeron que a economía dun país era como unha familia que tiña que pagar débedas reducindo gastos, esquecendo que o gasto público xera ingresos para as persoas, tanto directos como indirectos. A crise foi pagada polos asalariados e autónomos por unha dobre vía: a devaluación salarial e a restrición das prestacións do Estado de benestar, xa foran pensións, subsidios, medicinas ou becas. Os resultados son notorios: hoxe o beneficio bruto das empresas é máis elevado que antes da crise, máis elevado que antes da entrada no euro, e, polo contrario, os salarios retrocederon, ¿sabe canto? ¡Vinte anos!

Ofreceron ás empresas condicións laborais máis laxas e baixadas de impostos, mentres os salarios sufrían a presión fiscal. Por cada 100 euros de valor engadido creado, o factor traballo perdeu 9. A produtividade mellorou pola devalua-

ción salarial e non polo investimento de capital das empresas, que non existiu ata este mesmo ano.

A devaluación interna é insostible, non hai futuro competindo con salarios máis baixos e precariedade laboral; sobran países competidores con condicións aínda peores, como non é sostible fialo todo á recuperación das exportacións e ao saldo comercial favorable, agás unha forte aposta polo valor engadido, que non existe. Nin cabe confundirse cos efectos conxunturais de políticas alleas que vostedes non controlan: como a depreciación do euro, a caída do prezo do petróleo ou as axudas do Banco Central Europeo.

Vostede, logo de seis anos, é o presidente do paro. Temos 250.000 parados, un cuarto de millón, 90.000 máis que no ano 2009. Porcentualmente nestes anos –señor Feijóo, anote o dato– o paro en Galicia aumentou o dobre que en España, e mentres perdemos o dobre de empregos –sempre porcentualmente–. Hoxe temos menos poboación activa, menos poboación ocupada e menos cotizantes á Seguridade Social que no 2009. Perdemos a cuarta parte dos empregos industriais e a cuarta parte dos empregos agrarios. En 90.000 fogares galegos, señor Feijóo –que son 1 de cada 10–, só viven parados. Ese é o seu retrato, ese é o seu balance.

Non son datos, o paro ten rostro, son persoas que necesitan vivenda, alimentación e vestido, que teñen cargas familiares. Teñen dereitos e deberían de ter unha esperanza que vostedes lles negan. Seis de cada dez non cobran desemprego, máis da metade son crónicos de longa duración e perderon as prestacións; destes vostede non falou hoxe. A Risga chega a unha minoría –logo de seis meses de espera–.

Vostede creou unha nova clase social de excluídos. E hoxe, en lugar de afrontar as causas da exclusión, ofrece o asistencialismo a gran escala. É un círculo vicioso: haberá máis pequenas axudas e máis xente estigmatizada coa pobreza, da que non poderá saír.

A pesar da propaganda, o paro apenas cede. Último informe de Abanca sobre a economía galega. Literalmente di que para baixar do 10 % do paro teríamos que medrar 16 puntos máis. Señor Feijóo, coa súa política non parece probable. ¿Lembra canto medramos o ano pasado? Medio punto, a terceira parte de España. E dinnos que farán falta 16 para bai-

xa ao 10 % do paro. Señor Feijóo, ¿a cantos anos fía a recuperación das persoas?

Vostedes mentiron gravemente. Prometeron unha reforma laboral para rematar coa precariedade e foi exactamente ao revés. Os novos contratos son case sempre precarios; a duración media do contrato, señor Feijóo, é de 54 días –menos de dous meses–; e a cuarta parte dura menos dunha semana, mesmo na Administración que vostede dirixe, mesmo na Consellería de Sanidade –contratos por días, contratos por horas–. A metade dos asalariados xoves, a metade dos que traballan e que son asalariados e xoves, están en precario; a metade dos asalariados galegos ganan menos de mil euros e un terzo ganan menos do salario mínimo. ¿Vostede dáse unha idea de como se vive con eses salarios e das renuncias que teñen que facer esas persoas? Non falou nada deles esta mañá.

Baixos niveis salariais e precariedade teñen consecuencias nas pensións. Vostedes están liquidando o fondo de reserva da Seguridade Social e ao mesmo tempo están baixando as cotizacións, porque, claro, as bases salariais son moito máis baixas. Non é difícil prever cara a onde nos levan. Temos as pensións máis baixas do España en Galicia, pois vostedes conxeláronas por lei e desvinculáronas do IPC, restando así poder adquisitivo. E os emigrantes pensionistas son un exemplo extremo da súa insensibilidade: dous anos protestando aquí para que vostedes asumiran que había que empezar a corrixir unha situación escandalosa, e hoxe aínda quedan miles de casos sen resolver.

Gastamos menos en dependencia que a maior parte das comunidades autónomas e, sen embargo, temos unha lista de espera maior, 27.000 persoas. Señor Feijóo, só neste ano morreron mil persoas co dereito recoñecido, sen chegar a ter a prestación. Isto si que é un esquema administrativo innovador: recoñécense dereitos pero adíase indefinidamente a percepción do dereito. ¿Cre que a xente pode vivir co recoñecemento do dereito en lugar de percibir unha prestación?

Están favorecendo a privatización de todos os servizos sociais, e ademais estana concentrando en catro empresas –si, é así–; e mentres impídenlles ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que poidan xestionalas. Reduciron a demanda revisando de oficio os beneficiarios e creando un verdadeiro labirinto burocrático para desanimar os novos

solicitantes, recortaron 800 empregos en centros sociais, baixaron orzamentos e subiron taxas. ¿Consecuencia? A xente retira os seus familiares das residencias e centros de día. Señor Feijóo, as ratios de prazas residenciais para persoas discapacitadas, ou para centros de día, ou para residencias de maiores, son peores que a media do Estado. Pero, ¿como pode vir aquí e falar con ese desparpajo do gasto social?

E soamente lle conto algúns datos da situación social, resúmense nun: o gasto social baixou en 1.500 millóns de euros anuais; e por iso moitos galegos votan cos pés, marchando do país. Son fundamentalmente as persoas novas e cualificadas, e agrávase así a sangría demográfica. E vostede quérea frear recuperando un cativo cheque bebé. ¿Pero vostede xa non se lembra de como vilipendiaba a Zapatero por medidas semellantes? (*Murmurios.*)

Señor Feijóo, o Partido Popular é abandeirado da desigualdade, poderíamos dicir que é o seu sinal de identidade, o rasgo que mellor o define. Fixeron unha reforma fiscal regresiva, á medida das rendas máis altas –tome nota do dato–. En Galicia as rendas baixas e medias pagan máis impostos que a media estatal, e, sen embargo, as rendas altas pagan menos impostos que a media estatal. ¿A iso como lle chama?

Agora baixarán dous puntos no IRPF, ¿será porque hai eleccións ou porque non necesitan ingresos? ¿Pode explicar cantos médicos deixarán de contratar con ese aforro? ¿Ou cantas prazas en centros de día deixarán de atender? E, por certo, ¿como vai ser esa baixada?, ¿da totalidade da declaración do IRPF ou soamente dos 12.000 primeiros euros? ¿Baixa linealmente para os que máis ganan e para os que ganan menos? ¿E non baixa nada para os que non teñen que tributar polo IRPF, que cos salarios que antes comentei son moitos, pero que, sen embargo, soportan taxas, copagos, novos impostos na factura da luz e do gas, da auga e do lixo, nos combustibles, nos medicamentos, nos servizos sanitarios e sociais e que ademais soportan dúas subas do IVE? ¿A iso chámalle vostede fiscalmente como?

Noutras comunidades –para a súa ilustración– isto faise de xeito progresivo. Andalucía, por exemplo, rebaixará dous puntos a todas as rendas inferiores a 60.000 euros, pero adaptará os tramos para manter a progresividade. Vostede, sen embargo, afonda na desigualdade. Por certo, debería de

explicar como van cadrar as contas se aumentan os gastos, reducen os ingresos e non poden emitir débeda.

Fiscalmente, ademais de inxustos, vostedes son erráticos, aumentaron a fiscalidade sobre a vivenda, eliminaron a desgravación por compra e incrementaron o valor catastral, revisando valores con tipos máximos. A súa política fiscal resúmese en: dureza cos honrados, asalariados e pensionistas e benevolencia para os defraudadores, que son amnistia-dos. (*Aplausos.*)

Vostedes, señor Feijóo, non cren na igualdade de oportunidades. A terceira parte das persoas galegas de 25 a 34 anos só teñen estudos primarios ou de ensino obrigatorio, ensino ESO. Poucos países presentan datos peores. Para converxer cos países punteiros en Europa necesitaríamos crear 250.000 novos empregos de técnicos e profesionais, que exixen alomenos nivel de Bacharelato ou Formación Profesional Superior. Sen embargo, non están aproveitando o elevadísimo paro para incrementar a cualificación. Vostedes optaron por algo moito máis sinxelo pero menos útil, a LOMCE; unha lei ideolóxica na que evitaron discutir problemas e solucións, na que rexeitaron consensos sociais ou políticos. Vostedes implantaron o que non existe en Europa, as reválidas, e obviaron o que alí funciona, a orientación cara ao éxito das persoas.

Crearon unha Formación Profesional Básica sen un euro nin para equipamento nin para material, e mesmo sen regular o título final. É o xeito máis claro de dicir que non vale para nada. A FP Dual —da que vostede falou hoxe— en Galicia é soamente o 1 % do total da poboación do Estado. Temos o 6 %, señor Feijóo. E en canto ao ensino de idiomas, diga o que diga, señor Feijóo, os últimos datos do Ministerio do señor Rajoy son desoladores para esta comunidade. Lea, lea o informe.

Temos o dobre de abandonos escolares prematuros que na maioría dos países avanzados. Si, menos que nas comunidades onde hai inmigración e outros problemas, pero moitos máis que nas comunidades autónomas punteiras en ensino. Temos o triplo de fracaso escolar que na OCDE, o que significa que, ademais de despilfarrar recursos, estamos abandonando un elevadísimo número de estudantes, que —non é casual— proceden dos niveis socioeconómicos máis febles. É falso, señor Feijóo —dígollo rotundamente—, que debamos

optar entre equidade e excelencia. Podemos e debemos ofrecer mellores oportunidades de igualdade coas mesmas medidas probadas noutros países.

Mire, o mellor indicador que hai neste tema é o número de becas. Co Goberno Zapatero o número de becas medrou un 76 %; co Goberno Rajoy as becas estatais en Galicia baixaron un 21 % en contía e un 6 % en becarios. As becas galegas do seu goberno baixaron un 23 %, e a metade dese orzamento non se executa. Sobran datos.

Señor Feijóo, as hemerotecas están cheas de declaracións súas e de promesas de investimentos, de oportunidades económicas, de creación de emprego. Os datos publicados déixano en mal lugar, non soamente os de hoxe de Eurostat. No ano 2014 o investimento estranxeiro en Galicia baixou un 77 %, descontando as entidades de tenencia de valores ou instrumentais. Decimoterceira posición en España, cun 0,3 %, mentres en España medraba case un 10 %. Iso indica que dende fóra nos ven pouco atractivos. No índice de competitividade da Unión Europea estamos na posición 182; oia, a 60 postos nada menos que dunha rexión da que sempre se fala que temos similitudes con ela, como é a Bretaña francesa.

A semana pasada un informe do Banco Mundial subliñaba que as facilidades para facer negocios en España son peores que en Macedonia e, dentro de España, Galicia é a que presenta máis dificultades. ¿De que serviron as leis que vostedes trouxeron aquí para aprobar coa súa maioría e onde rexeitaron escoitar as emendas que lles faciamos os grupos da oposición pedíndolles alomenos rigor?

Eses informes europeos ao mesmo tempo subliñan o que debemos facer: incrementar a penetración das novas tecnoloxías na produción e mellorar a calidade do mercado laboral e o esforzo en I+D. Vostede, en lugar de seguir esas directrices europeas, contrata empresas para captar investimentos, asumindo de paso que os 18 millóns de euros regalados sen concurso á Confederación de Empresarios non serviron para nada. En I+D, diga o que diga, recortan escandalosamente, como fai tamén o señor Rajoy, no senso contrario ao que está facendo toda Europa.

Ademais, o exceso de propaganda ao final vóltase contra vostedes. Vostedes publicitaron cada ano, en colaboración co Ministerio de Industria, un programa de axudas á indus-

trialización das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, durante tres anos. Anunciaron 137 millóns de euros en axudas. ¿Sabe cantas concederon? Concederon 13 millóns, o 10 %. E, se tivera que entrar na análise das axudas concedidas, aparecerían exemplos cimeiros do chamado “capitalismo de amiguetes”.

Pero quero ser positivo. Mire, hai unha oportunidade que non deberíamos desperdiciar como país. A Comisión Europea prepara un plan de estímulo económico con 300.000 millóns de euros en tres anos. A Galicia aproximadamente vanlle corresponder 1.500 millóns de euros. Eu fágolle unha proposta: deseñemos co concurso dos axentes sociais, co concurso dos expertos, un plan global que defina prioridades e obxectivos. Evitemos dese xeito o que aconteceu no seu día co Plan estratéxico Galicia 2010 que este grupo denunciou aquí e co que, lamentablemente, o tempo veu darnos a razón. Está na súa man, chame os interlocutores sociais, chame os expertos. Fagamos algo máis que documentos de trámite.

Vostede acaba de asumir o fracaso da política agraria. Tardou anos en escoitalo, porque, claro, non lle gusta atender ao que lle están dicindo. Pero o sector leva moito tempo dicindo que todos e cada un dos subsectores agrarios son hoxe menos competitivos, que teñen menos emprego e que arrastran os mesmos problemas estruturais. E algo máis, que cando tiveron problemas, non atoparon ningún apoio nunha consellería burocrática, reducida a xestionar fondos europeos e sen ningún tipo de orientación estratéxica.

Defendemos o que vostede nega. Defendemos que se temos máis da metade da produción española, mais do 60 % dos gandeiros, mentres o resto de España importa leite, temos que liderar unha estratexia de protección do noso mercado e temos que facelo co sector, pero sobre todo hai que lideralo, porque ademais do valor económico é o principal eixo de vertebración do mundo rural. *(Aplausos.)*

Vostedes, sabendo que, por exemplo, para reducir os custos de produción no sector do leite é imprescindible rebaixar eses custos, que é imprescindible incrementar a superficie agraria nun 50 %, segundo din os expertos, tardaron aínda así seis anos en aprobar a Lei de mellora da estrutura agraria; non aceptaron ningunha aportación nin suxerencia. Congruentemente, tampouco fixeron nada para aplicala.

Igual ocorre coa política forestal, subordinada, cando non fagocitada, polo dispositivo contraincendios, en prexuízo do sector produtivo. O 30 % da superficie forestal é improduti-va. O minifundio da propiedade dificulta unha xestión eficiente, e fronte a outros países, que teñen unha taxa de certificación moi alta, en Galicia é moi baixa. Non hai incentivos fiscais, non hai préstamos para investimento nin fondos de investimento, etc.

Na pesca, conflitividade sen precedentes en demanda de repartos máis xustos das escasas posibilidades de pesca. Os TAC e as cotas son insuficientes para garantir a actividade da frota, sexa do cerco ou volanteira. O acordo con terceiros países derivou na expulsión da frota de Mauritania e na imposibilidade de ir a Marrocos.

No marisqueo, os episodios de biotoxinas producen alertas sanitarias no sector do mexillón, debido principalmente aos recortes dos fondos de investigación; as autorizacións pesqueiras, abandonadas; a falta de controis sanitarios sobre bivalvos importados, especies invasoras e parasitos provoca caídas da produción e peches, como agora mesmo no banco da Ría de Arousa; as confrarías soportan o retraso no pagamento das axudas por vixilancia e asistencia técnica.

Oia, vostede esta mañá presumía de que pagaba pronto non sei que. Aquí ten un exemplo. Soamente —é un inciso— nos xulgados de Santiago hai 50 millóns de euros en reclamacións á Xunta de Galicia só por temas sanitarios. A iso lle chama eficiencia no pagamento.

Rematando coa pesca: ningunha actuación de acuicultura en terra e, no emprego, desapareceron a quinta parte dos afiliados do mar e 600 mariscadoras.

O seu goberno, ademais, funciona pouco e mal, é moi ineficiente. Vostedes clamaban contra a débeda que herdaron, díxoo vostede moitas veces. Eran 4.000 millóns de euros cando chegou. Vostedes incrementárona nun 250 %, ata 10.000 millóns de euros, aos que hai que engadir-lles 1.500 millóns de euros do hospital de Vigo e algunhas outras gabelas. Pero, ademais, a execución orzamentaria —é dicir, o que realmente vostedes fan con ese orzamento do ano pasado— foi das peores de España, cinco puntos menos da media. Simplemente con que vostedes traballaran como o resto da Administración española o PIB galego igualaría a media

española. Como non o fixeron, tivemos o peor dato de crecemento en España.

Levamos seis anos con investimentos mínimos. Paralizaron todo tipo de proxectos en estradas; unha lista interminable en todos os puntos cardinais. Resúmese nun dato: baixaron a licitación nun 93 %. Esqueceron –iso si, logo de publicitalo– o Plan Move, onde ía haber investimentos multimillonarios e miles de empregos. Exactamente igual que esqueceron, logo de publicalo, o concurso eólico.

Vostedes respaldan a ralentización do AVE, que está retrasando investimentos e que a día de hoxe ten tramos indefinidos. Non avanzaron nos accesos ferroviarios aos portos de interese xeral. Os aeroportos seguen coa descoordinación habitual.

E, logo de seis anos, vostede debería de explicar por que temos os carburantes máis caros que o resto de España, consecuencia en parte da recarga da Xunta, ou por que as tarifas da autopista A-9 son das máis caras de España para transportistas e para viaxeiros. ¿Para iso prorrogaron a concesión ata o 2048?

Non están por mellorar as condicións de vida e de traballo das persoas. Suprimiron rutas e frecuencias no transporte público, adiaron indefinidamente o metro lixeiro das cidades, paralizaron a intermodalidade –non hai ningunha actuación no momento actual–, non integraron liñas de transporte urbano e interurbano en ningunha área metropolitana nin crearon estacións intermodais.

Fixeron unha Lei de estradas e ao ano seguinte cambiárona por completo. Aprobaron as Directrices de ordenación do territorio e tres anos máis tarde non foron quen de aprobar ningún dos plans previstos, que nin sequera están redactados. Agora propoñen unha Lei do solo insuficiente e que non arregla a situación dos milleiros de persoas que viven nos núcleos urbanos tradicionais. Mire, o Goberno Rajoy legalizou na nova Lei de costas once áreas na costa española, mesmo algunhas de máis que dubidoso carácter histórico, e, sen embargo, esqueceron todas as galegas. E vostede aplaudiu.

É difícil pensar que vostedes traballan para o interese xeral e non para unha suma de intereses particulares.

Nestes anos de presidencia súa 12.000 familias galegas foron desafiuzadas por impagamento de aluguer. Vostedes, en contrapartida, non iniciaron ningunha actuación, ningún programa de construción, nin desenvolveron o Plan nacional de vivenda, mesmo abandonaron a rehabilitación do parque existente.

E, se falamos de sanidade, o malestar coa súa política é constante: multitude de protestas masivas, como non se deron diante de ningún outro problema; conflitos por recorte de dereitos, por redución de medios humanos e clínicos, por privatizacións. Cando vostedes chegaron había un sistema modélico a escala mundial e totalmente sostible financeiramente, pero, como estaban empeñados en abrir as portas ao negocio, estano transformando aceleradamente. Hoxe a sanidade é menos pública, é menos universal, porque tamén reduciaron beneficiarios, é menos gratuíta. Son as consecuencias de ter suprimido 400 millóns de euros anuais e de reducir plantillas; as consecuencias de privatizar servizos a gran escala e de introducir copagos. Se mesmo restrinxiron o acceso a medicamentos indispensables para a hepatite, ¡mesmo as vacinas! Señor Feijóo, estaba indo a xente a Portugal a mercar as vacinas. E agora anuncia cheques para pañales mentres prohíbe a contratación de pediatras. Sexamos serios. *(Aplausos.)*

Triplícaron o custo do hospital de Vigo, unha operación na que só vai gañar a empresa adxudicataria, perden os doentes, perden os vigueses, perden os profesionais e perde a Administración.

Vostede di que tiveron un problema de comunicación en Vigo. Equivócase, os cidadáns a vostede entenderono perfectamente, e por iso se están manifestando. En cambio, a medicina privada, pese á crise, vive momentos de gloria. Medra en pólizas, medra en primas, crean novos servizos. Lea as estatísticas do sector, incluso os informes do sector. ¿Como non vai ser así se os cidadáns están asumindo que o sector público xa non cobre as súas necesidades?

Mire, señor Feijóo, unha política alternativa en sanidade é posible, dino todos os expertos, recuperando o nivel de recursos económicos e humanos, rematando coas privatizacións, respectando os profesionais e asumindo o financiamento público dos fármacos hospitalarios.

Na loita contra a corrupción necesitamos máis que un cambio lexislativo. Deben cambiar as actitudes. Lembre o que

dixo, sobre a transparencia, Bentham: “canto máis te observo, mellor te comportas”. Aínda estamos agardando documentación ou explicacións de asuntos que afectan mesmo ao seu entorno persoal, ou ao Partido que dirixe; asuntos que están en sumarios xudiciais cheos de declaracións sorprendentes.

Dicía Jefferson que a arte de gobernar se reduce á arte de ser honesto. Honestidade é tamén desvelar os intereses presentes na política sanitaria; por exemplo, nos concursos dos hospitais ou das ambulancias ou os intereses das empresas adjudicatarias de obras e concesións coas que logo vostede comparte mesa –por exemplo, na EDAR de Ferrol–.

Os seus levan un ano pedíndolle que se presente de novo, e vostede leva un ano fuxindo do compromiso mentres se postula como sucesor de Rajoy en tertulias e tribunas. Mesmo hoxe abundou nesa ambigüidade. Eu comprendo a súa resistencia, sabe mellor ca ninguén as hipotecas enormes que deixa. O que non é comprensible, señor Feijóo, é que vostede elixira desempeñarse como xefe político antes que como presidente. En cada problema destes anos onde as necesidades do país reclamaban solucións propias, vostede cedeu coma se fora o delegado do Goberno e non o líder dun país. Oia, na reforma eléctrica, no leite, na pesca do cerco, na Lei de costas, abandonou os seus concidadáns para aliñarse co seu grupo político. En ningún deses problemas intentou poñer solucións, aunar vontades, conquistar o futuro.

É triste dicilo pero calquera dos presidentes anteriores tiña unha idea máis clara do carácter singular da autonomía galega. Porque non abunda con chamarse nacionalidade histórica, hai que exercer como tal. Con vostede, Galiza está en minúsculas dentro do Estado, non ten ningún peso, é irrelevante na política estatal.

Vostede é dirixente nacional do Partido Popular. A política territorial do seu partido redúcese a ir ao Tribunal Constitucional. O Goberno Aznar foi o dobre de veces que o Goberno Zapatero. Pois, en catro anos, o Goberno Rajoy xa foi máis veces que o Goberno Zapatero. É imposible que un estado complexo e plural funcione nos tribunais, creo que iso é fácil de comprender.

Nós entendemos que é difícil entenderse con gobernos empeñados na ruptura. Pero na medida en que eses gobernos

están lexitimados polas urnas, só caben solucións políticas baseadas no diálogo, na cooperación e no mutuo interese. Substituílas pola forza da lei, non é o mellor camiño. Lembre o ditado de Montesquieu: “unha cousa non é xusta polo feito de ser lei, debe ser lei porque é xusta”.

O rupturismo vén do Goberno catalán, non vén da sociedade. É unha comunidade que representa o 20 % do PIB, a quinta parte, e o 16 % da poboación. Merecen algo máis que acoso institucional. Dicía Azaña –e sabía ben do que falaba porque tivo que vivir dúas proclamacións de independencia en Cataluña, primeiro con Maciá e logo con Companys–, que “unha política intelixente pode crear formas satisfactorias de convivencia nacional utilizando a razón creadora, que non está reñida coa tradición española”. Sen embargo, o PP opta por rachar as pontes de diálogo que tiñan décadas e que agora, como dixo Pedro Sánchez, haberá que reconstruír nun escenario máis polarizado e con maior desconfianza.

Coaccións e ameazas nunca van ser as solucións. Non abunda con explicar o frío de fóra, hai que facer sentir a calor de dentro.

Señor Rajoy..., Señor Feijóo, remato... (*Risos*) (*Aplausos*.) Sería perfectamente aplicable o discurso ao señor Rajoy. Ata niso vostede non é máis ca un fiel seguidor do seu xefe de filas. (*Murmurios*.)

Mire, señor Feijóo, vostede leva moito tempo mirando cara a atrás. Escribía Montaigne –e supoño que concordará nisto– que “podemos lamentar non vivir en tempos mellores pero non podemos fuxir do presente”. O pasado é territorio da historia, a política faise no presente. Vostede fala para os seus e para a minoría privilexiada da que quere formar parte. Nós non queremos esa sociedade.

Os socialistas defendemos unha política con prioridades distintas, que non deixa a ninguén atrás. Vostede esta mañá díxoo, e, sen embargo, está deixando atrás literalmente a centenas de miles de persoas e a xeracións enteiras, sobre todo das persoas novas. Queremos unha política que acabe coa precariedade e a devaluación salarial, derogando a reforma laboral, que apoie a industria, con máis financiamento e innovación –o que non fan vostedes– para competir en valor engadido e non en baixos salarios, con máis gasto educativo, máis becas, mellor formación profesional, e polí-

ticas de emprego máis eficaces que apoiem a reinserción laboral. Queremos unha política que devolva aos cidadáns en forma de servizos públicos e de prestacións o que aportan en traballo e impostos. Hoxe é ao revés, vostedes devalúan e ademais recórtanlles as prestacións. E queremos un país cunha reforma fiscal progresiva e sen amnistías.

Señor presidente, Galicia necesita outra política. Hoxe quedou demostrado que con vostede nin foi nin será posible. Por iso lle digo que é irrelevante que quede ou marche. O seu tempo rematou, é momento de cambiar, señorías.

Dixen. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Coa venia, señora presidenta.

Señorías.

Señor presidente, membros do Goberno –cun especial saúdo aos novos tres conselleiros que asisten por primeira vez a un debate nesta Cámara, tres conselleiros, ademais, que os tres veñen de gañar as eleccións municipais folgadoamente nas súas vilas, e dous deles de exercer a alcaldía; outro non, porque, efectivamente, o Partido Popular é tan cohesionador de Galicia que ata cohesiona a oposición para non deixar gobernar ao Partido Popular–. (*Aplausos.*)

Señoras e señores, reunímonos hoxe, como ben sendo habitual desde hai varias lexislaturas, e por vez primeira de acordo co recollido no Regulamento da Cámara que vimos de reformar, para debater sobre a situación política xeral da nosa comunidade autónoma, de Galicia. Estamos convocados, pois, para debater, isto é, para discutir e contrastar diferentes puntos de vista, os puntos de vista que as distintas forzas políticas que representamos a cidadanía galega temos sobre a situación política e social da nosa comunidade hoxe, a finais do ano 2015. E, por suposto, para falar do que queremos facer no futuro.

E estamos nun momento relevante, ás portas dunhas eleccións xerais que condicionarán o futuro da España constitucional, que está participando na construción europea e, polo tanto, tamén o futuro da Galicia autonómica, dunha Galicia autonó-

mica que leva mellorando o benestar das súas xentes grazas ao autogoberno e á estabilidade política coa que este se exerceu durante trinta anos, e particularmente nos últimos sete anos, que foron os anos en que vivimos a crise máis intensa do último século; unha crise que azoutou a nosa sociedade, que azoutou a sociedade galega, a española e a europea, aínda que sabemos que por desgraza non o fixo da mesma maneira nin en todas partes nin afectou por igual a todas as persoas.

Pero antes de proceder a contextualizar, para poder avaliar en nome do Grupo Popular, o grupo maioritario desta Cámara que me honro en representar neste debate, antes de proceder a contextualizar a situación, permítanme unha reflexión previa necesaria nun contexto parlamentario no que a palabra “mentira”, ou o correspondente apelativo de “mentiroso”, adoita utilizarse con imprecisa xenerosidade. A gran filósofa, política e autora de *As orixes do totalitarismo*, Hannah Arendt... –por certo, nesta obra, *As orixes do totalitarismo*, fala das dúas forzas totalitarias do século XX, ás que denuncia, o nazismo e o estalinismo; desta última non escoitamos, na interesante explicación marxista da historia que escoitamos nunha das intervencións dos portavoces, cales son as causas deste réxime totalitario– (*Aplausos.*), Hannah Arendt escribiu un interesante e fermoso ensaio titulado *Verdade e política*, no que aborda a relación entre estes dous conceptos aparentemente contraditorios. Ela escribiuno abrumada por algunhas das reaccións que provocara a publicación da súa máis coñecida obra, *Eichmann en Xerusalén*, onde introduciu a famosa expresión sobre a banalidade do mal, coa que describía as accións arrepiantes que perpetraran os nazis nun holocausto do que ela mesma, que era xudía, conseguira fuxir a principios dos anos 30. Nese ensaio, Arendt parte do recoñecemento de que ninguén dubidou xamais de que a verdade e a política nunca se levaron demasiado ben, pero distingue entre o que é a verdade no sentido filosófico –é dicir, a que se remonta á noción xudía herdada pola cultura occidental, que atribúe a verdade á revelación divina, e que despois foi substituída na época da Ilustración pola verdade revelada pola razón– da verdade factual ou de feito, é dicir, os actos e os acontecementos que realmente se producen como resultado das accións dos homes e mulleres que viven xuntos, e que por iso mesmo é unha verdade basicamente de natureza política.

Nese ensaio –e cito literalmente– Hannah Arendt afirma: “Os feitos e as opinións aínda que deben manterse separados non

son antagónicos entre si, pertencen ao mesmo campo. Os feitos dan orixe ás opinións, e as opinións inspiradas por paixóns e intereses diversos poden diferenciarse amplamente e ser lexítimas mentres respecten a verdade factual”. Por poñer un exemplo do que quere dicir Hannah Arendt, podemos dicir que é unha opinión que foi a presión social a que conseguiu que, entre outras cousas, se resolvese o problema das preferentes a través da liña das arbitraxes, ou que foi a presión social a que conseguiu que os emigrantes retornados recuperaran todos os seus gastos. O feito real é que, gobernando o Partido Popular en Galicia e en España, os emigrantes retornados recibiron sen ningún recargo, sen ningunha sanción, sen pagar xuros, todo o que pagaran indebidamente, e a realidade factual é que o 95 % das persoas que tiñan preferentes, menos o 5 % que decidiron preitear, recuperaron a totalidade dos aforros incluídos nas preferentes. E a nosa opinión sobre iso é que é unha magoa que se producise esa situación pero que axudamos a resolvela. E demagogia, evidentemente, é dicir que este partido o que quere é afundir esas persoas e roubarlles, que é o que escoitamos aquí todos os días. (*Aplausos.*)

¿Cal é a realidade factual a mediados de outubro de 2015 en Galicia? Obxectivamente a situación mudou para moito mellor no ano transcorrido desde que tivo lugar este mesmo debate no ano 2014, tamén en relación co debate que tivemos no 2013, e obviamente non tanto como o desexariamos, pero ten mellorado moito en relación co que se dicía en outubro do ano 2012, que era que España e Galicia estaban a punto de ser rescatadas e mesmo que Feijóo convocara as eleccións para que a xente votara sen coñecer o feito do rescate europeo e nacional da Comunidade Autónoma. Polo tanto, a situación é mellor, e certamente iso desfai o discurso de todos aqueles agoireiros que durante os últimos anos o que dicían era que as cousas ían ir a moito peor.

Algúns datos. Na etapa de expansión –anos 2000 a 2008–, Galicia pasou de ser a antepenúltima comunidade autónoma en termos de PIB per cápita –tiña o 77,6 da media en España, só estaba por diante entón de Estremadura e Andalucía–, a situarse no posto 12, posto que se mantén no ano 2014. Temos o 87,5 respecto á media de España en termos de PIB per cápita. Adiantamos as comunidades de Canarias, Murcia e Castela-A Mancha, e seguimos por diante delas.

No mesmo período 2000-2014, no que Galicia pasou dun PIB per cápita do 77,6 a un PIB per cápita do 87,5 da media

española, na Comunidade Autónoma de Andalucía –e póñoa como exemplo porque é a única que estivo gobernada todo este tempo pola esquerda, socialistas, Esquerda Unida e algunha variante, como agora que se incorpora ao Goberno a esquerda moderada como é Ciudadanos– o PIB per cápita converxeu nada máis que medio punto, de 74,2 ao 74,7. Nós fixémoslo en 9,9 puntos.

Galicia saíu en 2014 da recesión económica, e acumula hoxe sete trimestres consecutivos con crecementsos intertrimestrais positivos (IGE, *Contas trimestrais*). Logo dun débil crecemento no ano 2014, que o alonxou da media de crecemento nacional, no 2015 acelerouse o crecemento aproximándose á media estatal, e algúns servizos de estudos, como o do BBVA, predín que imos medrar máis que a media española no ano 2016.

O crecemento do 2015 baséase, desde a perspectiva da demanda, ademais de nun mellor comportamento do gasto en consumo final dos fogares, que segue aínda por debaixo da media española, no mellor comportamento dos investimentos, cunha taxa de crecemento de variación anual no segundo trimestre do 2015 do 7,2, e do sector exterior, que se mantén máis próximo ao equilibrio que o sector exterior do conxunto de España.

E polo lado da oferta, e pese ao continuado descenso do peso do sector da construción, mantemos o peso relativo previo á crise do sector industrial, grazas sobre todo ao crecemento en 2015 da industria manufacturera –que crece moi por riba da media española– e do sector primario, mentres que se incrementa o peso do sector servizos, de acordo co que di o IGE nas súas contas económicas anuais e trimestrais.

No sector industrial, no que vai de ano o IPI –o índice de produción industrial– amosa un mellor comportamento que o de España, do 3,8 fronte ao 3,3. Datos oficiais do INE.

En todas as ramas, bens intermedios, de equipo e de consumo, na única na que temos un saldo peor no índice de produción industrial, por certo, é na produción enerxética, que é tan dependente no noso caso das circunstancias meteorolóxicas que, á súa vez, desfai o mito da capacidade autárquica no sector enerxético que ten a nosa comunidade autónoma.

E pese ao evidente dinamismo que amosan as cifras sinaladas, e recoñecendo que as taxas de crecemento da economía galega están aínda por baixo das españolas, cómpre salientar que o que estes indicadores reflicten é un crecemento máis equilibrado, tanto en termos comparativos co resto de España como en termos dinámicos en relación á evolución anterior da economía galega. Así o recoñecen, por exemplo, os autores do último informe de conxuntura socioeconómica que elabora o Foro Económico de Galicia. Os datos son en Galicia mellores, con relación a España, no que se refire ao sector exterior –as exportacións incrementáronse en Galicia o dobre–, que rebaixamos o déficit comercial –en España subiu–, e isto incide directamente, como saben vostedes, na redución do endebedamento global da nosa economía, o que facilita o investimento, e por iso mantemos tamén unha taxa de investimento semellante á española.

Como consecuencia do crecemento estamos a reducir as taxas de desemprego. No segundo trimestre do ano situouse no 20 % –datos EPA–, 2,5 puntos por debaixo da media española, e a diferenza do que ocorría no ano 2014, cando a ocupación aínda daba datos negativos –menos 0,8–, a ocupación creceu, respectivamente, un 0,5 e un 1,9 nos dous primeiros trimestres deste ano.

Os datos de afiliación á Seguridade Social son aínda máis positivos, con incrementos do número de afiliados desde o mes de abril do 2014. No que vai de ano, a afiliación media á Seguridade Social incrementouse nun 2,1 %.

E o paro rexistrado, fundamentalmente como consecuencia da perda de poboación activa vencellada sobre todo á pirámide demográfica, diminúe desde o 2013, con caídas superiores ao 9 % nos últimos meses. A variación anual do paro rexistrado, de acordo co dato recén feito público no mes de setembro, foi en Galicia dunha diminución do 9,4, fronte ao 7,9 da media española, e iso pese a tratarse dun mes tradicionalmente malo, por razóns estacionais, en canto ao número de parados rexistrados.

E respecto dos salarios, cómpre lembrar que, de acordo coas estatísticas oficiais do IGE, a remuneración por asalariado leva crecendo os dous primeiros trimestres do ano –son os últimos datos coñecidos– a unha taxa do 0,8 e do 0,4, respectivamente, por riba da media de España, que é, respectivamente, do 0,8 e do 0,2. Estes son os datos oficiais do IGE nas contas trimestrais.

A situación económica dos fogares, medida en termos de ingresos por unidade de consumo, que é a variable que se utiliza habitualmente para elaborar os principais indicadores de pobreza e desigualdade, porque fai posible comparar fogares con diferentes números de persoas e con compoñentes de distintas idades e necesidades (nenos, maiores etc.), amosa tamén, de acordo cos últimos datos coñecidos, síntomas de recuperación, tras o dano indubidable e evidente causado pola crise. De acordo cos datos do IGE, do INE e de Eurostat, no ano 2013, por vez primeira desde o ano 2009, o ingreso medio por unidade de consumo incrementouse en Galicia, o 1,5 %, mentres que en España seguiu a caer, -1,5 %.

E o que é máis relevante, no conxunto dos anos da crise, de acordo cos datos oficiais publicados para o período 2008-2013, mentres que a taxa de variación media anual de España foi en total do -2 %, en Galicia aguantamos moito mellor, cunha caída sete veces menor, do 0,3 %. Como consecuencia, Galicia mantense en mellor situación que España, e mesmo que a media da Unión Europea de 27 membros, nos principais indicadores de desigualdade publicados por Eurostat, polo INE, ou polo IGE, como amosan os índices elaborados ao respecto, que, como vostedes saben, son dous: o índice de Gini, que outorga un valor cero cando hai perfecta igualdade e un valor de 1 cando hai unha perfecta desigualdade. Galicia situouse no ano 2013 –que é o último dato coñecido– no 0,286, por baixo da media da Unión Europea a 27, que é do 0,3, e lonxe da española, 0,347.

É certo que a crise incrementou a desigualdade en Galicia, ¡claro que é certo! O índice era do 0,272 no ano 2008 –14 centésimas menos. Pero tamén é certo que a desigualdade se incrementou menos en Galicia que no resto de España, onde houbo unha suba de 18 centésimas.

Un panorama semellante amosa o índice de distribución da renda S80 e S20, que mide os ingresos acumulados polo 20 % máis rico e os compara cos que teñen o 20 % de ingresos máis baixos. Mentres que en Galicia os ingresos acumulados polo 20 % máis rico no 2008 supoñían o 4,5 do que supoñían os ingresos acumulados polos que tiñan menos renda, desde o ano 2008 en Europa ese índice mantívose estable, en Galicia incrementouse nun 0,5, pero en España subiu case que 1 punto (0,9).

Como consecuencia de todo isto, a taxa de risco de pobreza, de acordo co INE, pese a terse incrementado levemente durante a crise, permanece en Galicia lonxe da media española, no 69 % dunha media cen para España. E aínda máis lonxe das comunidades autónomas que gozan de gobernos de esquerda desde hai moitos anos, como Andalucía, que está no 150. Sustentados, por certo, por quen en Galicia critica o moito que fixo neste terreo o Partido Popular, aínda que nós mesmos consideramos, por suposto, que non é suficiente todo o que se fixo e cremos que hai que facer aínda moito máis.

Estes datos son os que describen a situación real, *de facto*, da nosa comunidade autónoma, e por iso están á súa disposición se queren os cadros oficiais publicados polos organismos mencionados. Evidentemente, son susceptibles de valoración ou de interpretación. Agora, vostedes, que nin viron chegar a crise, non os queren tampouco nin coñecer, o que fai especialmente difícil debater sobre o que lle convén á Galicia no futuro. Teñen, por suposto, dereito a interpretalos como queiran, pero nós os interpretamos como o que son: como síntoma evidente de que abandonamos a recesión, de que o fixemos en mellores condicións que a maioría das comunidades autónomas, pero tamén son un síntoma de que hai que recoñecer e hai que traballar, porque sabemos que o crecemento e a recuperación que se constatan non abundan para que a sociedade galega no seu conxunto, e todas as familias que seguen a sufrir o drama do paro e das dificultades para chegar a fin de mes, dean superada por fin unha crise que aínda nos seus efectos segue entre nós.

Certamente, o mérito é de todos os galegos, fundamentalmente é un éxito da sociedade galega, ¡pero algo tería que ver o Goberno! De entrada, este goberno fixo da loita contra a crise a única e a principal das súas prioridades, e non, coma outros gobernos, a escusa para fomentar unha grave crise institucional e social como a que padece, por desgraza, a tan apreciada por nós sociedade catalana. Por certo, un proceso soberanista que propugna a ruptura do noso marco constitucional, que algúns tamén, no largo percorrido histórico, esquecen que se aprobou por referendun do pobo español cunha ampla maioría de máis do 80 %; evidentemente, con algúns facendo campaña a favor do non, pero amplamente, máis que na media de España, tamén derrotados en Galicia.

Pois ben, o noso marco constitucional –que algúns queren romper– é precisamente o marco que garante o autogoberno –como dixo o presidente–, pero tamén é o marco que garante a solidariedade entre as persoas e a solidariedade entre os territorios, e non entendemos como se pode apoiar desde Galicia, por aqueles que teñen supostamente como único faro –único e exclusivo– a defensa de Galicia, un proceso que, de acordo cos traballos coñecidos –o máis recente o do profesor Lago e o profesor Fernández Leiceaga–, supón para Galicia unha perda directa de ingresos anual de entre 800 e 1.100 millóns de euros ao ano. É unha curiosa maneira de defender os intereses de Galicia. Nós seguiremos defendendo a España constitucional.

E por certo, no famoso debate entre Azaña e Ortega, ámbolos dous coincidían nunha cuestión a respecto da autonomía de Cataluña, e era que de soberanía nin se falaba, porque a soberanía residía no pobo español. Dígoos como ampliación da información tan oportuna que fixo o portavoz socialista sobre o que pensaba Azaña respecto da autonomía de Cataluña.

Señorías, con relación á soberanía, Galicia non necesita máis problemas dos que xa ten. Temos moitos problemas, hai que seguir traballando para resolvelos, pero afortunadamente non ten outros, e, entre outros, non temos o problema do soberanismo. Do mesmo xeito que neste Parlamento temos moitos problemas, eu creo que non é bo que nos traian algún problema, de fóra do Parlamento, de partidos políticos que están no Parlamento. Porque, señor Méndez, falar de honestedade co que vén hoxe na prensa, (*Aplausos.*) a verdade é que a un lle dá a impresión de que é mellor non mencionar determinadas cuestións.

O Goberno afrontou a redución en máis de 2.000 millóns de euros nos últimos anos mantendo esencialmente o gasto básico en benestar, e sen deixar de apoiar os sectores produtivos.

Falemos de sanidade. Sobre a evolución xeral do gasto sanitario comezan a aparecer xa estudos académicos solventes que cuantifican o impacto no gasto sanitario das políticas de axuste desenvolvidas entre os anos 2009 e 2013. Voulles ler a conclusión á que chegan nun recentísimo artigo –acaba de saír publicado– os profesores Eduardo Bandrés e Rosa González, que conclúen a súa análise do impacto no gasto sani-

tario das políticas de axuste cunha frase que reza: “En termos xerais, as comunidades autónomas con maiores problemas de déficit tiveron que realizar axustes máis severos nos seus servizos sanitarios”. Castela-A Mancha, Comunidade Valenciana, Cataluña ou Andalucía aparecen así con reducións importantes na maioría dos indicadores manexados neste traballo. En cambio, País Vasco, Madrid, Castela e León ou Galicia presentan axustes moito máis suaves. Este é o balance académico do impacto das restricións no gasto sanitario. Vostedes poden dicir o que queiran; unha cousa son os datos, os feitos, e outra as opinións. Nós respectamos todas as opinións, o que nos gusta é que estean baseadas en datos.

Para Galicia en concreto, os datos do período 2009 ao 2013 amosan unha redución inferior que a media en gastos de persoal. No conxunto da suma de produción sanitaria pública, redúcese menos en Galicia que na media de España. E no único no que Galicia se reduce máis o gasto sanitario é precisamente na produción privada. Isto publícanos estes profesores, e vostedes seguen dicindo que nós estamos privatizando a sanidade cando Galicia está por baixo da media da produción privada de bens públicos sanitarios ao longo da crise.

Eu comprendo que estas realidades factuais poden ser incómodas para algúns, porque lles desfai a súa opinión, pero eu o que quero dicir é que son datos homoxéneos, tratados por recoñecidos investigadores universitarios, que, evidentemente, contradín pola base a tese de que estamos aquí para exterminar os servizos públicos.

Pero é que non son eses datos os únicos que contradín o discurso da oposición. Coñecemos hai pouco o informe sobre os servizos sanitarios das comunidades autónomas que anualmente publica a Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública; un movemento, unha asociación, que supoño que precisamente non se caracteriza por ser condescendente co Partido Popular. De acordo co seu informe de setembro do ano 2015 resulta que, de acordo con esta asociación, na valoración global feita da sanidade pública de Galicia pasamos do posto número 11 que tiñamos no ano 2009 –cando gobernaban os defensores da sanidade pública– ao posto número 7. É dicir, estamos moito mellor, ¡e menos mal que non estamos a favor da sanidade pública! *(Aplausos.)*

Cando a esquerda gobernaba, de acordo coa Asociación para a Defensa da Sanidade Pública, Galicia estaba nos postos 14-15. Desde que governa o Partido Popular... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...a sanidade, de acordo con ese informe, oscila entre os postos 6 e 8. *(A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.)* Sobre a opinión dos usuarios di ese informe –vexo que a señora Acuña o coñece á perfección, polo tanto, podería algunha vez recoñecer este dato– que o 73,2% dos galegos e galegas opina que a sanidade funciona ben ou bastante ben. E somos a cuarta comunidade autónoma no ránking, só nos superan Navarra, Asturias e o País Vasco. O 82 % considera que a atención recibida nos distintos dispositivos públicos é boa ou moi boa, e somos a sexta comunidade autónoma. Por iso o 83 % da poboación elixe a sanidade pública para a súa hospitalización. E sobre listas de espera... *(Murmurios.)* Por certo, como tamén dixo o presidente esta mañá, situámonos no segundo lugar na porcentaxe de persoas que son atendidas en atención primaria en 24 horas; e no primeiro lugar, co 12,8 %, na porcentaxe de persoas que sinalan que melloraron as listas de espera.

Un mantemento dos servizos que ademais se ampliaron con novos dereitos para os pacientes –como elección de médico, tempos máximos de espera, etc.– e que foron ampliados con novas prestacións: un 30 % máis de intervencións cirúrxicas desde o ano 2009; receita electrónica; consulta telefónica; programas de detección precoz de cancro de colon e de mama; menores listas de espera –reducindo de 30 a 16 días as intervencións cirúrxicas por causa moi grave–; renovación dos equipos de nova tecnoloxía –os TAC, as resonancias, os aceleradores–; ou dótanse algúns hospitais –como é o de Lugo– con este instrumental para prestar o servizo, como sempre dixemos que pretendíamos. Construímos tamén novas infraestruturas, non só a de Vigo; recórdolles que ademais diso se están licitando as ampliacións de Burela, de Ourense e do Salnés, á parte de todo o que se fixo dotando o de Lugo, e proximamente –como se anunciou esta mañá– o hospital de Ferrol.

Semellante balance podemos facer en educación. Os resultados dos alumnos galegos –como saben vostedes polo Infor-

me PISA— melloraron entre o ano 2009 e o 2012, que son as datas dos dous estudos comparados. Os datos de equidade no sistema educativo, de acordo co Informe BBVA con datos PISA que realiza o IVIE —o Instituto Valenciano de Investigacións Económicas—, un dos institutos de maior prestixio en España, resulta que Galicia, con 106 puntos, é a única comunidade autónoma que ten resultados homologables en materia educativa co resto do mundo máis avanzado, porque, de feito, estamos á cabeza en termos de equidade do sistema educativo.

Vostedes seguen co asunto de que estamos privatizando os bens públicos. Datos oficiais do Ministerio de Educación —os últimos dispoñibles son do curso 2012-2013—. Gasto público na educación concertada, que é o que vostedes entenden por privatización: en Galicia o 10 % do total, moi semellante a comunidades autónomas como Andalucía (9,9), ou como Asturias (10,9). De feito, estamos na metade xusto de dúas comunidades gobernadas polo Partido Socialista, moi por debaixo da media estatal; a media estatal é o 14,2 %. E, desde logo, moi lonxe das que gobernan os nacionalistas: País Vasco, o 24 %; Cataluña, o 17 %.

Vese que, novamente, ese discurso de que privatizamos e desfacemos a ensinanza pública é, cos datos na man, falaz, porque seguimos sendo a comunidade autónoma con menor ratio de alumno-profesor, 10,3; coa taxa de interinidade máis baixa, o 10,1; seguimos implantando e estendendo as novas tecnoloxías —o Abalar xa chega a 52.000 alumnos—; séguese incrementando o Plan de linguas estranxeiras —90.000 alumnos galegos farán o estudo en tres linguas. O alumnado de FP, despois de crear cen ciclos e poñer en marcha a formación profesional dual, incrementouse nun 55 %. A universidade ten as taxas conxeladas nos prezos máis baixos de toda España un ano máis. A universidade ten asinado un plan —e por iso felicitamos o noso antigo compañeiro de escano, Román Rodríguez—, é a única comunidade autónoma cun plan de financiamento consensuado, para o próximo período, por 2.400 millóns de euros, o que implica un 18 % máis. Loxicamente, os reitores, se puidésemos darlles —que llelo daríamos encantados— o 30 %, estarían máis contentos, pero recoñecen o esforzo que está a facer a Xunta.

En comedores escolares, o 78 % do alumnado teno gratis, e un 6,4 % paga un euro polo comedor escolar. Hai 60.000 prazas de xestión da Xunta; é dicir, un 23 %, unhas 11.000

máis que cando gobernaba o bipartito. E todo iso favorecen- do tamén a adquisición de libros de texto; o 70 % dos alumnos beneficiáronse co programa de gratuidade solidaria. O transporte escolar segue atendendo 93.000 usuarios. Hai novas infraestruturas. E o que é máis importante, a taxa de abandono escolar —que estaba no ano 2009 no 25,6 %— está no 2014 no 18,5 %; e no primeiro trimestre do 2015 xa baixou ao 16,7 %.

En asuntos sociais creamos máis de 7.800 prazas públicas. Por certo, residencias había, cando collemos o Goberno no ano 2009, 899 e hoxe hai 1.337; é dicir, un 48 % máis. O señor Méndez di que a xente as abandona. Nós o único que recibimos é peticións para entrar e para que creemos máis prazas en residencias. Pero vese que temos distintas informacións ou distintos coñecidos.

En total, en prazas de escolas infantís, a oferta de prazas sostidas con fondos públicos de 0 a 3 anos —como dixo o presidente esta mañá— permite dicir que hoxe Galicia acada por vez primeira a cobertura recomendada pola Unión Europea, que supón un 33 % de prazas; é dicir, 33 prazas por cada 100 nenos de entre 0 e 3 anos. Incrementamos os recursos a favor da inclusión. A Risga, que é un crédito ampliable —cousa que ás veces tamén se negou aquí—, xa supera os 50 millóns de euros, excedendo o orzamento deste ano. E a nova orde de contratación —que é o máis importante porque vén dos acordos cos sindicatos, dos acordos sociais— duplica en 2015 o orzamento do ano pasado; é dicir, estamos a falar de 1.100 contratos de traballo que teñen a súa orixe ou que reciben persoas que accederon ao traballo a través da Risga. Isto para nós é fundamental, porque non hai mellor protección social que garantir que a xente poida traballar. *(Aplausos.)*

Na dependencia en Galicia —por ir ao dato orzamentario— gastábanse no ano 2009 126 millóns de euros. Hoxe, con 2.000 millóns de euros menos de orzamento público, gástanse 300 millóns de euros. ¿Iso que permite? Pois que se incrementase a ratio de atención; actualmente está no 75 % das persoas que teñen xa dereito a ser beneficiarios, mentres que no ano 2009 estaba no 35 %.

Non me vou deter moito máis noutros programas como os desafuzamentos, etc. Pero o certo é que o gasto social é o esforzo claro e evidente deste goberno, sen que iso implicase que abandonásenos os sectores produtivos.

Déronse xa os datos do sector agrogandeiro, dos incrementos de produción media por explotación, de carne, de facturación da industria... Creo que o apoio ao sector lácteo está fóra de toda dúbida, non só pola promoción do acordo a nivel estatal, senón tamén polos máis de 150 millóns de euros, aproximadamente, que a conselleira entón tamén de Medio Rural, Rosa Quintana, facilitou ao sector no que levamos do ano 2015.

Na área de pesca, recordar que, de acordo cos datos oficiais de Pesca Galicia, o valor económico da pesca fresca xerada en Galicia superou no 2014 os 430 millóns de euros; é dicir, un 4,5 % máis que no ano 2013. O peixe e marisco fresco descargado no ano 2014 foi un 14 % máis que no ano 2013. E seguiremos loitando, loxicamente, polo futuro destes sectores, pero realmente non están mal.

Como non están mal os estaleiros; non están tan mal como estaban hai un ano os estaleiros. Aquí –como dicimos– néganse as realidades de facto. Eu quedei un pouco sorprendido cando souben que ningún representante do Partido Socialista fora á botadura en Ferrol do flotel. Debeu de ser que non querían atoparse coa realidade de que non era *tan chiquitito el barquito*. (Risos.) (Murmurios.) Pero o feito é que xa están dous floteis en marcha, que hai máis contratos: a enxeñería e o equipamento do LHD de Turquía, o buque de acción de marítima; 29 *jackets* para Iberdrola, 5 macroestruturas para Statoil... ¿É suficiente? Non, pero é algo. Cando chegamos ao Goberno, Ferrol tiña cero contratos en carteira. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Vostedes, pese a todos estes datos, adoitan dicir que o facemos mal e ademais que a culpa é da austeridade. A Victoria Camps, unha coñecida filósofa, preguntáronlle hai pouco que pensaba de que se estivese deteriorando o valor, o sentido, que fose utilizada pexorativamente a palabra austeridade. E dixo de resposta: “No creo que la austeridad haya tenido buen nombre nunca. A nadie le gusta limitar sus deseos. La economía de consumo lleva a consumir sin freno. Una cierta austeridad es la única forma de conseguir eso que algunos llaman un consumo inteligente. La virtud griega de la templanza o de la moderación es muy necesaria, tanto para moderar ciertas costumbres, como para moderar la tendencia a los extremismos en las opiniones y posiciones políticas más conflictivas”.

Realmente, unha vez máis, a filósofa o dixo de forma clara e dificilmente mellorable. (Murmurios.) Porque o cumprimento do déficit, que foi loado polo Tribunal de Cuentas del Estado, permitiunos, entre outras cousas, que mantivésemos... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Vostedes preguntan para que serve a austeridade. Miren, primeiro, somos das comunidades autónomas que máis estabilidade no número de empregados públicos mantivemos. E ademais agora, debido a que estamos cumprindo o déficit e que hai recursos, podemos adiantar a recuperación da paga extra do ano 2012. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) E posiblemente, se podemos seguir neste ritmo, poderemos no futuro seguir adiantando a recuperación do complemento, que está prevista –como saben– para o ano 2017. (Murmurios.)

Ademais de beneficiar a posibilidade de pagar aos funcionarios, o *rating* é algo importante. Galicia subiu de *rating* hai pouco, BBB –é dicir, tres bes máis–, e non sobe máis porque ten que ter o tope do Estado español, se non subiría máis, dío a axencia cualificadora. O mesmo día o *rating* de Cataluña baixou a BB menos, é dicir, está xa preto do bono basura. Ben, isto, evidentemente implica que podemos financiar mellor as cousas, que é máis barato; e, polo tanto, que podemos facer máis investimento. Galicia é das comunidades autónomas que ten mellor ratio de investimento, de execución dos investimentos. Ou pagar os provedores en 16 días en vez de en 46 días de media da comunidade autónoma. Ou ter a débeda controlada, para pasar menos débeda ás xeracións futuras. E, sobre todo, controlar o déficit o que xera é confianza para a saída da crise; este ano temos 400 millóns de euros.

Preguntaba o señor Méndez ¿para que serve a austeridade?, ¿por que agora ofrecen estas políticas que describiu esta mañá o señor presidente? Entre outras cousas, porque, como estamos saíndo da crise, o orzamento público do ano que vén ten 400 millóns de euros de marxe máis, cousa que non ocorría desde os anos 2008 e 2009, que tivemos que devolver os 2.300 millóns famosos. (Aplausos.) É por iso que o presidente pode hoxe anunciar esas políticas. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Os datos e a realidade de feito non enganan. Estamos a superar a recesión económica; non as súas consecuencias, pero si a recesión económica. Estamos no camiño correcto, o camiño do rigor, para garantir a sostibilidade dos servizos públicos...;

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...o camiño do traballo, para que ningún quede excluído da recuperación; o camiño do esforzo, porque, sen perseverancia, o que temos feito nestes anos pode botarse abaixo enseguida. Estamos, en definitiva, no camiño da boa política democrática, o que eu aprendín dos meus mestres académicos, que a conciben non como un proceso de explotación duns seres humanos sobre outros, senón como un proceso no que individuos con intereses, valores e ideas diferentes, non coincidentes, e mesmo potencialmente contrapostas, interactúan coa finalidade de asegurarse os beneficios a través da cooperación. Porque a esencia do fenómeno político democrático é a cooperación, e non a confrontación.

A propia Hannah Arendt, no ensaio que citei...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...ao comezo da miña intervención, prevennos de que non debemos deixar de ser conscientes do verdadeiro contido da vida política, da alegría e gratificación que nacen de estar na compañía dos nosos iguais, de actuar en conxunto, de aparecer en público, de inserirnos no mundo de palabra e de obra para comezar algo novo.

Continuemos, en definitiva, polo camiño da esperanza, porque o pobo galego sempre —e agora que se abre esta nova etapa non vai ser a excepción—, traballando e...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: ...unido en torno ás súas institucións democráticas, e coa confianza que dá un goberno estable...,

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor PUY FRAGA: ...superará definitivamente esta crise que estamos empezando a deixar atrás.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para a réplica, o presidente da Xunta de Galicia, don Alberto Núñez Feijóo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, agradezo todas as intervencións, o contido e alcance das mesmas, así como as aportacións. Supoño que todo o pobo galego coñece un pouco mellor cal é o posicionamento de cada grupo parlamentario, e, en consecuencia, de cada partido que representa, despois de escoitar as súas intervencións esta tarde.

Señorías, permítanme que intente facer unha resposta conxunta, de forma que a maior parte dos asuntos que a vostedes lles pareceron interesantes poidan ter unha resposta conxunta e sintética.

Señor Méndez Romeu, con todos os respectos, dicir que este goberno está agotado porque veño de facer unha gran remodelación na Xunta de Galicia pechando ou cesando a non sei cantos conselleiros, vostede, como sabe contar igual ca min, sabe que o número de conselleiros que causaron baixa foi un. En consecuencia, señoría, non creo que iso sexa unha gran remodelación do goberno.

Si é verdade, señoría, que podíamos chegar a 13 conselleiros, eran os que vostedes tiñan. Pero pensabamos que aínda seguimos coa necesidade de ter un goberno de acordo coas posibilidades do pobo de pagalo. E do mesmo xeito que entendemos que no ano 2009, cando tivemos ocasión de gobernar, 10 era un número de consellerías axeitado, agora que por primeira vez crece o presuposto dende aquel ano 2009, volvemos ao número de consellerías que tiñamos antes.

Señoría, non entendo como pode dicir que hai un ataque á igualdade deste goberno. Dígoo porque durante máis de tres anos tivemos un goberno de 8 entre conselleiros e conselleiras, dos cales 5 eran mulleres e 3 eran homes. E non podo entender, en consecuencia, como agora que, de 10, o 40 % son mulleres e o resto son homes, vostede considere que é un ataque á igualdade. Non o entendo. Probablemente, ademais, vostede non coñece o dato de que o número total de altos directivos que hai con postos de responsabilidade na Xunta, 709 son homes e 782 mulleres. En consecuencia, señoría, nunca un goberno tivo máis mulleres en postos directivos, e mesmo nunca un goberno tivo máis mulleres no goberno que os gobernos da Xunta dende o ano 2009 ao ano 2015. *(Aplausos.)*

Señoría, se fallamos, en consecuencia, señor Méndez Romeu, en contar o goberno, e se fallamos en facer unha descrición da remodelación do goberno, é posible fallar en case todos os datos que vostede hoxe, sorprendentemente, porque lle gusta manexar os datos, trouxo á Cámara.

Señoría, hoxe creo que vostede e mais eu, e todos, podemos afirmar que estamos nunha mellor situación que no ano 2009, que no ano 2010, que no ano 2011, que no ano 2012, que no ano 2013, que no ano 2014 e que no ano 2015. Creo, señoría, que estamos nunha mellor situación económica, e todos os datos así o reflicten.

Estamos comezando a superar a maior recesión da historia dende que Galicia ten autogoberno. Hoxe o PIB medra ao 1,8 %, o ritmo máis alto desde 2008. As exportacións acadaron cifras históricas no ano 2013, volveron acadar cifras históricas no ano 2014 e hoxe son un 5 % máis de exportacións do que foron o ano pasado, o que quere dicir que a economía galega nunca foi tan competitiva, nunca tivemos tanta capacidade de vender ao exterior como agora. Pero ademais a balanza comercial entre as exportacións e o que compramos era beneficiosa para Galicia no ano 2013, no ano 2014 e seguirao sendo no ano 2015. Por iso, señoría, estamos recuperando a confianza dos consumidores; por iso estamos recuperando a confianza dos empresarios; por iso as vendas do comercio polo miúdo están crescendo máis dun 3 %; por iso agora se empezan a abrir novas tendas, pequenas tendas, pequenos comercios en Galicia. Por iso, señoría, o índice de produción industrial en Galicia está subindo máis que no resto de España. E por iso, señoría, creo que é razoable recoñecer que estamos nunha mellor situación da que estabamos ao inicio da lexislatura, e en moito mellor situación da que estabamos hai un ano, cando vostede e mais eu tivemos a oportunidade de dialogar.

Señoría, non creo que sexa razoable falar de que somos un goberno do paro, porque hoxe temos 60.300 persoas menos en paro que cando tomei posesión un mes de Nadal do ano 2012. Non creo que sexa xusto, en consecuencia, dicir que somos un goberno do paro, porque cando tomamos posesión había 60.000 parados máis. E por iso hoxe, que non nos esquecemos en ningún caso dos 215.757 parados que aínda temos, podemos dicir que temos 22.466 parados menos que no ano 2014, 45.000 parados menos que no ano 2013, 43.000 parados menos que no ano 2012, 17.000 parados

menos que no ano 2011 e incluso 358 parados menos que no ano 2010.

Supoño, señoría, que vostede recordará que o último ano do seu goberno se destruíron en Galicia máis de 50.000 postos de traballo. Entón, señoría, creo que non é razoable dicirlles aos galegos que non foron quen de, con moitísimo esforzo, e sen dúbida con salarios máis baixos do que nos gustaría, estar entre as comunidades autónomas onde máis descendeu o paro de España.

Señoría, a cifra de afiliacións máis alta nun mes de setembro dende o ano 2011. Temos 957.471 afiliados, 20.800 máis que no ano 2014, 31.600 máis que no ano 2013 e 5.700 máis que cando tomamos posesión. Polo tanto, señoría, non creo que sexa xusto coa economía galega, cos traballadores galegos, cos emprendedores galegos, dicir as cousas que dixo vostede en relación co paro.

Señoría, o número de contratos indefinidos en Galicia é o 80 % do total. Si, señorías, dígoo porque é bo mirar as cifras e mirar as estatísticas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se vostedes collen o informe da UXT sobre o ano 2015, dirá que na baixada de salarios Galicia ocupa o sétimo lugar, e Andalucía, por exemplo, ocupa o cuarto lugar en España. En consecuencia, creo que todos eses datos debemos de velos –señor Méndez Romeu, sabe o aprecio que lle teño– cun pouco máis de responsabilidade. Non se deixe levar por algúns datos que lle pasan algúns colaboradores.

Señorías, creo que é razoable dicir que, se temos unha taxa de paro en termos EPA case dous puntos e medio por baixo de España; e se temos un paro rexistrado –como dixen– de 63.000 parados menos que cando comezamos a lexislatura, creo que o lóxico, o lóxico, é –volvo insistir– non dicir mentiras, senón dicir as verdades, e estas son as verdades, señoría.

O paro rexistrado en Galicia baixou 14,4 puntos; 6 puntos máis que a media de España. Collamos como o collamos, señoría, temos menos paro na EPA e menos paro no paro rexistrado que o resto de España. E se imos cara os xóvenes, en Galicia temos un paro xuvenil inadmisíbel, do 45,7 %, ¡inadmisíbel. É certo que en España estamos en máis do 49 %. É certo que o paro rexistrado de menos de 30 anos en Galicia baixou un 21 %, 7.744 mozos menos que hai un ano.

E as afiliacións á Seguridade Social de mozos de máis de 30 anos en Galicia subiu un 7 %, e en España un 3 %. Polo tanto, vólvoa reiterar. Creo, señor Méndez Romeu –e dígo-llo sen acritude–, que os datos do paro ten vostede que revísalos.

Cando se fala de emigracións de mozos –permítame que deixe esta resposta ao señor Jorquera–, volvemos outra vez ou a non querer contar a verdade ou simplemente a contar a sabendas un dato falso.

Señorías, cando se fala de que temos unha débeda pública impropia, é sorprendente dicir nesta Cámara que, sendo a terceira comunidade autónoma que mellor controlou o déficit público dende o ano 2009 ata o ano 2015, a terceira con menor déficit público acumulado, que cumprimos todos os anos, todos e cada un dos anos, que cumprimos o ano pasado por debaixo do déficit do 1 % –dado que tivemos o 0,98 %–, que imos volver cumprir este ano o 0,7 % e que non tivemos que acudir nin ao Fondo de Liquidez Autonómica nin ao Fondo de Provedores, e, en consecuencia, fomos unha das poucas comunidades autónomas non intervidas polo Goberno central, ¡que isto non se considere...!

Señorías, somos a segunda comunidade autónoma en que menos se incrementou a débeda pública dende o ano 2008 en termos absolutos, e a terceira en que menos aumentou a débeda pública na ratio PIB. A ratio da débeda pública de Galicia é 5 puntos inferior á media do resto das comunidades autónomas. Señoría, ¿de que se nos acusa? ¿Acúsasenos de manter servizos públicos tendo controlado o déficit público e a débeda pública? ¿Vostedes que é o que propoñen? ¿Gastar máis para criticar máis? ¿Incumprir o déficit para que nos interveñan? ¿Exactamente cal é a súa política económica, señor Méndez Romeu? Dicir que non pagamos a provedores, e sácame vostede determinadas denuncias ante os xulgados por responsabilidade civil do Sergas é sorprendente. A Asesoría Xurídica da Xunta defende os intereses da comunidade autónoma. ¿Vostede que quere? ¿Que cada vez que alguén reclame lle paguemos? ¿Que lles paguemos incluso ás mutuas de seguros que non están cumprindo as súas obrigas? ¿Que lles paguemos (*Murmurios*) ás aseguradoras de tráfico, que pretenden cobralle ao Sergas o que deben de pagar elas, e, en ningún caso, a sanidade pública? Señor Méndez Romeu, non entendo exactamente a que *lobbies* se representa con esa manifestación, pero, dende logo,

eu non lle vou pagar nin ás aseguradoras de tráfico nin ás mutuas de seguros o que deben de pagar elas en beneficio da sanidade pública. (*Aplausos*.)

Señoría, dime vostede que facemos non sei cantas exencións fiscais. (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.) Mire, señoría, nós en Galicia fixemos exencións fiscais para baixar impostos aos cidadáns, pero, dende logo, dicir que os cidadáns non paguen impostos, en ningún caso. A fraude fiscal detectada na Xunta de Galicia por importes non declarados supera os 180 millóns de euros. E afluímos débeda, soamente o ano 2014, por 50,7 millóns de euros adicionais, débedas tributarias. Por iso, señoría, me sorprende que vostede fale de amnistías fiscais. É certo que o Partido Socialista Obreiro Español fixo máis amnistías fiscais que ningún outro partido, pero esas son políticas de Madrid, señorías, non políticas de Santiago. (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.)

Por iso, ¿exactamente de que se nos acusa? ¿De subir ou de baixar impostos? (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.) Porque, do mesmo xeito que se nos di que estamos baixando os impostos e poñemos en risco os servizos públicos, automaticamente se nos recorda que nalgún imposto se paga máis en Galicia que no resto do Estado.

Polo tanto, señoría, nós baixamos 133 millóns de euros, para 188.000 contribuíntes, de rebaixas fiscais selectivas dende o ano 2009 ata agora. Máis deducións por nacementos de fillos; a primeira comunidade autónoma. Máis dedución por coidado de fillos menores; a primeira comunidade autónoma. Máis dedución por aluguer de vivendas. Máis deducións por donativos para I+D. Dedución de investimentos en instalacións e climatizacións con enerxías renovables. Señoría, iso foi o que fixemos. Por exemplo, en hidrocarburos, excepción do pago do imposto de hidrocarburos a todo o transporte dende xaneiro do ano 2015.

Fala vostede de que os hidrocarburos, sobre todo o gasóleo, está máis caro aquí que no resto de España, e vostede ten toda a razón. Pero non está máis caro como consecuencia do imposto, porque está máis caro sen ter en conta ningún imposto de ningunha comunidade autónoma. A min me gustaría que esta Cámara, igual que o Goberno, axudara a trasladarlle a algún operador por qué tendo unha refinería aquí (*Murmurios*) pon o prezo do gasóleo máis caro que no resto

de España. Xa sei, señoría, que hai algúns aos que lles molesta que llelo recordemos, pero *(Murmurios.)*...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...eu, como non teño ningún compromiso cos operadores, veño unha vez máis a denunciálo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señorías, claro que baixamos os impostos, non os impostos para ricos porque aquí sigue habendo o imposto de patrimonio, pero si que baixamos os impostos, señoría, porque pensamos que, despois da crise, os cidadáns teñen dereito a que o Goberno cumpra o programa electoral que foi votado no ano 2012. *(Aplausos.)*

Señorías, sorpréndeme que falen vostedes e critiquen o pago do imposto dos retornados. A Lei tributaria que obriga os retornados a pagar impostos foi unha lei do Partido Socialista Obreiro Español, a Lei que se aprobou no Congreso para liquidar os retornados –e que cando cobren as pensións aquí paguen o mesmo que pagan o resto dos galegos– foi unha lei do Partido Socialista Obreiro Español e todo o mundo estivo calado durante esa época. Señoría, nós non só... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!

Perdoe, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, nós non só estivemos ao lado dos retornados e a Axencia Tributaria fixo todas as liquidacións posibles –e seguimos á súa disposición– senón que, por primeira vez, se fai unha reforma dunha lei tributaria con efectos retroactivos para que se deixen sen efecto os intereses de demora e as indemnizacións ás que deron lugar por impago ou pago fóra de prazo.

Por iso, señoría, sorpréndeme que agora se diga que este goberno, por cumprir unha lei do Partido Socialista Obreiro Español, é un goberno que non ten sensibilidade cos retornados. *(Aplausos.)* Señorías, iso é a historia e iso creo que ben vale a pena plantexalo.

Señor Méndez Romeu, non me estraña que vostede se equivoque sinalando o meu apelido e, incluso, a orientación xeográfica das distintas responsabilidades porque vostede trae o argumentario da calle Ferraz e como veu, supoño, co argumentario da calle Ferraz, fáleme das bolsas do Goberno de España. Pois ben, en canto ás bolsas do Goberno de España –sen entrar a considerar este asunto– quero dicirle que, no ano 2011, o Goberno que había naquel momento tiña 1.180 millóns de euros en bolsas e o presuposto de 2016 ten 1.400 millóns de euros en bolsas; é dicir, un 10,8 % máis que o Goberno do Partido Socialista Obreiro Español. Por iso, señoría, os argumentarios de Ferraz deben ser actualizados, porque seguro que falaban vostedes do presuposto de 2014 ou de 2015 e estamos xa no presuposto de 2016. *(Interrupcións.) (Murmurios.) (A señora Gallego pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Señora Gallego!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Os presupostos da Xunta de Galicia nunca tivemos que devolvelos nin emendalos nin raspalos, cumprimos taxativamente os compromisos do déficit público que asumimos con Galicia e co resto de España. *(Aplausos.)*

Señorías, é verdade que hai un informe do ano 2015 onde se di que a Xunta de Galicia destaca como a terceira administración máis rápida de España en poñer en marcha unha PEME industrial, tamén destaca que a Lei 9, é dicir, a Lei do emprendemento, é unha normativa pioneira e recomenda que sexa utilizado ese informe que vostede citou, pero esta parte do informe non o citou, ten vostede todo o dereito a citar a outra parte. Pero ben, na outra parte, sen dúbida, tamén nos anima a seguir adiante co proceso de simplificación administrativa iniciado hai dous anos e aí plantexa unha crítica.

Señor Méndez Romeu, ou non lle deixan ou é que non chegou ao parágrafo que di o informe. ¿Que di o informe de cal é a Administración pública que máis retrasa os permisos en Galicia? ¿Déixanlle dicilo ou prefire que o diga eu? É o Concello de Vigo, señoría. *(Interrupcións.) (Murmurios.)* O Concello de Vigo retrasa, para un permiso básico de construción, 300 días fronte á media de 100 días do resto dos concellos de Galicia. Por iso, señor Méndez Romeu, non podía citar este informe na súa totalidade. *(Aplausos.)* Estou convencido diso, pero non hai problema, señor Méndez

Romeu. *(Murmurios.) (O señor Méndez Romeu pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Señorías, algún deputado cada vez que se fala disto ponse máis nervioso cada día. *(Risos.)*

Digo, señorías, que nós levamos aquí intentando traballar coas empresas, efectivamente, para que no ciclo das dificultades mantiveran oxíxeno e vida. Por iso o ten Lasurgal, o CIE Galfor, ou Aceites Abril, ou Aluman, ou Marsan, ou Pérez Torres Marítima, ou Aludec Sanoxia; ou empezamos con Pescanova dende o principio, ou Clesa, ou Barreras, ou Copo, ou ABC laboratorios ou Paquito. *(Murmurios.)* Si, si, comprendoo, señoría.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Fala vostede de Ferrol, Eume e Portugal. ¡Non, e Ortegall; Ferrol, Eume e Ortegall, efectivamente. Pero é verdade que esas comarcas representan aproximadamente o 5 % do territorio de Galicia. *(A señora Gallego Calvar pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Señora Gallego!

(Interrupcións.) (Murmurios.)

Señora Gallego, ou deixa vostede falar ou terei que chamala á orde, faga o favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Moitas grazas, señoría.

Señora presidenta, tamén llo agradezo.

Digo que estas comarcas suman o 5 % do territorio da poboación galega, captaron o 17 % dos proxectos de investimentos do Igape nos últimos seis anos –o 17 %– e captaron máis do 19 % dos préstamos da Xunta de Galicia. Nos últimos anos mobilizáronse investimentos por 650 millóns de euros.

Se me pregunta vostede se estamos satisfeitos, direille que non, porque a comarca e o municipio con máis paro de Gali-

cia é Pontevedra e despois é Ferrol e, en consecuencia, non podemos estar de acordo en ningún caso con estes datos.

Pero non creo que debера vostede menosprezar o que estamos intentando, que é facer a sociedade en Lugo e en Ourense. Só a través do Igape temos aprobados arredor de 1.500 proxectos empresariais nas dúas provincias –en Ourense, sobre todo no interior–. Investimentos asociados que roldan os 280 millóns de euros.

Señorías, iniciativas de innovación en Lugo e en Ourense: Coren e o Centro Tecnolóxico da Carne –24 millóns de euros–, o programa de aceleramento Agrobiotech en Ourense e en Lugo, a aceleradora Vía Lugo para crear emprendedores de conformidade coa Zona Franca de Vigo, ou o polo tecnolóxico industrial de avións non tripulados –ese, señoría, do que o Partido Socialista e o señor Rodríguez Zapatero falaban cada trimestre e que por fin vai haber en Lugo–.

E por iso creo, señorías, que estamos intentando nas provincias do interior, intentando –insisto– e creo que ás veces conseguindo pegar un pulo dentro da recesión económica.

Señoría, temos unha axenda de competitividade de Galicia Industria 4.0 con 60 medidas concretas, o obxectivo é que a industria chegue a aportar o 20 % do PIB no ano 2020 e o obxectivo da industria é crear 50.000 novos empregos.

Non creo que sexa razoable dicir que non temos política en materia de innovación, a Estratexia de Especialización Intelixente non foi unha proposta só do Goberno, veu presentala aquí o comisario europeo, o ministro de Europa veu presentala con 1.600 millóns de euros ata o ano 2020.

Señoría, creo que temos unha estratexia de internacionalización porque, se hai por primeira vez máis de 6.000 empresas que están exportando e se temos os mellores datos de exportación de toda a nosa historia, quere dicir que estamos facendo as cousas, que as empresas están facendo as cousas con moito sentido común. Hai un 28,5 % máis de empresas exportadoras hoxe das que había no ano 2009 e este ano levamos un récord de exportacións acumuladas durante os sete primeiros meses do ano.

Señoría, non creo que sexa xusto que me fale vostede de que non executamos o presuposto, executámolo ao 99,9 %. Se

non executáramos o presuposto, sempre teríamos un déficit público inferior ao previsto, e se estamos sempre cumprindo ese déficit é porque executamos o presuposto o 99,9 %. Se executáramos máis, incorreríamos en déficit e se executáramos menos, teríamos moito menos déficit do aprobado polo Consello de Política Fiscal e Financeira. *(Aplausos.)*

Señoría, é certo que non tivemos diñeiro para todo, intentei dicilo esta mañá e, se houbo anos con 2.200 millóns de euros menos cada ano que durante o seu tempo de membro do Goberno, comprenderá vostede que algunhas dificultades tivemos. Eu non sei o que é xestionar Galicia co diñeiro que tivo o bipartito, non o sei, acabará a lexislatura sen poder sabelo.

O que si digo é que estamos moi contentos de poder xestionar Galicia con 400 millóns de euros máis que o pasado ano. E estamos contentos porque poderemos por fin facer que o 99 % dos galegos non pague un patacón polo imposto de sucesións nin polo imposto de doazóns e, por fin, poñeremos impostos cero no rural porque pensamos que a agrupación de fincas, a xente que quere investir no rural comprando terras agrarias ou comprando terras forestais, non deben pagar impostos porque nos interesa que se invista no rural.

E claro que temos interese, señoría, por facer unha política social con máis cartos, con máis prazas e con máis recursos da que fixemos en época de bonanza económica.

Señoría, é certo que poderíamos facer moitas estradas, sen dúbida, pero ao final desta lexislatura haberá un 6 % máis de quilómetros de vías de alta capacidade que cando chegamos ao Goberno no ano 2009, creo que non é un tema menor. Están en servizo 97 quilómetros de autovías, 97 quilómetros novos. Hai 47 quilómetros en servizo na actual lexislatura, os 97 foron da primeira lexislatura, os 47 xa os puxemos en marcha durante estes primeiros tres anos e quedáanos por abrir e por conectar o interior de Lugo —chegando de Lugo a Sarria e agora de Sarria a Monforte—, quedáannos por facer máis de 27 quilómetros de Autovía da Costa da Morte —que houbo moito debate ao respecto— e estamos empezando a obra este mes dos 17 quilómetros da Autovía do Morrazo.

Señoría, temos que conectar a Autovía das Rías Baixas co polígono de San Cibrao das Viñas en Ourense, sen dúbida, e estamos executando unha vía de alta capacidade de 8 quilómetros da Mariña Lucense entre Celeiro e San Cibrao.

Lamento que cando chegamos ao Goberno non houbera un só quilómetro desa vía de alta capacidade na provincia de Lugo.

Pero claro que é lóxico, señoría, que lles gustaría investir máis, aínda que non o sei porque, durante o tempo que investíamos moito en infraestruturas, había moitas críticas do Partido Socialista e dos nacionalistas. Pero é certo que levamos 1.000 millóns de euros investidos en infraestruturas hidráulicas: en 35 depuradoras —o que supón que 1,2 millóns de galegos teñen unha depuradora que antes non tiñan— e no saneamento das rías, ao que lle dedicamos xa 170 millóns de euros, e por fin imos ter as rías, sobre todo a ría de Vigo, coa maior depuradora e coa maior infraestrutura da fachada atlántica europea que se está executando neste momento.

Señoría, imos seguir porque Ribadumia, Ares, Fene, Mugar dos, Esteiro, Santa Comba, Baiona, Muros, Porto do Son, Ribadeo, Cerceda e máis recentemente O Grove e Corrubedo xa teñen depuradoras que están funcionando. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E imos seguir, señoría, porque cremos na depuración das augas e porque cremos nas capacidades de extracción nas rías.

Señorías, non creo que sexa xusto dicir que non investimos na dependencia. Se fixemos 7.800 novas prazas públicas, e isto supón un 76 % máis de prazas públicas das que se fixeron durante o bipartito, creo que é un dato para ter en conta; se cando chegamos ao Goberno cobraban, cada mes, 14.000 dependentes e agora están cobrando 40.000, cada mes, é un dato a ter en conta.

Volvo reiterar, nunca vin un presuposto como o que tivo o bipartito para executar, nunca desfrutamos desas contías e, sen embargo, comprometémonos a incorporar 10.000 dependentes máis dos que temos no presuposto do ano 2016 *(O señor Méndez Romeu pronuncia palabras que non se perciben.)*

Por iso, señoría, imos seguir facendo prazas públicas e, de feito, en escolas infantís —como lle comentaba pola mañá— temos, por primeira vez, 33 prazas por cada 100, cumprindo a ratio da Unión Europea. E queremos seguir porque, alí onde as prazas públicas están esgotadas, o lóxico é que os pais e as nais teñan unha axuda para levalo a outras garderías; e queremos seguir porque alí onde non hai garderías no rural, o lóxico é que as familias teñan unha solución financiada con fondos públicos para poder levar os seus nenos a

un coidador ou coidadora durante a xornada de mañá e de tarde. (*Aplausos.*)

Señoría, imos seguir traballando na dependencia e eu o que pido é que o Plan social contra a desigualdade económica que poñemos á disposición das deputacións, que as deixamos saneadas e poñemos á disposición dos concellos, que os deixamos con menos problemas económicos e financeiros de como os atopamos... Digo, señoría, que sería bo facer un plan conxunto para todo o país. Nós, dende logo, imos intentalo e espero e desexo que así o podamos conseguir.

Señor Jorquera e señoras do Grupo Mixto, non é certo –unha vez máis volto repetilo– en ningún caso que teñamos a maior porcentaxe de pobreza, mírese como se mire. Se vostedes queren coller o índice de exclusión de fogares e de individuos de Cáritas, somos a comunidade autónoma con menor índice de exclusión de fogares e somos a comunidade autónoma con menor índice de exclusión de individuos de España. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) –Individual, si, efectivamente–. Se queren vostedes coller os datos recentes de pobreza –que son os publicados na Enquisa de Condicións de Vida, a última coñecida no ano 2014–, Galicia é a cuarta comunidade co índice de pobreza máis baixo de España, despois de Madrid, de Navarra e do País Vasco.

Polo tanto, ¿de que se nos acusa, señorías? ¿Acúsasenos de ter menos renda que en Navarra, que no País Vasco e que en Madrid? Iso xa o sabemos dende o principio.

Agora que vostedes queren suprimir o cupo vasco, supoño que poderemos falar sobre os índices de pobreza entre comunidades autónomas con sistemas de financiamento axeitados. É certo, señoría, que o Partido Socialista quere suprimir o cupo vasco en Andalucía, pero o Partido Socialista está gobernando co Partido Nacionalista Vasco en todos os lugares de Euskadi. ¿Por que nos enganan de forma constante e continua cada vez? ¿Por que lle din unha cousa á metade de España para que os crea sabendo que van a facer a contraria porque se non, non terán vostedes ningunha posibilidade de ocupar ningunha institución en Euskadi?

Creo, señoría, que deberíamos falar do financiamento e seguro, señor Jorquera, que falaremos a miúdo o próximo ano, pero andar xogando con isto non me parece axeitado porque andar xogando coa modificación da Constitución e

do Estatuto de Guernica (*Murmurios.*) ben merece, señoría, unha reflexión.

É certo que o Partido Socialista gobernou España 22 anos. ¡Non tivo tempo de modificar o cupo vasco! Pero agora que está na oposición resulta que vende iso de modificar o cupo vasco.

Señorías, que non se entendan as miñas palabras en ningún caso como defensa de situacións desiguais, pero si como defensa da legalidade vixente.

Señor Méndez Romeu, señor Jorquera, non creo que sexa razoable deostar a sanidade pública, non o creo; eu, dende logo, vou seguir traballando pola sanidade pública. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Porque se temos menos espera cirúrxica para patoloxías que non poden esperar –16 días e tiñamos máis de 30 cando chegamos–; se temos un 38 % menos de espera cirúrxica para as patoloxías graves –había 64 e agora hai 40–; (*Murmurios.*) se os profesionais están facendo o maior número de intervencións cirúrxicas en xornada de mañá nos quirófanos públicos –28.000 intervencións cirúrxicas máis cada ano–; señoría, se estamos concienciando a sociedade e os facultativos de dispensar medicamentos xenéricos –cando chegamos un 10 % e agora ao 43 %– e se iso supuxo un aforro de gasto farmacéutico de máis de 250 millóns de euros é porque todo isto nos permite adicalo a facer máis hospitais.

En plena recesión económica, poder dicir dende unha tribuna que o 50 % dos galegos teñen na súa área sanitaria un hospital novo –ou reformado– ou un centro de saúde novo creo que ben vale a pena unha reflexión. (*Murmurios.*) E poder dicir, e dígo, que o próximo 2016 serán o 70 % dos galegos os que teñan un hospital novo ou reformado na súa área de saúde creo que tamén merece unha reflexión. (*Aplausos.*)

Señoría, ampliar o Hospital de Ourense, ampliar o Hospital do Salnés, facer por primeira vez un plan director do Complexo Hospitalario de Ferrol e empezalo o próximo ano creo que ben vale a pena poñelo en valor, polo menos os que cremos na sanidade pública.

Decía o portavoz do grupo maioritario, e recordaba os datos do Barómetro Sanitario –o último, publicado en xuño do ano

2015–, que temos un 10 % máis de poboación que a media de España que considera que a sanidade pública funciona mellor que antes, un 10 % máis que na media de España. Estamos por riba da valoración global de España: o 73,2 % en Galicia e o 62,7 % en España.

Señoría, se collen vostedes as súas asociacións, a Asociación para a defensa da sanidade pública, que supoño que ten que facer datos para todas as comunidades autónomas aínda que aquí digan que é a peor sanidade pública, non sei que dirán en Andalucía, non sei que dirán nas comunidades onde vostedes gobernan, porque aquí o que di é que melloramos postos e outras comunidades empeoraron os postos.

Polo tanto, se cando gobernaba o bipartito eramos a comunidade número 13 en peor sanidade pública e agora subimos ao número 7, supoño, señorías, que vostedes mesmos nos están a dicir que, efectivamente, os galegos (*Murmurios.*) fixeron un gran esforzo coa sanidade pública nos últimos anos. (*Aplausos.*)

Señoría, un destacado socialista vigués chegou a afirmar que carecer de laboratorio central poñía en perigo a vida dos vigueses –leo literalmente–. Isto é simplemente falso e creo que dicir isto é dunha enorme irresponsabilidade. (*Murmurios.*)

Ese hospital ten un laboratorio de 800 metros cadrados –¡800!– e no hospital irmán do complexo hospitalario está o laboratorio central onde se reciben todas as mostras de todos os centros de saúde da área sanitaria máis poboada de Galicia. Por iso, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia quixo quitarlle completamente a razón a esta sinrazón.

Eu non vou ocultar os problemas do traslado do Hospital Álvaro Cunqueiro, (*Murmurios.*) en ningún caso, nin o fixen nin o farei. Sabiamos que estabamos ante a operación sanitaria máis difícil dende que se transferiu o Insalud en 1990, sabíámolo. Porque non era só mudar 6.000 profesionais dun lado para outro, era mudar toda a cultura hospitalaria, (*Murmurios.*) era que o servizo da UCI do Xeral e o servizo da UCI do Meixoeiro traballaran xuntos e baixo un único xefe, era que as urxencias do hospital Xeral e as urxencias do Meixoeiro traballaran xuntos e baixo unha única orde xerárquica, (*Murmurios.*) era, señoría, facer o traslado máis difícil que nunca fixemos.

É certo que non tivemos axudas en ningún caso: negáronnos a auga, negáronnos o abastecemento, negáronnos o saneamento, negáronnos as viais, negáronnos as acometidas eléctricas. Tiñamos todo a favor para non facer o hospital, (*Murmurios.*) incluso como me dixo un ex-conselleiro do bipartito: “non creo que poidas facer o hospital porque non hai un euro para facelo”. (*Aplausos.*)

Podía, efectivamente, seguir a designación dese ex-conselleiro, pero preferín, señoría, deixar un hospital que é tres veces máis grande que o hospital vello, facer un 122 % máis de habitacións neste hospital que no hospital vello e duplicar a superficie de urxencias.

Estou convencido, señoría, de que sen ningunha dúbida poderemos acreditar que valeu a pena. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E estou convencido, señoría, de que poderemos acreditarlo máis cedo que nunca.

Estou acostumado ás cuestións sanitarias, aquí díxose solemnemente –consta no *Diario de Sesións*– que o PP lle pagaba 30 euros a cada médico para dar de alta os pacientes que estaban na lista de espera... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) –Señoría, non vou citar a deputados que non están...Digo que incluso manexaron un panfleto electoral coas siglas do Partido Socialista Obreiro Español no que se dicía que, se gañaba o PP, íamos cobrar 206 euros por unha consulta...

A señora PRESIDENTA: ¡Señor Gallego, xa está ben!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e 513 euros por hospitalización.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señoría, hai algún deputado do Partido Socialista que pregunta quen fixo iso. Señor Méndez Romeu, pídlle que o teña informado...

A señora PRESIDENTA: ¡Señor Gallego!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...porque eu non creo que deba de informar sobre quen fai as cousas no Partido Socialista, (*Aplausos.*) non creo que estea lexitimado para facelo.

Amigos, por moito que repitamos unha mentira (*Murmurios.*) non se vai converter en verdade, non. A sanidade pública galega é cen por cento pública, os nosos hospitais son cen por cento públicos, as novas infraestruturas que fagamos seguirán sendo cen por cento públicas e a atención será prestada por profesionais empregados públicos do Servizo Galego de Saúde.

Señoría, hoxe temos unha receita electrónica e un historial clínico, señor Jorquera, como non hai en ningún servizo de saúde, tan só en aproximación en Euskadi.

O programa de consulta telefónica, está dando máis de un millón de consultas no último ano. O Programa de protección social da saúde pública, fomos unha das primeiras comunidades autónomas que mantivemos a protección da saúde para os inmigrantes e as persoas sen recursos.

Señoría, a Lei de garantías de prestacións sanitarias agora regula os tempos máximos de espera e agora os galegos poden por primeira vez decidir a que hospital van e decidir que médico de atención especializada o pode atender.

A detección precoz do cancro de colon é a primeira vez que a iniciamos, precisamente na área de Ferrol, e estamos renovando a maior tecnoloxía de TAC, de resonancias e de mamógrafos que nunca renovou un sistema público de saúde nos 30 anos que leva transferido. (*Murmurios.*)

Por iso, señoría, temos unha sanidade recoñecida e por iso, señoría, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) supoño que teremos unha mellor sanidade e que os galegos pouco a pouco se darán conta de que hai alguén que non lles mente.

Señorías, na miña opinión, non é lóxico falar de que temos unha educación peor que cando chegamos. Se somos a primeira comunidade autónoma en número de profesores por alumno, ¿por que temos a peor educación?, (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿porque os profesores son peores que os do resto do Estado? (*Murmurios.*) Se temos máis profesores por alumno en Galicia que no resto do Estado, ¿por que temos unha peor educación que no resto do Estado?

Señoría, non acepto que os profesores galegos teñan menos competencia que o resto dos profesores de España. (*Murmurios.*)

rios.) Non, non podo aceptalo e non o podo aceptar porque temos unha ratio de profesor por alumno de 10,5 alumnos por profesor e a media das comunidades autónomas está case en 13, somos a primeira. (*Murmurios.*)

Temos novas tecnoloxías, dicíao o portavoz do grupo maioritario, efectivamente 51.000 alumnos máis.

Hoxe temos 420 auxiliares de conversa, co bipartito tiñamos 67. Por iso, cando agora se molestan por dicir que queremos unha educación trilingüe, ¡pero se a empezou o bipartito co BNG no Goberno! Se vostedes contrataron 67 profesores de conversa en inglés. ¿Entón agora nós por contratar 420 resulta que non amamos nin queremos o país? (*Murmurios.*)

Señoría, pensabamos que tiñamos que mellorar sobre o seu balance e foi o que fixemos. (*Murmurios.*) Por iso temos máis prazas de formación profesional, por iso –fago un inciso– temos as taxas universitarias máis baixas do país e por iso os reitores están facendo un enorme esforzo e hoxe as universidades galegas teñen máis competitividade e teñen máis calidade docente da que tiñan hai uns anos, (*Aplausos.*) e por iso, señoría, temos que falar ben das universidades galegas, dos seus equipos directivos e dos seus reitores. (*Aplausos.*)

Críticase que a taxa de abandono escolar é moita –o 18,5 %–, pero, señor Méndez Romeu e señor Jorquera, dicir que é moita a taxa de abandono escolar e cando vostedes gobernaban tiñan case o 26 %, ou era moitísima antes ou a de antes era un desastre. Pero o certo e verdade é que temos a taxa de abandono escolar máis baixa dende que temos estatísticas.

E se temos 72.000 prazas de comedores escolares, se o Informe Pisa di que Galicia supera a media de España en todas as competencias avaliadas e empatamos en matemáticas, se este informe di que Galicia mellora en comprensión lectora e en ciencias, señorías, creo que estamos facendo un esforzo. Sen dúbida podería facerse moito máis se seguimos endebedándonos ou simplemente, señoría, se seguimos dicindo unha cousa e a súa contraria, pero non creo que iso sexa o axeitado.

Señor Méndez Romeu, quen lle pasou os datos de que en sanidade privada investimos máis que no bipartito non o

quere ben. E eu volvo reiterar: hai alguén que lle pasa uns datos que non respectan o portavoz do grupo maioritario da Cámara. Porque o incremento do gasto sanitario privado é dúas veces máis durante o bipartito que durante este goberno. Por iso me sorprende –volvo reiterar–, señor Méndez Romeu, que a vostede que lle gusta utilizar os datos de forma correcta volva vostede agora falar de determinadas cuestións.

Señor Méndez Romeu, sobre corrupción remítome ás palabras do portavoz do grupo maioritario da Cámara; estou convencido de que vostede non quixo falar diso para que eu abundase nese terreo, e por iso non o vou facer.

Sei que cando se reúnen coas empresas do IBEX automaticamente se comprometen a non tocar un ápice da reforma laboral, seino perfectamente. E cando se reúnen coas empresas do IBEX en ningún caso din que se subirán os impostos, ao contrario, ¿acórdanse daquilo de que baixar impostos era de esquerdas? Por iso cando falan destas cousas simplemente para ver se alguén pica, (*Murmurios.*) os galegos temos memoria e sabemos perfectamente, señor Méndez Romeu, que unha cousa é o que din nas tribunas e outra cousa é o que din nos despachos. Por iso creo que non é razoable que vostedes estean dicindo cousas que as están negando en privado en todos os lugares onde teñen posibilidades de ser escoitados.

Señor Jorquera, con toda a amabilidade –dígollo dende a admiración que lle profeso–, (*Murmurios.*) non creo que sexa un problema, para min non, ao mellor para el, (*Murmurios.*) pero se é un problema para vostede retíroo inmediatamente do *Diario de Sesións*. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Eu díxenlle moitas veces ao señor Jorquera que teño moitas máis cousas en común con el que as que el ten coa CUP de Cataluña pero non me fai caso. (*Aplausos.*) Bueno, algún día faramos caso, (*Aplausos.*) e supoño que podemos falar e dialogar. (*Aplausos.*) Houbo un portavoz do BNG –que xa non está– que unha vez me dixo a ver se tomamos un día unha botella de licor café na miña casa ti e mais eu e podemos falar. (*Murmurios.*) Eu estou encantado de que fora así. É certo que agora xa non está, pero seguro que a podemos tomar nalgún momento. (*Murmurios.*)

Por iso, señor Jorquera –dígollo con absoluta amabilidade–, tivo que irse ata 1918 (*Murmurios.*) para recordar unha

assemblea nacionalista na que non acabaron enfadados todos. (*Murmurios.*) Iso, dende logo, señor Jorquera, é unha cousa importante. Señor Jorquera, eu respecto os nacionalistas, non comparto para nada nin a súa ideoloxía nin a súa visión do país, nin comparto a súa interpretación da historia. Pero vostede ten que respectar que Galicia non é nacionalista. Non, Galicia non é nacionalista e, en consecuencia, como Galicia non é nacionalista non podemos aplicar as políticas nacionalistas.

Di que a sede de Galicia se vai a Madrid. Eu creo que o que se está indo a Madrid é algunha sede dalgún partido nacionalista, que agora está cerca da Complutense. (*Aplausos.*) Dende logo, aquí, señoría, iso non ocorre. (*Aplausos.*)

Pero non é lóxico, señor Jorquera, dicir que a poboación galega moza descendeu como consecuencia do PP. (*Murmurios.*) Mire, nós perdemos 238.373 mozos –é certo– entre 16 e 29 anos dende 1998. ¿Sabe por que, señoría? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Porque non naceron; ese é o problema, vostede sábeo igual ca min. Entre 1975 e 1979 nacían en Galicia unha media de case 44.000 nenos ou nenas. Despois do ano 1980 ao 1984 xa baixamos a 34.000, un 21 %. E despois a partir do ano 1985 empezamos a baixar cada lustro de 25.000 a 21.000, de 21.000 a 18.000, de 18.000 a 19.000 no lustro 2000-2004. Subimos a 21.991 entre 2005 e 2009, e agora volvemos a 21.114 entre o ano 2010 e o ano 2012. (*Murmurios.*) Polo tanto, do problema demográfico dos mozos de Galicia non lle bote a culpa vostede a ningún goberno, senón que a responsabilidade é do total da sociedade. E seguro que os gobernos que estaban naquel momento durante a transición terán algo que dicir, e durante as épocas do Partido Socialista e do Partido Popular tamén.

E cando vostede di que o maior volume de emigración xuvenil se produce nestes anos sabe vostede que non é certo, porque cando marchou o maior número de mozos en Galicia foi no ano 2007, despois no ano 2008 e despois, señoría, no ano 2009. Por iso non creo que vostede nos debe de dicir aquí cousas que sabe a conciencia que non son certas. Dixo textualmente, señor Jorquera: “durante a crise saíron de Galicia 260.000 persoas”, e é verdade. O que pasa é que o que vostede non contou foi a xente que entrou durante a crise. De Galicia, efectivamente, saíron 204.000 persoas e entraron 240.000; é dicir, entraron 36.000 persoas máis das que saíron. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entón,

agora o problema, señoría, é a idade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois ben, señoría, sen dúbida, (*Murmurios.*) imos impedir que a xente maior volva a Galicia. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Si, señoría, imos impedir que os galegos volvan a Galicia simplemente porque hai que esco-ller as idades para volver ao país. (*Murmurios.*) Señorías, menos demagogia e un pouco máis de seriedade, se lles parece. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Señor Jorquera, non é certo que as cotas de pesca estean diminuindo. Entre o ano 2005 e o ano 2012 perdemos o 44 % das toneladas, e no período 2012-2014 gañamos un 13 % de cota e, o que é máis importante, un 55 % do valor do pescado. (*Murmurios.*) Por iso a cota do pescado no Cantábrico, por exemplo, medrou un 75 % dende o ano 2009. É verdade que con outras especies, como a anchoa, estamos tendo dificultades. Pero cando medra a cota da pescada nun 75 % iso é a pesar do Goberno, e cando temos un problema nunha especie concreta iso é por culpa do Goberno. (*Murmurios.*) Señor Jorquera, non creo que iso sexa o lóxico de facer este tipo de valoracións.

Cando o Goberno bipartito negociaba en Madrid co Ministerio de Agricultura conseguiu 12 millóns de euros para o sector lácteo –12 millóns–, tiñamos os prezos igual de caídos que os que tivemos este último trimestre. (*Murmurios.*) Si, señoría, téñoos á súa disposición. Agora acabamos de conseguir 45 millóns e medio de euros só do Goberno español para o sector lácteo galego, o 75 % do que se vai repartir agora virá a Galicia. (*O señor García García pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Interrupcións.*)

A señora PRESIDENTA: Señor García.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non entendo... (*Interrupcións.*) (*O señor García García pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: ¡Señor García!, faga o favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señorías, estou convencido de que pode ser o colmo pero durante o Partido Socialista Obreiro Español (*Murmurios.*) non viña nada, e a min iso si que me parece o colmo; (*Aplausos.*) parécese o colmo dobre, señoría. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Señor Jorquera, (*Murmurios.*) vostede sabe igual ca min que o problema da política enerxética dun ministro que agora está facendo moitos libros por España foi os 35.000 millóns de euros de déficit tarifario, é dicir, de débeda que deixou a pagar. E a pesar de que dixo que se acabaron as primas, o 85 % dos megavattios eólicos está en execución –o 83,5 % exactamente–, e os plans industriais levan investidos 986 millóns de euros e 2.000 empregos, de acordo cos compromisos das empresas eólicas. E por iso, señoría, creo que é tamén de recoñecer que por primeira vez –sorpréndeme que un partido nacionalista non o vira– se estean recadando 114 millóns de euros das empresas eólicas en beneficio das facendas autonómicas e locais de Galicia, a primeira vez. Non sei por que vostedes non lle puxeron impostos ao sector eólico, nós si; criticados, demandados en todos os tribunais, e de momento grazas ao esforzo da Asesoría Xurídica con sentenzas gañadas.

Mire, señoría, cando queremos saber como está o idioma en Galicia o que facemos é facer unha enquisa con intensidade. Podíamos non facela –xa se sabe–, pero o Instituto Galego de Estatística está á disposición dos intereses de Galicia. E desa enquisa –que vostede e eu coñecemos– a algúns gustaríanos mellorar, sen dúbida, sobre todo respecto ao uso do galego, e outros con aspectos máis positivos creo que ben vale a pena poñer en valor: o galego continúa a ser a lingua maioritaria de Galicia, (*Murmurios.*) o cambio da tendencia en favor do galego nos índices de coñecemento oral e escrito, sabe falar galego o 97,5 % da poboación –hai uns anos o 96,9–, o grao de coñecemento da lingua entre galegos é o máis elevado que nunca. Agora, en consecuencia, se coñecemos e sabemos falar e escribir a cuestión é utilizalo, sen dúbida. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pero no que se refire ás novas tecnoloxías superamos o Plan de normalización lingüística –que vostede plantexa– en aspectos como a utilización do galego nas redes sociais –antes é certo que non existían–, ou conseguimos o dominio .gal, temos xornais dixitais en galego –todos os que se queiran–, así como tradutores nos medios de máis difusión –podemos ler a *Voz de Galicia*, o *Faro de Vigo*, o *Progreso*, etc., en galego–. (*Murmurios.*) Nada disto estaba contemplado nese plan. Tampouco estaba contemplado que tiveramos unha canle máis da radio pública e unha canle máis da televisión, e témola; elaborouse e publicouse o nomenclátor, que permitiu avanzar no emprego dunha toponimia tan complexa

como a galega; o galego é ensinado no dobre de universidades de todo o mundo do que era ensinado no ano 2004; e aprobamos unha Lei de aproveitamento da lusofonía.

Polo tanto, señoría, creo que ben vale a pena saber que o problema que temos non é o coñecemento do galego, senón a utilización do idioma propio. Pois se este é o problema concretemos a solución e non empecemos a dicir que a nós non nos preocupa o galego, que non ensinamos o galego e que os rapaces durante o PP non coñecen o galego, porque é xustamente ao contrario. *(Aplausos.)*

Señor Jorquera, ¿estamos a cumprir o noso programa lexislativo? A resposta é que si. Remitimos ao Parlamento case o 60 % do total das leis que nos comprometemos no programa electoral. Foron remitidos vinte e catro textos dos corenta e dous previstos, entraron en vigor vinte e un e están en tramitación dous –a Lei do solo e a Lei de transparencia–. Imos seguir remitindo as leis ao Parlamento, e a Lei do patrimonio cultural, a Lei de acuicultura e a Lei de servizos xurídicos están ultimadas. Na pasada lexislatura aprobamos cincuenta leis, nesta lexislatura temos aprobadas trinta e oito. Eu creo que imos cumprir o programa electoral. E creo, señoría, que non vale a pena –polo menos de momento– plantexar que non imos ser capaces de cumprir o programa electoral ao que nos comprometemos.

Señoría –vou rematando–, creo que os partidos estatais dos que vostede fala é certo que algunhas veces din unha cousa e outras din outra, non o vou negar. Nós dende o principio pedimos a transferencia da autoestrada do Atlántico no programa electoral do ano 2009 e no programa electoral do ano 2012. É certo, señoría, que esa autoestrada non foi transferida a Galicia, pero vostedes, señorías, creo que estiveron algún tempo; hai outros compañeiros de Parlamento que estiveron máis de vinte anos gobernando en Galicia. Agora a peaxe entre Pontevedra e Vigo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, máis de vinte anos gobernando en España, non quero en ningún caso quitarlles esa honra. Digo que agora se está ampliando a autoestrada do Atlántico; durante os oito anos de bonanza económica nada se fixo. Agora diminuíuse o prezo da peaxe entre Vigo e Pontevedra; durante os oito anos de bonanza económica nada se fixo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E agora, cando se fala de financiamento, a peaxe dunha autoestrada do Estado estana pagando os galegos, señoría, e aínda enci-

ma presumen de xestión. *(Murmurios.)* ¿Que ocorrería se dunha autoestrada do Goberno central pagaran os galegos o levantamento da peaxe? Querería escoitar algunhas bancadas deste hemicycle *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* para ver o que dirían. *(Murmurios.)* Pero aquí presúmese de calquera cousa.

Amigos, señorías, o financiamento do que vostede fala. Di que perdemos non sei canto diñeiro no financiamento. O financiamento que hai agora estaba pactado cun socio seu das eleccións, con Esquerra Republicana de Catalunya. Non, xa sei que lle dá igual, pero a min non me dá igual, porque que Esquerra Republicana de Catalunya vaia de socio do BNG como galego non o podo entender, e eu teño que dicilo, non o podo entender. *(Murmurios.)* E por iso cando se pacta o sistema de financiamento co Goberno de España, *(Murmurios.)* o Partido Socialista, vostede estaba na Cámara, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* señoría. E daquela pedían-nos 2.300 millóns de euros a devolver, eran aquelas liquidacións negativas cos presupostos falseados do ano 2008-2009. Señoría, o que conseguimos foi: en vez de devolvelo en cinco anos, primeiro, un aprazamento a dez, despois un aprazamento a vinte e agora non pagar o que correspondía nin o ano pasado nin este ano. Creo que todo se pode mellorar. Pero, dende logo, que melloramos a situación que nos atopamos dende o punto de vista de financiamento é verdade.

Señorías, a min paréceme moi ben que cite vostede a Constitución, paréceme moi ben, porque un grupo parlamentario que non está de acordo coa Constitución e que cite a Constitución paréceme que é un avance. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Dicir que unha sentenza do Tribunal Constitucional é un golpe de estado constitucional... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!

Señora Díaz, faga o favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

Señoría, si xa sei quen é ese catedrático, non teña dúbidas. Crin que estaba vostede de acordo con el. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois se está de acordo con el, permítame que o cite. Ben, entón dicir estas cousas, pois non as podo compartir, señoría. Dicir por un catedrático de Dereito Constitucional que unha sentenza do Constitucional

é un golpe de Estado constitucional, simplemente, non o podo en ningún caso aceptar, porque me parece dunha enorme irresponsabilidade. E por iso non podo entender, señoría, que teñamos neste momento que estar discutindo se cumprimos ou non cumprimos a Constitución. Por certo, señoría, para aprobar 2º de Dereito é obrigatorio coñecer a Constitución. Tiven a sorte de ter o profesor Portero, que me deu a Constitución, reitor da Universidade da Coruña; é un bo constitucionalista. Dáme a sensación de que vostede e eu non poderíamos aprender un pouco máis de Constitución, porque algo de Constitución si sei. *(Aplausos.)*

Señoría, di vostede, señor Jorquera, e dígollo con toda amabilidade, que Galicia necesita un tempo novo, e vostede parafraseou o presidente Aznar e comparoume co presidente González, e acepto a comparación. Creo que o presidente González, sen dúbida, foi o mellor presidente que tivo o Partido Socialista Obreiro Español e que terá en moitas décadas vendo o que hai diante. *(Murmurios.)* Pódolle asegurar, señoría, que non me importa que me faga esa homologación. *(Aplausos.)* Eu creo que a Galicia nun tempo novo a iniciamos coa recuperación económica que quedou constatada neste debate, esa é a Galicia do tempo novo que creo que acabamos de iniciar.

Vou rematando, señorías. Sobre a intervención do portavoz de AGE non teño moitas cousas que dicir, honradamente. Porque despois de escoitalo algúns anos no debate do estado da Autonomía –leva quince anos facendo o debate do estado da Autonomía–, é moi similar o que vai dicindo en cada un deses debates. Empezamos con Roma, proseguimos co Renacemento, facemos unha incursión no IV Reich, falamos do estalinismo liberal e estamos a inxuriar e a calumniar o presidente de México, o Estado de Israel, a nación alemá, os tsares rusos, dicir que o euro é un golpe totalitario, en fin... A estas cousas, señoría, estamos acostumados, aos mercenarios da historia que pensan en metálico. Eu supoño que un ex opositor de corredor de comercio debe saber moito do mercado e do diñeiro e do metálico. Nós o que sabemos é intentar utilizar o diñeiro como nos ensinaba un catedrático de Facenda Pública, que dicía que o diñeiro é un ben escaso susceptible de usos alternativos. Pois nós o que podemos e facemos é ese ben escaso que xestionamos utilizalo para o fortalecemento dos servizos públicos e para que en Galicia non lle faltara ningún servizo público a ningún galego durante a crise económica. *(Aplausos.)*

Señorías, dinme –non podo confirmalo– que a intervención do portavoz do BNG é máis ou menos a última intervención que fixo hai pouco tempo na Facultade de Políticas. Pois non teño máis que dicir. Esta intervención é unha intervención que se vai soltando pouco a pouco en función dos lugares onde un está, pero segue sendo a mesma. É dicir, adornada, iso si, con sete pecados capitais para ver se atopamos algún titular.

Mire, señoría, con toda humildade... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* non lle oculto que as Mareas, que aínda non sabemos o que é, porque hai que falar co señor Iglesias antes, digo que gañaron nunha cidade. O Partido Popular gañou en catro e en todas as deputacións. *(Murmurios.)* Agora Mareas gañou nunha cidade e di que o Partido Popular perdeu as eleccións. É a forma tsarista de interpretar a democracia. Pero, en fin, nós, como é natural e como dicía o portavoz deste grupo, sabemos gañando tamén estar na oposición e admitir que gobernen os que perden as eleccións. *(Aplausos.)*

Señorías, vou rematando. Creo, señora Iglesias, que iso de que “Galicia está no bo Camiño” non é das elites, é dos peregrinos, que son os que veñen a Galicia, e que veñen limpamente e cada vez veñen máis, e creo que iso é bo.

Recoméndanos vostede películas. Eu, dende logo, intentaría ver un mellor cine do que vostede me recomenda, pero, en todo caso, se quere vostede ver esas películas ten todo o dereito.

Fala vostede de Benedicto XVI e de Al Capone. Non sei se teñen algunha relación ou non, supoño que non. *(Murmurios.)* Pero o que si me sorprenden son algunhas citas que escoitei, porque escoiteina dun ton tan desabrido que tiven que prestar atención porque non a recoñecía, señora Iglesias.

Pero hai tres cousas que non creo que debamos de aceptar: a primeira, que dende o Grupo Mixto se dean clases de ética política; a segunda, que digan que representan a maioría social de Galicia; *(Murmurios.)* e a terceira, que chame á unidade da oposición despois de marchar dela. Agora ben, estas cousas quedaron no *Diario de Sesións*, e como é lóxico eu non podo máis que aceptalas, como non pode ser doutro xeito. *(Aplausos.)*

Señora Martínez, di vostede que coñeceu o actual conselleiro de Sanidade en Povisa. Eu coñecino xestionando o Hospital O Meixoeiro de Vigo e como director do Sergas de Vigo. É certo que vostede traballou en Povisa; o conselleiro coñecino traballando na sanidade pública, vostede é parlamentaria tendo traballado na sanidade privada. Xa ve vostede como Galicia é unha sociedade aberta e non ten nada que ver a sanidade e a orixe laboral de cada deputado ou deputada. O que si digo é que cada vez que tiñamos discusións con Povisa había un comité de recibimento en Vigo que me pedía máis diñeiro para Povisa, é dicir, máis diñeiro para a sanidade privada. E agora resulta que non sabemos moi ben o que temos que facer, porque se poñemos máis diñeiro para Povisa a señora Martínez recrimináramo, e se, pola contra, poñemos menos tamén mo recriminará, co cal nesa lea, señora Martínez, non sei exactamente que é o que temos que facer. Dende logo, na nosa opinión, liberar a área, deixar que a xente que queira ir ao hospital público poida ir e poñer límites sobre as capacidades de intervención de Povisa.

Mire, contestou o portavoz do Grupo Popular á maioría das cuestións que vostede plantexaba, pero non creo que sexa razoable chamarlles aos setecentos mil longos votantes do Partido Popular “xente deshonesto”, non o creo. E creo que a xente do Partido Popular que nos votou, porque por iso estamos aquí, pois non creo que mereza o cualificativo de “deshonesto”, e por iso estou convencido de que vostede o retirará.

Mire, señoría, isto de dimitir e presentar un novo programa é difícil. Eu non vou dimitir para presentar un novo programa, eu vou seguir sendo presidente da Xunta presentando o que imos facer no ano 2016, niso consiste o debate do estado da Autonomía. E por iso non creo que baixar impostos sexa ir en contra da xente, porque baixar impostos aos que menos teñen creo que é a favor da xente. Polo menos, era o que pensabamos e o que imos seguir facendo.

Señoras e señores deputados, con toda sinceridade, creo que foi un debate moi interesante dende o punto de vista das aportacións, e se nalgunha cousa non estiveren á altura desculpénme.

Moitísimas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

A señora PRESIDENTA: Rolda de réplica dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Mixto, señoras Iglesias e Martínez García.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Boa tarde.

Grazas de novo, presidenta.

Señor Feijóo, eu non vou entrar en temas persoais, vou entrar no que verdadeiramente lle interesa a este país, e para iso vou retomar unhas palabras do seu discurso, e por moito que repitamos unha mentira non vai mudar en verdade. Ben, verdades que vostede escaquea no seu discurso:

O outro día Cáritas –da que tanto lle gusta falar– alerta de que a metade das usuarias dos seus comedores na Galiza son familias de persoas que traballan en precario, que traballan con contratos temporais, a tempo parcial, ata horas ás veces. “Pobreza laboral” chámase a modo de eufemismo esta nova escravitude que afecta persoas e familias cuxos salarios non cobren as necesidades básicas.

As estatísticas, os datos que eu teño, dinnos que nos contratos rexistrados no mes de setembro son temporais o 93,04 % e só un 6,96 % son indefinidos. E a realidade é que a día de hoxe na Galiza hai 148.000 contratos a tempo parcial. E 70.000 traballadoras por conta allea –¡atención ao dato!– cobran unha retribución anual inferior aos 5.000 euros, que, distribuídos en doce nóminas máis dúas extras, resultan 351, señor Feijóo, 351 euros ao mes. ¿Son esas as melloras laborais e salariais que nos presenta como estupendas? Contratos que afectan miles de familias galegas, que se ven na obriga de acudir aos servizos de Cáritas porque os seus salarios non cobren as necesidades básicas. E pregunto eu: ¿por que teñen que recorrer a Cáritas?, ¿onde están as institucións do Estado social e democrático de dereito que pregoa o artigo 1 da Constitución para axudalos? A legalidade constitucional tamén é iso, señor Feijóo. ¿Que fan vostedes cos nosos impostos? Unhas 200.000 persoas desempregadas na Galiza e máis dun 20 % de asalariadas temporais. E outro dato: ¿sabe que a Organización Internacional do Traballo sitúa a España como o país onde a desigualdade é máis grande por mor deste tipo de contratos que recollen friamente as estatísticas como creación de emprego?

Mentres nos falan de devolver a paga subtraída aos funcionarios outro informe da OCDE resulta que nos sitúa á cabeza na lista de países cuxas persoas mozas aceptan involunta-

riamente traballos a tempo parcial; e non só iso, señor Feijóo, resulta que aceptan calquera traballo. Explíqueme vostede, e á xuventude tamén, por que non van ter casa propia ou como van pagar os copagos sanitarios ou os servizos como o parking do Álvaro Cunqueiro. Dígalles que teñan fillos, que Galiza precisa reverter a pirámide demográfica. Mellor non lles explique, ensínelles ben catalán, castelán, inglés ou alemán para que teñan que emigrar.

¿Nega vostede ou ignora o abandono en que se atopan miles de persoas paradas na Galiza, que nin sequera figuran nas estatísticas e que non cobran ningunha cobertura? Ten que saber que esas persoas se verán abocadas irremisiblemente ao terrible drama da exclusión social. Porque vostedes desde que gobernan baixaron un 19 % as prestacións de cobertura. Durante o mes de agosto pasado esta cobertura acadou o 54,6 %, fronte ao 57 % do mesmo mes do ano pasado. Isto deixa 90.000 persoas paradas con experiencia laboral sen prestación por desemprego. É dicir, 17.853 persoas e as súas familias menos que se benefician da prestación por desemprego.

Ademais, estase a producir un alarmante incremento do paro de longa duración. E pese ao seu discurso, as iniciativas do PP en prol do traballo e o emprendemento feminino e a favor da igualdade, o certo é que as mulleres xunto coa mocidade son os sectores máis castigados.

Outro estudo de Save the Children amosa que o 56 % das familias monoparentais encabezadas por unha muller dispón tan só de 600 euros mensuais para vivir. Engádalle a isto as dificultades que teñen para compatibilizar a súa vida laboral e persoal.

Outro dato. Na comparación anual das desempregadas, se analizamos proporcionalmente... O absoluto é 22.466. Se o analizamos, esta baixada é máis intensa nos sectores masculinizados, na construción e na industria 14.415 homes fronte a 8.051 mulleres.

Retrocedemos a principios do século XX en dereitos laborais e vostedes son os responsables, así como tamén son do estado agónico no que se atopa este país.

Marche, señor Feijóo, váiase.

Boas tardes. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Iglesias.

Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Ben, moi resumido porque hai que contestar moitas cousas, ¿non? Pero así, sacando o groso, eu pregunto que estamos pagando se non sufrimos un rescate, que pasou coa banca, ese diñeiro que debemos de onde sae. ¿Por que todos estes recortes para pagar unha débeda que resulta que non existe agora? Está inventada ou non sei realmente que é e a que se debe esa chamada “débeda ilexítima” ou “débeda odiosa”.

Fala vostede da capacidade enerxética de Galiza, evidentemente, que non é explotada por este goberno, negándose sistematicamente a dar entrada ao autoconsumo enerxético para as pequenas explotacións, para as pequenas empresas e cidadáns.

Fala vostede de que se crea emprego, pero négase a falar do emprego que se crea. Eu, que estiven moitas veces na India, podo dicir que na India case non hai paro, traballan todos polo prato de comida e por durmir dentro do posto de traballo. ¿Iso é crear emprego tamén? Pois ese é o emprego precario que vostede alaba que se está creando.

Fala vostede de que aumentan os salarios por riba da media do Estado, falamos de salario medio. Pero vostede o que non está dicindo é que aumentan os salarios dos altos cargos e directivos das empresas pero baixan os salarios do persoal menos cualificado, co cal está aumentando a brecha co Estado, está aumentando a brecha entre as categorías profesionais e está aumentando a brecha de xénero.

Polo tanto, eu creo que esa realidade que vostede nega é o que o leva agora a intentar no último ano facer un cambio, polo menos cara a fóra, porque aquilo de facer máis con menos vese que tamén era mentira.

Fala vostede dunha Constitución sacrosanta, que é o marco da convivencia, o marco que se impuxo. Impúxose porque foi imposto nunha transición onde mandou fundamentalmente o medo e onde houbo que tragar con incluír nesta democracia e nesa transición os ditadores, os torturadores do réxime, e así despois miramos como os pais da democracia

foron os que viñan do propio franquismo e da propia ditadura, como tivemos aquí de presidente a Manuel Fraga con toda a súa historia franquista detrás. E tamén é moi fácil falar de que a Constitución hai que respectala e é sacrosanta, pero cando nos interesa modificámola sen consultar a ninguén, como ocorreu co artigo 135. Polo tanto, unha auténtica manipulación.

Di vostede que o 80 % da poboación opina que a sanidade pública galega é boa ou moi boa, o resto, o 20 % restante estaba na manifestación de Vigo, na manifestación do HULA en Lugo, nas manifestacións e nas protestas que hai en Lugo e en Ourense, na falta de coidados paliativos no rural ou na falta de Ado na maioría do noso territorio, ou as listas de espera na atención primaria. E dígolle: a min persoalmente o outro día en Vigo, Centro de Saúde Pintor Colmeiro, consulta nin telefónica nin presencial en sete días, de xoves a xoves, non había citas en atención primaria, persoalmente; polo tanto, non me pode dicir que non é certo.

En canto ao sistema educativo, non fala vostede da falta de apoios aos nenos e nenas con necesidades especiais, non só das necesidades especiais da dependencia, senón nenos e nenas cun problema para os pais tremendo, porque son nenos e nenas superdotados aos que o sistema non lles dá solución.

Austeridade para o pobo e desmadre para o poder, como así se ve nos xulgados. E dicía vostede que hai cerca de mil cincocentos directivos na Xunta, e eu digo: así vai, moito patrón e pouco mariñeiro. O único que se mantiveron aquí foron os cargos directivos da Xunta pero falta o persoal que dá resposta aos servizos públicos.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Vou rematando, señor presidente.

Dicía vostede que estamos mellor hoxe que no ano 2009, e eu dígolle: sobre todo os parados que están sen prestación desde o ano 2009, que xa non cobran un duro. Seguramente vostede se está acordando deles cando fai esa afirmación, ou cando se acorda dos traballadores pobres, que os salarios non lles chega para manter a súa familia, ou dos gandeiros ou dos mariñeiros.

Realmente, cando vostede fala de que estamos nunha mellor situación fala de datos macroeconómicos, pero non fala da realidade social dos galegos e das galegas.

Menos paro di, temos menos parados agora...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Si, xa vou rematando. Pídlle un pouquiño, igual que tivo co señor Puy, que estivo antes media hora máis, e eu pido uns segundos máis.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Si, pero xa está fóra de tempo. Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Os parados. De cada traballador que se contrata agora, tres traballadores fan a xornada dun traballador de antes e o salario dun traballador anterior á crise, porque se cambiou o traballo estable e a xornada completa por traballo temporal e a tempo parcial.

Polo tanto, está claro que todo o que vostede nos está contando non nos leva máis que a visualizar que todo é pura propaganda.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: E, xa para rematar, está vostede equivocado, señor presidente: baixar os impostos directos é unha auténtica aberración que favorece as clases poderentes, e vostedes o que fan é aumentar o IVE, o que pagamos todos...,

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...e os impostos indirectos, e virnos vender a baixada dos impostos directos.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Martínez, rematou o seu tempo.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ¡Equidade!

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Perdoe, un minuto máis tivo.

Non, non, equidade non, é un minuto máis. Eu non teño culpa de que vostede se teña que cambiar, ese é o seu problema, un minuto máis.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Bueno, sen reclamar por isto ningunha discriminación nin ningún privilexio, espero que o presidente sexa un pouco máis flexible comigo tendo en conta o que me admira o presidente da Xunta de Galiza. *(Risos.)*

En calquera caso, señor Feijóo, permítame que antes –aínda que agora non estea presente– faga unha referencia á intervención do señor Puy porque tamén dedicou parte da intervención a rebater as posicións do Bloque Nacionalista Galego. Por certo que me chamou a atención unha afirmación que fixo o señor Puy cando dixo que Ciudadanos era un partido de esquerda moderada. Bueno, se para o Partido Popular Ciudadanos é un partido de esquerda moderada, xa sabemos onde hai que situar o Partido Popular, xa sabemos, por exemplo, porque no Estado español e en Galiza non hai ningún partido homoloxable a Le Pen, hai quen ocupa o seu espazo. *(Aplausos.)*

Pero ben, dito isto, estou de acordo en cambio con algo que si dixo o señor Puy. Dixo que en Galiza non temos un problema de soberanismo. Efectivamente, porque o soberanismo non é o problema, en Galiza o que temos é un problema de centralismo. E o señor Puy e vostede tamén, señor Feijóo, preocúpanse dos presuntos custos que para Galiza pode ter a independencia de Cataluña, pero non se preocupan dos custos que ten para este país o centralismo: 3.000 millóns de euros dos nosos impostos que emigran todos os anos; 14.000 millóns de euros dos nosos aforros que emigran todos os anos; o espolio enerxético de Galiza, un concepto acuñado polo señor Víctor Moro, non polo Bloque Nacionalista Galego; a sangría da emigración, formar persoas para que logo aporten o seu traballo e o seu coñecemento fóra de Galiza. Iso é o que nos preocupa, señor Feijóo.

Mire, señor Feijóo, sei quen era esa persoa que dixo a ver cando tomamos un licor café, e paréceme ben porque eu non

confundo o touciño coa velocidade; agora, iso si, eu nunca fago uso público de conversas privadas.

Miren, si que estou de acordo no que afirma o señor Pérez Royo a respecto do Tribunal Constitucional. O Partido Popular, primeiro, deu un golpe no Tribunal Constitucional e despois de dar ese golpe usou de xeito perverso o Tribunal Constitucional para emendar a plana ao que decidiran os parlamentos e ao que referendara un pobo nunha consulta. Pero a min o que me preocupa son as consecuencias que de todo ese proceso de baleirado do noso estatuto se derivan para Galiza. Porque teño só dez minutos, levaríame simplemente media hora enunciar todos os artigos do Estatuto de autonomía que hoxe xa son papel mollado.

Financiamento. Vostede di que o ano que vén falaremos de financiamento, pero é que tiñamos que falar o ano pasado, que era cando tocaba a revisión do sistema, e vostede aceptou que se incumprise a lei; é que toda a lexislatura levamos emprazando a que concretemos unha proposta de país. O BNG concretou as súas propostas, non pedimos que as asuma, pero concrete as propostas da Xunta de Galiza e estableza un diálogo con todos os grupos parlamentarios. Pero ¿vostede que di? Vostede o único que fai é lembrar que esta revisión do sistema de financiamento foi froito dun pacto entre o PSOE e Esquerra Republicana de Catalunya. Pero é que se esquece do fundamental: o Bloque Nacionalista Galego votou en contra, vostedes non. Iso é o fundamental. *(Aplausos.)* Nós nunca traizoamos os intereses de Galiza.

Mire, con respecto ao galego, as propias enquisas ás que vostede fai alusión indican claramente de que non se están cumprindo os obxectivos que fixa a propia lei. Dous de cada dez nenos non saben falar en galego. A propia lei establece que o obxectivo do sistema educativo ten que ser a plena competencia lingüística nos dous idiomas ao acabar o ensino obrigatorio. Pide propostas concretas, xa as temos feito, reiterámolas. Mire: derrogar ese decreto, cambialo como demanda a comunidade educativa. O seu partido adheriuse ás últimas propostas da Mesa pola Normalización Lingüística, traduzan iso en propostas concretas para a normalización do idioma, porque claro que o coñecemento do idioma é importante. Pero a normalización do idioma consiste sobre todo na normalización do uso, senón convertemos o galego nun latín.

Miren, sería inacabable entrar aquí nun debate de datos. Eu simplemente fago un recordatorio: procurei apoiar toda a miña intervención en nome do Bloque Nacionalista Galego en datos, en informes, do Consello Económico e Social de Galiza, do Instituto Nacional de Estatística, do Instituto Galego de Estatística, de Eurostat, do Banco de España. Eu comprendo que vostede prefira utilizar o departamento de propaganda da Xunta de Galiza, pero todos os datos que aportamos na nosa intervención están fundamentados en informes de organismos oficiais.

E teño nese sentido que facerlle unha puntualización, señor Feijóo: unha cousa é que se estea iniciando a recuperación medida en incremento, por exemplo, do PIB e outra cousa é que esteamos saíndo da crise. Pero en calquera caso, por suposto desta crise tamén sairemos, ningunha crise é eterna, pero o problema é a que custo, o problema é que modelo vai resultar despois desta crise. E o custo froito das políticas do seu partido en Madrid e en Galiza é que imos saír desta crise cunha maioría social empobrecida e cun país tamén empobrecido, ademais, en relación coa media estatal e coa media europea.

Pero, mire, vou poñer simplemente un exemplo do rigor dos seus datos. Vostede dixo taxativamente, textualmente que o grao de execución orzamentaria da Xunta de Galiza era do 99,9 %, que senón non se terían cumprido os obxectivos do déficit. Pero é que o que vostede afirmou contradí radicalmente o que di o estado de execución dos orzamentos da Xunta de Galiza para o 2014 publicado pola Xunta de Galiza. Está contradicindo vostede os datos do seu goberno. *(Aplausos.)* Pero é que ademais ese estado de execución dos orzamentos do ano 2014, polo tanto, os últimos orzamentos dos que sabemos o seu estado de execución, di que en investimentos vostedes só executaron pouco máis do 72 %, que en I+D+i só executaron o 64,1 %, no apoio á modernización das nosas empresas o 40,8 %, en emprego deixaron de executar un euro de cada tres. Mire, en vivenda, pese a que en 2009 o orzamento de vivenda era de 185,5 millóns de euros e en 2005 de 28,9, un recorte de máis de 80 %, vostedes, por exemplo, en políticas de rehabilitación e fomento da calidade de vivenda executaron un ridículo 7,3 %. Parece que no noso país non hai problemas de vivenda, esa é a sensibilidade social, cando resulta que desde o 2009 máis de oito mil familias perderon a vivenda. Hoxe coñecemos o dato de que cada día segue habendo oito desafuizamentos en Galiza, e

hai un mes, hai simplemente un mes, nesta cidade suicidou-se unha persoa despois de ter sido vítima dun desafuizamento manifestamente inxusto.

Retornados. Mire, efectivamente, foi unha lei aprobada polo PSOE, pero quen fixo esa interpretación negativa para os emigrantes retornados e quen a aplicou foi o seu Goberno. Pero o relevante é que o BNG tanto neste Parlamento como no Congreso dos Deputados presentou propostas para a reforma desa lei e vostedes votaron en contra.

Sanidade. Mire, é que vostede, señor Feijóo, de verdade obríganos a discutir a evidencia. ¿Fala vostede coa xente?, ¿fala vostede cos doentes?, ¿fala vostede cos profesionais, pese a que moitas veces intenta confundir as nosas críticas ás súas políticas con ataques aos profesionais, pretende utilizar os profesionais como parapeto, cando nos merecen pleno respecto? Simplemente lle fago unha pregunta: se onte houbo unha folga masiva de profesionais da sanidade en Vigo, ¿por que foi?, ¿para manifestar dese xeito o apoio decidido ao Goberno polas súas políticas para mellorar e fortalecer a sanidade pública, señor Feijóo?

Mire, o mesmo fixo cos ensinantes. Parapetouse nos profesores, cando nós o que criticamos son as súas políticas a respecto do ensino público. Recortou vostede 2.000 ensinantes desde que é presidente da Xunta de Galicia, liquidou a gratuidade dos libros de texto, liquidou a gratuidade dos comedores para alumnos transportados, subvenciona centros privados concertados que segregan por razón de sexo...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Vaia rematando, por favor.

O señor JORQUERA CASELAS: ...e utiliza o plurilingüismo como pretexto, e catro de cada dez centros privados están incorporados ao sistema plurilingüe, só un de cada dez públicos.

Emigración xuvenil. Bueno, ¿ten fillos vostede, señor Feijóo? Eu teño, eu teño e coñezo os amigos dos meus fillos. Moitos marcharon, outros non teñen outra perspectiva que a emigración, os fillos de moitos dos meus amigos están fóra. Por favor, non discuta vostede a evidencia. *(Murmuros.)*

Sector eólico. Vostedes o que se cargaron foi un sistema que contemplaba a participación pública e proxectos de investimento asociados, e a resultante foi o fiasco do sector eólico.

E remato xa, tiña bastantes máis cousas que dicir, pero son dez minutos, simplemente cunha última observación, señor Feijóo. Vostede falou hoxe á mañá de non facer discursos para escoitarse a un mesmo, falou de humildade, de autocrítica, de recoñecer erros, pero logo volveu dar todo un exemplo de autocompracencia, non escoitamos de vostede ningunha admisión de erro, ningunha crítica real. E volveu dar un exemplo da súa incapacidade de diálogo e, así teño que dicirlllo, da súa insensibilidade social.

Señor Feijóo, insisto: vostede representa o pasado, non pode encarnar a Galiza do futuro. Só lle dou a razón nunha cousa: insistiu moito esta mañá en que se estaba acabando o ciclo, e é certo, está acabándose o seu ciclo político, o ciclo político do Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Jorquera.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, señorías.

Señor Núñez, as lesmas e as víboras reptan, os seres humanos camiñamos ergueitos dende que pasamos de ser homínidos en xestación a *erectus*.

Vostede fixo un autorretrato seu, tanto na súa primeira intervención como aínda máis na segunda. E ese autorretrato é daquel que a forza de mentir, mentir, mentir chega a crer as súas propias mentiras e, ademais, ignora todo o que non sexa as mentiras que el di.

Vostede dixo aquí algo que non sei a que viña, que se eu fixera de novo unhas oposicións a corredor de comercio. Que si, claro, ¿que ten que ver co debate? ¿Será que acaso podería pensar vostede que eu ía ser tan imbécil ou tan acomplexado que ía sentir vergonza de todo un catedrático xubilado de universidade que cando novo fixo unhas oposi-

cións a corredor de comercio? Está vostede na mesma sintonía mental de cando dixera aquilo de que eu tocaba o piano. Claro, tocar o piano é para *señoritas casaderas*. (*Risos.*) Era o que se pensaba cando eu era rapaz nas familias compostelás de clase media. Pois, claro, eu regresaba do estranxeiro, quería facer carreira docente, era o maior de nove irmáns, meu pai pasaba unha crise moi seria, empregado de comercio, e eu sentínme na obrigaón de intentar resolver o problema económico da miña familia antes de facer a miña propia traxectoria. E retireime, e custoume case dez anos máis chegar a gañar unha cátedra, entre outras cousas porque estaba fichado por estar militando na clandestinidade no Partido Socialista Galego, e polo tanto expulsado in pectore da universidade. Pero iso non vén a conto.

Tamén fixen tres intentos de gañar unha cátedra, dous fallidos de Economía Política e Facenda Pública, e outro que finalmente contra prognóstico saíu ben. Seica aí saíu o Beiras este que se lanza, o Beiras exaltado, o Beiras que arremete contra todo. Contábame o meu amigo Carlos Berzosa, que chegou a reitor da Universidade Complutense, que estaba rematando a carreira daquela en Somosaguas e dicía: era un caso increíble, había un profesor noso que se presentaba e nós, os estudantes, íamos todos escoitar o Beiras que estaba trincando o noso profesor.

Pero eu nunca fixen alterne con narcotraficantes sendo un cargo da Consellería de Sanidade no momento en que (*Murmurios.*) a drogadicción e a sida facían estragos na sociedade galega, como fixo vostede. Vostede si que sente vergonza diso, e nunca tivo a coraxe de resolvelo, como sente vergonza de ser do rural, cando debería sentirse orgulloso. É un acomplexado, pero é o seu problema. E ten un problema coa cultura. Goebbels dicía aquilo de que “cada vez que escoito a palabra cultura boto man da pistola”. Vostede non, a vostede dálle un repeluxe.

Aquí, eu tentei centrarme nunha diagnose da situación, e non vin aquí facerlle o prego de agravios a vostede, non o merece. Vostede como presidente só me inspira desprezo e noxo; como persoa non, como persoa conmiseración. Pero, fixeno porque na crise o máis grave é a crise dos valores da cultura democrática e republicana, e niso están de acordo todos os analistas que están facendo a diagnose do que está pasando na Unión Europea hoxe. Pero a vostede iso non lle convén, porque se vostede fixese análise, se vostede debatese sobre

esa análise, vostede faría política e debate político, en vez de vir aquí facer unha relación coma un xestor dunha empresa de limpeza, que ademais en vez de limpar enmerda.

Porque o que está pasando en Europa é o núcleo do fascismo, ¡aí está! ¿Por que citei a Bradbury e a *Fahrenheit 451*? Iso si que o sabe vostede, polo menos pola película se non leu a novela. (*Risos.*) Porque nese mundo ao revés, os bombeiros eran os que queimaban os libros, os bombeiros incendiaban, e iso é o que levan vostedes facendo durante as dúas lexislaturas desde a Xunta de Galicia: incendiar o país, queimar a xente viva. E non poden recoñecelo, ¡claro que si! E por iso ten vostede que inventarse aquí unha *Alicia en el país de las maravillas*. Por certo, a tradución ao galego desa deliciosa obra, alegoría —como a queira chamar— ou parábola de Lewis Carroll, feita por Teresa Barro e Fernando Pérez Barreiro, dous compañeiros de xeración que tiveron que irse fóra xa daquela, como Ramón Lugrís, como Xan Anllo, como Fernández Perezolla cando había unha enxurrada. Eu fun afortunado, porque resulta que había unha enxurrada de 500.000 mozos e mozas galegos en dez anos a Europa, que é o comezo do problema demográfico de agora. Ben, pois esa tradución, que el foi premio a nivel de Estado de traducións, e que agora acaba de ser retraducido ao inglés por orde dunha editorial norteamericana para facer un reconto das traducións todas que se fixeron desa obra aos idiomas do mundo, debería vostede intentar lela, pero non creo que saiba. Non, porque vostede acaba, por exemplo, de definir a economía, Lionel Robbins, o consabido. Calquera estudante de macroeconomía e de historia do pensamento económico sabe que a definición de Lionel Robbins non é de economía como ciencia social, senón dunha praxeoloxía, unha especie de lóxica da conduta humana con arreglo a un principio de economicidade, que é o famoso Robinson Crusoe.

Non sabe vostede do que fala cando vén aquí, e é moi grave —e vou rematar con isto— porque esa maneira de entender as cousas, de non entendelas, é o que dá lugar a que vostedes fagan a aberración que fan sistematicamente agora coa cuestión de quen gañou e quen perdeu as eleccións. Vamos ver, estamos nun réxime constitucional que en orixe non establece un esquema bipartidista senón pluripartidista na Constitución, entre outras cousas porque en 1978 coa cuestión das nacións sen estado ou das forzas políticas propias, sobre todo as catalás e as vascas, non había posibilidade de facer

un bipartidismo exacto. Houbo que logo ir reducindo iso na práctica. É pluripartidista, non é bipartidista, e polo tanto o sistema electoral é proporcional, non é maioritario.

Vostedes son a única forza política que representa á dereita, todos os demais estamos á esquerda de vostedes, é lóxico que haxa máis nexos entre o PSOE, Podemos, o Bloque, Anova, Esquerda Unida, que de calquera de nós con vostedes. Están vostedes sós porque vostedes si que se isolaron, son aislacionistas, porque son absolutamente reaccionarios. Entón, non queren entender que o lóxico é que se hai varias forzas políticas que teñen máis posibilidades entre elas fronte a unha cousa, que son vostedes, que son totalmente antitéticos, ¡que non hai maneira de entenderse! Polo tanto, a maioría non é que vostedes sexan a lista máis votada.

Hai unha dereita e unha esquerda. Vostedes están na ultradereita, e a partir de aí todos os que non estamos alí estamos á esquerda de vostedes. Non queren entender, ¿e sabe por que? Porque non lles interesa, (*Murmurios.*) porque vostedes agora coa súa filosofía de que “*el pueblo es idiota*” non son capaces de asumir por que a mobilización dos cidadáns cada vez foi a máis, por que os gandeiros se mobilizan cos tractores. A nova conselleira —flamante conselleira— increpounos por se mobilizar, por iso a fixeron conselleira, claro, ¡para defendelos mellor! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Veña aquí e demostre que é mentira. (*Risos.*) Si, fale. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

Remate, señor Beiras, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: Claro, é mentira. Mentiras son as de vostedes. (*Risos.*) Pregunte aos gandeiros da Terra de Melide, pregúntelles aos gandeiros da Terra de Melide se foi mentira ou se saíu vostede dicindo esas cousas. (*Murmurios.*) ¿Ou que cre?, ¿que están vostedes en posesión da verdade?

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Beiras, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: Si, señora, pero interrompéronme un pouquiño e vou rematar cunha cousa máis. (*Protestas.*) Claro, claro, claro, evidentemente. (*Murmurios.*)

Vostedes atópanse con que cada vez..., houbo unha marea de cidadáns e derrotáronos, e non importa que tivesen vostedes máis votos –por exemplo, en Compostela non, ¿eh?, nin iso– (*Murmurios.*), que tiveran máis votos na Coruña ou en Ferrol. (*Murmurios.*) Se eran os demais cidadáns que votaron a todos os demais, era imposible concilialo coas súas teses e coa súa traxectoria e con todo o que levaban feito e, polo tanto, todos estaban de acordo. ¿Ou é que algún cidadán votante dos que se coaligaron en Ferrol –con Beatriz Sestayo de tenente de alcaldesa, si, si–... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: ...ou dos que apoiaron a Compostela Aberta...?, ¿houbo cidadáns que protestasen de que fosen xuntos, de que fixeran un goberno de coalición?, ¿protestaron por iso?, ¿hai algunhas protestas? (*Murmurios.*) Vostedes, en cambio, practican o acoso sistemático, empezando polo escándalo da auga de Ferrol, (*Murmurios.*) que só por iso deberían estar...

A señora PRESIDENTA: Remate.

O señor BEIRAS TORRADO: ...nos tribunais. E, polo tanto, vostedes están *caput* e sábeno. Saben que están a piques...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: ...de rematar non só o seu mandato nas Cortes e, polo tanto, no Goberno do Estado, senón de ser o partido que representa a dereita, porque xa o Banco Sabadell e todos esoutros inflaron o globo...

A señora PRESIDENTA: Grazas, señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: ...de Ciudadanos, que lles comeu as papas en Cataluña. Vostedes van ser un partido extraparlamentario dentro de moi pouco, e así están [...] (*Risos.*) (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grupo Parlamentario Socialista. Ten a palabra o señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente.

Quizais porque este deputado considera a política como unha paixón intelectual, polo tanto, unha paixón fría, esta mañá non sentiu a emoción que aniñaba nas filas dos seus seguidores durante o seu discurso, nin sequera nese momento emotivo do seu final.

Sen embargo, esta tarde si que conseguiu sorprendeme –e díggollo como vostede, con afecto e sen acritude–, porque esta tarde vostede amosou unha das súas facianas máis características: o escapismo e o malabarismo estatístico –por ser suaves–. Malabarismo estatístico, efectivamente. Señor presidente, mire, ata me fixo entrar en dúbida, e non os meus asesores, senón directamente a onde van os cidadáns. Acabo de pedir os últimos datos que están na páxina do Ministerio de Traballo, oia, última EPA, ¿teño que lerlla outra vez? (*Murmurios.*) 250.000 parados –¡250.000!–, 90.000 máis que o día que vostede chegou; vostede, habilmente, le a estatística de paro rexistrado. (*Murmurios.*) Bueno, dá igual, porque ao final o que tería que explicar é ¿onde está a diferenza?, ¿onde están esas 35.000 persoas que, segundo a EPA, están no paro e non se van rexistrar? Non morreron, vostede sabe o que acaeceu, que xa perderon toda esperanza –como lle dixen esta mañá– e nin se molestan en acudir a unha oficina onde non lles van dar prestación e onde lles van ofrecer pois, si, que hoxe fagan un cursiño, mañá outro, etc. Polo tanto, rigor, e dígámoslle aos cidadáns que as cousas son deste xeito.

Por certo, falando da EPA, mire, este grupo é rotundamente contrario á reforma laboral que vostedes fixeron. Tamén son rotundamente contrarias as organizacións sindicais e seguro que todos os traballadores que teñen sufrido as consecuencias. Agora, vostedes non quedaron na reforma laboral, vostedes fixeron algo máis, fixeron unha Lei de seguridade cidadá –verdadeira lei mordaza– para criminalizar mesmo o exercicio dos dereitos sindicais. Tivemos que levala ao Tribunal Constitucional, evidentemente que tivemos que ir alí. ¡E aínda fixeron máis!, fixeron unha apagada estatística: no momento actual en España non se poden ter xa datos oficiais como había ata hai dous anos sobre precariedade, sobre salario mínimo interprofesional, sobre vacantes, sobre discriminación laboral, sobre xornada de emprego. Isto, señor Feijóo, algo ten que ver con ese malabarismo estatístico que sabemos que non é cuestión soamente súa.

Fálame vostede do moitísimo que están a facer... bueno, tamén lle podería falar da enquisa de condicións de vida últi-

ma onde tamén aparece como medra a pobreza severa en Galicia e como medran as distintas carencias, ou lle podería falar tamén dos datos de sanidade. Pero a pregunta é moi sinxela: se todo ía tan ben no sistema sanitario, ¿por que tiveron que destituír a conselleira?, (*Aplausos.*) ¿por que están todos os días protestando traballadores e usuarios? (*Aplausos.*) Algunha razón haberá, algunha máis das que vostede nos quere contar aquí. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Por certo, pode manipular moitas cousas, señor Feijóo, pero que neste Goberno soamente hai catro mulleres de once persoas, agás que eu non distinga ben cal é o sexo de cadaquén, ¿señor Feijóo! (*Aplausos.*)

E fala vostede do Igape, pero ¿como pode falar do Igape con tal aplomo? Igape, o ano que chega vostede, o 2009: 345 millóns de euros; o ano pasado: 83 millóns. Pero iso non é o peor, o peor é que vostedes soamente executaron o 30 %, dío este documento que é seu, este documento chámase *Estado de execución a 31 de decembro*, son os seus datos. (*Murmurios.*) ¿Ou acaso o está enganando o seu colaborador, o conselleiro de Economía? Hai que falar cun pouco máis de rigor.

Por certo, están aí os datos do Igape pero é que hai moitos máis sobre baixos niveis de execución. Por exemplo, os datos de investimento, que deixaron un terzo sen executar, en seis anos acumulado un 40 % sen executar. E, se os datos son tan espléndidos, ¿como é que non veñen as empresas correndo a investir en Galicia?, ¿como é que temos ese baixísimo nivel de captación de investimentos?

Señor Feijóo, algo máis de rigor ademais do escapismo de botarlle a culpa aos que estiveron –asunto que nos levaría, evidentemente, ao máis profundo da historia– ou a factores alleos que vostede nunca controla.

Sigamos coas estatísticas, vostede fala da débeda e non sei que pero, mire, voulle dicir outra vez o dato porque tamén está publicado: con vostedes medrou un 250 %. Por se o quere saber en PIB –que hoxe o vin dubitativo coas cifras–, estaba no 7 % do PIB e agora está no 18 %.

Por certo, tamén esta tarde dixo vostede algo curioso, dixo vostede algo curioso: as bolsas; pois mire, está publicado, está na páxina web do Ministerio de Educación. ¿Ou están

xa competindo –como vemos hoxe– os ministros e os presidentes autonómicos por ver quen queda cos restos do naufraxio? A política de bolsas medrou incrivelmente, evidentemente, co Goberno do señor Zapatero e baixou co señor Rajoy; e non me confundo: baixaron co señor Rajoy as becas que se concederon en Galicia e baixaron co señor Feijóo as becas con cargo á Xunta de Galicia que se concederon, e aínda baixaron máis as que realmente pagaron.

Gasto do PIB educativo, pois con vostedes tamén baixa, é unha constante, cada vez que chega a dereita baixa o gasto educativo, é así.

Política cultural. A política cultural con vostedes é que non existe. Mire, gasto corrente: caída do 40 %; gasto de investimento: caída do 60 %. O que queda, para a Cidade da Cultura. Pregunte, pregunte aos funcionarios: bibliotecas, arquivos e museos abandonados; pregunte ás industrias culturais galegas, pregúntello ao sector editorial, pregúntello ao sector audiovisual e diranlle cal é a situación.

Un dato, un dato sorprendente que esta mañá falou del, falou vostede de que tiñan encargado un proxecto de dixitalización do ensino que a este ritmo tardará moitísimos anos en ser xeral. Oia, nese proxecto excluíron a industria audiovisual galega, excluíron a industria editorial galega, dúas industrias que teñen experiencia dabondo, que teñen prestixio fóra de Galicia e mesmo no exterior de España e que, sen embargo, vostedes as exclúen porque do que se trata é de facer outra cousa. Falamos dunha área na que podería ter, mesmo, unha produción para colocar no estranxeiro. E vostedes cando hai unha oportunidade real de Industria 4.0 resulta que non se enteran.

E por último, señor presidente, tivo que ser na paixón do debate, vostede estaba xa lanzado e escapóuselle algo. En fin, falar aquí e recriminarnos aos grupos da oposición que non repartimos prevendas, nin subvencións, nin contratos dos *lobbies* que podemos defender. (*Risos.*) Un pouco de seriedade, señor Feijóo, un pouco de seriedade. (*Murmurios.*)

Mire, voulle falar de *lobbies* brevemente e non creo que este sexa o debate. *Lobby* é o que vostedes atenden coa adxudicación dos hospitais no que exclúen, por certo, as empresas galegas e non se cansan de denunciar, e xa o debatemos aquí.

Lobby é o que fan vostedes coas empresas das ambulancias –por certo, un amigo do Partido Popular–. *Lobby* é o que fan vostedes pois, mire, coa EDAR de Ferrol –xa llo dixen–... (*O señor Núñez Feijóo pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, claro, eses *lobbies* hai que explicalos, hai que explicalos porque son os *lobbies* que reciben unha canle de televisión estatal, que reciben 600 millóns de euros dunha indemnización que imos pagar todos os españois durante vinte anos na factura do gas, etc. Entón, mídase un pouco, compórtese nestes temas, señor presidente. E non lle quero falar das ramificacións desas empresas con sumarios Gürtel, Púnica e demais.

E, por último, non se preocupe tanto do que nos din en Ferraz, do que din en Andalucía, do que di o Partido Socialista; non imos discutir aquí agora sobre o cupo e o concerto, en fin, vostede e nós sabemos a diferenza. Hai algo que é estrutural, constitucional, e que forma parte dos alicerces do Estado no que vivimos e hai algo que é conxuntural e que hai que debater cada equis anos e, evidentemente, no que hai posicións distintas. Sobre iso non imos debater.

Pero, mire, hai un profundo malestar na sociedade española, mídeno todos os datos, mídeno as enquisas do CIS, mídense na percepción da xente medida por calquera indicador, e mídense nos últimos resultados electorais. Diante diso, señor presidente, isto non se resolve cun cambio do Goberno aquí, ou con bailes nos platós de televisión, etc. Hai que abordar os problemas das persoas, hai que abordar a desigualdade que con vostedes chegou a niveis sen precedentes. E hai que, señor presidente, sobre todo, abordar unha política que non faga recaer o peso da crise sobre os sectores máis febles da sociedade. E vostedes, despois de seis anos en Galicia e despois de catro anos no Estado, a herdanza que nos están deixando é precisamente esa: a maior desigualdade da historia moderna e unha cantidade enorme de cidadáns excluídos e que van formar parte dunha bolsa de exclusión nos vindeiros anos se non se cambia radicalmente o acento das políticas económicas e sociais. E sobre isto, señor presidente, si que lle agradeceríamos, polo menos dende este grupo, que falara con máis rigor e sobre todo que ofrecera unha esperanza real máis aló de promesas nos orzamentos que mesmo acaban de ser cuestionadas polo Executivo de Bruxelas.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Méndez Romeu.

Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra don Pedro Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señora presidenta.

Despois de escoitar algúns dos apelativos que vimos de oír de quen sente desprezo e noxo por quen foi elixido pola maioría dos galegos e porque representa a todos os galegos, e despois de escoitar que o presidente fixo exercicios de malabarismo e escapismo en tema estatística... (*Murmurios.*) Vamos ver, tanto o presidente coma min, na miña intervención, recoñecemos que a situación non está como no 2009, pero que está moito mellor do que estaba no 2013 e no 2014. Iso é o que nos interesa.

Vostedes deixaron a economía co dato frío, cunha taxa de emprego, pero en realidade a economía galega e a española eran un coche sen freos que ía costa abaixo, rumbo dun precipicio, e vostedes ían ao mando sen comprobar que había freos, sen comprobar que había dirección e dicindo que non pasaba nada, que o coche non ía costa abaixo. (*Murmurios.*) E agora o coche, cos seus reparos, cos seus achaques que hai que ir arranxando pouco a pouco, o coche vai polo chan tranquilamente; e, por suposto, con capacidade para subir ao próximo porto pola autovía ou pola vía rápida que vai inaugurar a Xunta ben pronto. (*Aplausos.*) Esa é a diferenza, (*Aplausos.*) esa é a realidade, (*Aplausos.*) que vostedes deixaron isto que nos ían rescatar e que agora as cousas non están no nivel –evidentemente, porque non poden estar no nivel do 2008–, senón que están mellorando con relación ao pasado.

E isto, en fin, é algo que me parece tan evidente como tamén cando se recorre, como argumentos de autoridade, unha vez máis, aos amigos. A min é que, en fin, señor Méndez Romeu, eu o que lle pido é que, efectivamente, que pregunte un pouco de execución orzamentaria. O presidente explicoulle o básico, o básico é que se gastas o cen por cento dos teus ingresos, porque cumpres o déficit, entón é que non hai un problema de execución orzamentaria no conxunto do orzamento; o que pode haber é que hai partes do orzamento que se executan por riba do orzamentado e partes que se executan por baixo. E, por exemplo, ¿cales son as que teñen sobre-execución? Sanidade, educación... precisamente o que con-

sideramos que é máis importante: defender a sanidade pública, defender os bens públicos esenciais.

Ben, agora vén outra parte. Vostede sabe, señor Losada —xa que está tan disposto a axudar o seu portavoz—, que o capítulo VII é un capítulo que ten unha execución especial porque non é un capítulo que se executa anualmente. Precisamente o que está vostede dicindo con relación ao Igape son programas que están vencellados na súa meirande parte a subvencións plurianuais, das cales o 90 % xa están en marcha. Evidentemente, a execución anual non ten por que coincidir con que se execute todo o que o Igape ten gastado, pero o 90 % dos proxectos plurianuais están xa tramitados pola propia consellería. Polo tanto, aprendamos un pouco a ler a execución, sobre todo nos proxectos europeos, sobre todo no Igape, que teñen un mecanismo de execución concreto. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

En todo caso...

A señora PRESIDENTA: ¡Señor Losada, por favor!

O señor PUY FRAGA: En todo caso, estas mostras de afecto persoal que lle dedicou algún portavoz e algunha das críticas que recibiu o señor presidente o que demostran é que neste debate quedou claro que en Galicia o proxecto do presidente Feijóo e o proxecto do Partido Popular son os que manteñen a iniciativa, o contacto coa realidade e a ilusión por resolver os moitos problemas que a crise deixou entre nós.

Isto a min paréceme... Vostedes falan de cambio, en fin. Houbo cambios nas eleccións municipais, certamente, e o noso resultado non foi o que nós queríamos ou nos gustaría obter. Efectivamente, houbo cambios. ¿E que pasou? Bueno, pois que desde entón este goberno o que fixo foi, por exemplo, aprobar o Plan de loita contra as desigualdades, un bono de alugueiro social, axudas de emerxencia para evitar os cortes de luz, asináronse convenios coas entidades bancarias para garantir que ninguén sexa desafiuzado polo non pago do aluguer e non só porque teña un desafiuzamento por un crédito bancario. Claro, isto son cousas que permiten que a xente resolva os seus problemas. Vostedes de momento, o que vostedes representan, o único que sabemos é que están moi frustrados porque desde o Goberno non se pode facer o que un pensaba que se podía facer, que pensaban que un che-

gaba alí, dábanlle unha variña máxica e arranxaba todos os problemas e que os do PP non os queren arranxar porque son malas persoas. Pois non é así.

Hoxe obtivemos varias propostas, houbo un desprezo polo cheque familiar e creo que hai unha diferenza fundamental co do señor Zapatero: o señor Zapatero dáballo o mesmo cheque ao señor Botín e a todos, aquí dáselles ás familias que o precisan, é dicir, ás que teñen unha renda baixa, que son precisamente as que máis o precisan. *(Aplausos.)* Pero xa estamos acostumados a que o socialismo sexa o mesmo para todo o mundo, sexa un Botín, libros de texto gratis, ou sexa un parado que non ten practicamente ingresos, o mesmo recurso. Nós temos outra idea do que é a progresividade, do que é a redistribución, etc.

Señor Jorquera, eu quero recordarlle tamén, porque dixo algo dos retornados... Eu quero recordar que se dixo aquí —e ninguén o desmentiu— que unha terceira parte dos emigrantes retornados cumpriran as súas obrigas con Facenda, outra terceira parte eran os que non sabían que tiñan que facelo e outra terceira parte non tiñan que pagar a Facenda porque os seus ingresos estaban incluídos no que non hai que tributar. Polo tanto, non digamos que foi o Partido Popular o que aplicou algo para os emigrantes retornados porque é falso. Sabe vostede que foi o Convenio de loita contra a fraude entre países da OCDE o que lle deu á Axencia Tributaria unha serie de datos de persoas que recibían rendas doutro país e, nese intercambio de información, a Axencia Tributaria actuou. Pero recordo que había moitos retornados que estaban tributando, moitos que estaban enganados, eses teñen resolto o problema co proceso de regularización polo que moito pelexamos desde Galicia.

Nos últimos tres meses a Xunta licitou un novo edificio xudicial en Pontevedra, un novo centro de saúde en Ourense, o proxecto de ampliación do Hospital da Costa de Burela, 18 millóns de euros nas axudas para os libros, 3 millóns para material escolar e 13.000 prazas máis de comedores escolares.

Eu quero recordar que os que agora gobernan en Santiago —foi mencionado directamente— lle montaron ao noso querido conselleiro de Educación, pouco menos que o chamaron insensible, cruel, asasino de nenos porque nós dixemos que se había que abrir os comedores escolares, que se abirán,

pero que o que nos dicían os servizos sociais é que era pouco recomendable. Xa levan tres meses, coincidiu o verán, non abriron nin un só comedor escolar. Entón, unha cousa é axudar a xente e outra cousa é dicir aquí que nós non facemos nada, dicir que se vai facer e despois, cando se chega ao poder, non facer nada.

Medidas de fomento para o desemprego, tamén a reforma do control dos contratos públicos. En fin, isto é o que levamos feito desde que foron as eleccións municipais.

A xente pediu máis participación, o conselleiro de Facenda está pilotando un Plan estratéxico 2015-2020 participativo e coa colaboración de expertos. Sobre este tema, o señor Méndez, en representación do PSOE, dixo que sería algo interesante facer un plan en serio con expertos, cousa que xa está levando a cabo o novo conselleiro.

O que sería bo é que o PSOE se aclarase de cal é a política económica que lle gusta. No pleno pasado, o Partido Socialista dixo que o Plan Varoufakis que defendeu o señor Beiras para a economía europea coincidía plenamente con este estudo –o de Varoufakis– e compartía solucións que nel se aportaban. Eu a verdade é que quedei un pouco sorprendido de que alguén do Partido Socialista dixera iso. Eu quero recordar que Varoufakis xa foi cesado polo señor Tsipras, que é o que chaman un heroe en retirada e é o que traíza os orixinais postulados para manterse no poder e cortoulle a cabeza ao señor Varoufakis. O caso é que o señor Varoufakis está fóra do Goberno de Tsipras, o señor Tsipras nin sobe as pensións porque non pode nin sobe o salario mínimo, as privatizacións en Grecia seguen en marcha e a crise humanitaria vaise resolver se cumpre o déficit.

Eu comprendo que é algo sorprendente que aquí o PSOE apoie o plan Tsipras. Imos ver se no Plan estratéxico temos ocasión de falar un pouco en serio e conseguimos chegar a algún acordo.

Tamén sería interesante coñecer cal é a versión da política fiscal do Partido Socialista. O presidente plantexou hoxe unha rebaixa do IRPF, unha rebaixa substancial do imposto de sucesións para as familias de clase media e outra rebaixa fiscal de exención absoluta do pago por transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados das fincas de uso agrícola e forestal no rural. Nin unha palabra. Esperemos ver

nos orzamentos se é que estas persoas dos grupos da oposición cren que estas medidas son positivas ou non. Pero, desde logo, a iniciativa política e a iniciativa de medidas para saír da crise, para mellorar o rural, para favorecer as clases medias e para dar máis poder adquisitivo e máis capacidade de consumo ás familias cunha rebaixa do IRPF está claro que están do lado do Partido Popular.

Cando o Partido Socialista marchou do Goberno no ano 2011, unha persoa que gañaba 15.000 euros de base pagaba 1.262 e despois da reforma do Partido Popular vai pagar 959, 303 euros menos. Unha persoa que ingresase un millón de euros co Partido Socialista no 2011 pagaba 437.000 euros, agora co PP vai pagar 438.463 euros.

Señor Méndez, vamos ver, a súa tarifa do IRPF era moito menos progresiva que a que deixa o Partido Popular agora, xa non vou falar da que aplicou na crise. Os ricos pagan máis do que pagaban con vostedes e os que gañan menos pagan menos do que pagaban co Partido Socialista. Vostede di estas cousas de progresividade, pero creo que, unha vez máis, sen facer caso aos feitos, aos datos, ás realidades factuais.

Eu comprendo que para fomentar o turismo un pode dicir que deixa de celebrar a Semana Santa, de poder celebrar a Semana Santa nas rúas, e despois botarse para atrás. Tamén se pode apoiar o turismo dándolle ao Camiño de Santiago un plan director e 17 millóns para restaurar a catedral de Santiago. Eu creo que é máis útil o segundo. Iso é o que fixeron uns e o que estamos a facer outros desde as eleccións municipais.

Hai quen entende que a rexeneración democrática consiste en facer a promesa de non cumprir as leis, en declararse insumiso fronte ás leis que eles mesmos, eles pola súa conta, consideran que son inxustas...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...e hai quen cre que a rexeneración é aprobar leis de impulso democrático, de prevención da corrupción, como as que acabamos de aprobar nesta Cámara –por certo, sen o apoio de ningún dos que veñen rexenerar a vida política– e imos tramitar a tamén anunciada Lei de transparencia.

Eu creo que a política democrática é algo máis que sacar a gravata e substituíla por unha camisa de cadros, por moito que eu prefira andar en camisa de cadros que en gravata. A política é moito máis, (*Murmurios.*) exige prudencia, exige rigor e exige estabilidade.

Un coñecido profesor universitario...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: ...—enseguida remato, presidenta— galego con praza na Universidade de Barcelona, Antón Costas, dixo recentemente que hoxe fai falla máis coraxe para ser moderado que para ser radical. Pois ben, con toda a coraxe e a forza da moderación, presidente, seguiremos traballando para sacar Galicia da crise.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o presidente da Xunta para pechar o debate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, hoxe escoitamos aquí cinco discursos de oposición, pero ningún de alternativa ao Goberno. Se xuntamos todas as súas intervencións, sumando todo tipo de críticas, de descualificacións, de contradicións, se xuntamos as cinco intervencións da oposición, non suman un goberno.

Señorías, a Galicia non lle gustou un goberno entre dous, pero realmente entre aquel Goberno bipartito e as cinco oposicións que hai agora hai enormes diferenzas de todo tipo. (*Murmurios.*) O que si lle podo asegurar, señorías, é que se a Galicia non lle gustou o bipartito nunca vai ter un goberno entre cinco grupos parlamentarios, (*Aplausos.*) entre cinco partidos, entre cinco escisións e entre cinco retallos.

Galicia tivo un goberno todos estes anos difíciles e terá un goberno estable para todo o que reste de lexislatura. Por iso avanzamos e por iso seguimos avanzando.

Vostedes pasan o día falando de se suman nunha coalición, se van dous, se van tres, se os que foron xuntos resulta que van separados ás eleccións xerais, de se, polo contrario, os

que ían separados agora resulta que van ir xuntos. (*Murmurios.*)

Señorías, non pretendan meter a Galicia nos seus desacordos e nas súas rifas. Rifan á xente, si, rifan á xente, insultan á xente e non entendo por que. Porque o feito de que Galicia non os vote, o feito de que Galicia nunca lle confiara a ningún dos partidos da oposición maiores votos que ao Partido Popular de Galicia, non é unha causa para rifar á xente nin para enfadarse coa xente.

Non deberían preguntar tanto se eu seguirei ou non dentro de doce meses, o que deberían preguntarse é que fixeron vostedes nos últimos sete anos na oposición en Galicia. Iso é o que creo que os galegos teñen que saber e iso é o que creo que despois deste debate ningún galego poderá dicir exactamente para que sete anos na oposición. Uns, cos nosos acertos e, sen dúbida, cos nosos erros, estivemos ao lado dun goberno estable e dun goberno responsable.

Señorías, a crise pasou por diante de todos vostedes e en nada axudaron o Goberno nos últimos sete anos, en nada. Ningunha proposta, ningunha proposta concreta. (*Murmurios.*)

Señorías, din que teñen todas as solucións, pero non deron ningunha. Din que saben a resposta a todas as preguntas, aínda que cambiaran todas as preguntas.

Señorías, descualificar directamente este Parlamento, como volvemos velo outra vez, é faltarlle ao respecto á democracia. E a democracia non consiste en que haxa que darlles a razón a vostedes sempre; a democracia consiste, señoría, en votar e que o Goberno traia á Cámara as propostas e na Cámara se voten en representación dos cidadáns.

Escoitamos de vostedes que este ano que queda de lexislatura é insuficiente, pero será insuficiente para os que desperdiciaron sete anos de oposición, será insuficiente para os que agora desperdiciaron estes tres últimos anos de lexislatura. Nin o fixeron os galegos nin o fixo este goberno, vai ser aproveitado este cuarto de lexislatura que queda.

Os galegos acadaron metas que parecían inalcanzables e non estiveron ao seu carón todo o que deberían de estar, simplemente, señorías, porque na maioría das cuestións se borra-

ron; simplemente non estiveron cando os galegos necesitabamos dos grupos da oposición.

Aquí hai un goberno que exerceu dende o primeiro día e vai seguir exercendo ata o último día do seu mandato. ¿Tomamos decisións difíciles? Sen ningunha dúbida. Tivemos que dicir moitas veces que non para que agora poidamos empezar a dicir que si. ¿Houbo acertos? Sen dúbida. ¿E tamén erros? Tamén. Pero Galicia tivo un goberno, tivo un goberno estable durante toda a lexislatura e terá un goberno estable ata que finalice a lexislatura. *(Aplausos.)*

Estes doce meses, señorías, que hai por diante imos continuar perseguindo eses obxectivos. Seguiremos esforzándonos para que o paro siga baixando e a economía crescendo. Seguiremos esforzándonos para que a recuperación chegue a todos, porque sabemos perfectamente que a recuperación non chegou a todos os fogares galegos, con medidas de apoio, en primeiro lugar, aos máis desfavorecidos e axudando as familias que pese a ter traballo sabemos que lles custa chegar a final de mes. Seguiremos esforzándonos para devolver os esforzos que fixeron os galegos nestes últimos anos, e por iso baixaremos o imposto da renda das persoas físicas, sobre todo para as rendas máis baixas, e por iso, por primeira vez en Galicia, non se pagará o imposto de sucesións e doazóns para o 99 % dos galegos, porque era un compromiso, e os compromisos cando se poden cumprir non hai ningunha xustificación para non cumprilos. *(Aplausos.)* Seguiremos, señorías, esforzándonos para que haxa uns servizos públicos, unha sanidade pública e uns servizos sociais públicos que dean resposta non aos problemas de hoxe, senón aos problemas de mañá. Seguiremonos esforzando, señorías, porque a razón de ser dun goberno son as persoas, as persoas de hoxe e sobre todo as persoas do mañá –insisto–, e por iso cando plantexamos unha proposta para os nenos e nenas galegos, para que teñan un maior apoio social que nunca deu un Goberno en Galicia, para que teñan máis prestacións sanitarias e para que teñan máis oportunidades da educación, simplemente estamos cumprindo co noso deber. Para un rural, si para un rural tamén, como un espazo de futuro, para deixarlle un territorio máis ordenado á xente que nos ha de herdar.

Señorías, o importante non é o futuro de ninguén dos que estamos aquí, non se trabuquen, non, non. Aquí na política, sexa quen sexa, estase de paso, o que permanece é o país.

Pensen menos en votos, señorías, e pensen máis en persoas. O que importa non son eu nin son vostedes, o que importa é Galicia, e Galicia vai seguir traballando porque deste goberno non imos facer outra cousa que traballar por Galicia. *(Aplausos.)*

Por iso, señoría, sorpréndeme que sigamos discutindo cuestións, señor Jorquera, simplemente por discutir. Mire, pedín os datos, dado que vostede me fala agora de estatísticas –de Eurostat, do Instituto Nacional de Estadística, do Instituto Galego de Estatística–, pedín os datos dos mozos concretamente. Pois os mozos, señor Jorquera, os mozos –permítame que fale con estrito rigor– que saíron de Galicia foron exactamente 99.196 e os mozos que entraron en Galicia no mesmo período foron 108.804, é dicir, entraron en Galicia 9.608 mozos. Polo tanto, señor Jorquera, este é o dato do Instituto Galego de Estatística. E propóñoille simplemente que non intente trabucar nin a poboación en xeral, que entraron máis dos que saíron durante a crise, nin os mozos, que tamén entraron máis dos que saíron durante a crise económica.

Señorías, claro que non debemos falsear en ningún caso a realidade. Mire, señor Jorquera, cando vostede fala de que antes había gratuidade nos comedores para todos os que ían en transporte escolar, é verdade, o cal era sorprendente: os que ían en transporte escolar tiñan os comedores gratis e os que non tiñan transporte escolar non. Exactamente, ¿cal é o criterio? Non parece que o criterio sexa que ademais de ter transporte escolar debe ter comedor, e o que non ten nin transporte escolar tampouco teña comedor. Por iso hoxe hai máis gratuidade e por iso hoxe hai máis equidade nas prazas de comedores escolares das que había simplemente cun modelo discriminatorio para xente que non tiña transporte escolar. *(Aplausos.)*

Lamento, señoría, non poder contestar ao que marchou, porque normalmente non está, e como non está e non lle importa o Parlamento galego, onde leva máis tempo que calquera dos que estamos aquí, é moi difícil contestar ao que non está. E por respecto a esa persoa, aínda que el non lle teña ningún respecto nin á Cámara, nin ao Goberno, nin ao seu presidente, non vou plantexar nada sobre a súa intervención. Se os galegos tiveron ocasión de vela, verían a catadura dun deputado que se burla de todos durante tanto tempo. Pero iso, como é natural, é a súa responsabilidade, non a miña. *(Aplausos.)*

Señor Méndez Romeu, falar de escapismo ou malabarismo estatístico, eu volvo reiterar todos os datos que dei á Cámara: taxa de paro EPA, Galicia paro 20 %, España 22,4 %, 2,4 puntos menos que no resto de España; taxa de paro 2015, segundo trimestre coñecido da EPA, 18.400 ocupados máis que hai un ano –EPA–. Quere vostede recoller o paro rexistrado ou non o quere recoller, pero o paro rexistrado existe: temos 63.000 parados menos que cando comezou esta lexislatura, 63.000 parados menos no paro rexistrado; 22.466 parados menos que no ano 2014, 45.000 parados menos que no ano 2013, 43.000 parados menos que no ano 2012, 17.000 parados menos que no ano 2011 e 358 parados menos que no ano 2010. Eses son os datos do paro. Se vostede colleu as estatísticas do Ministerio de Traballo poderá ver que o que estou dicindo é simplemente ler esas estatísticas.

E cando fala vostede de afiliación, eu vólvolle reiterar os datos: temos 20.800 afiliados máis que no ano 2014, 31.600 máis que no ano 2013 e 5.700 máis que no ano 2012. Eu non sei por que lle molesta que algúns datos sexan positivos para Galicia, a min, dende logo, o que me anima é a seguir traballando por Galicia. *(Aplausos.)*

Amigos, señorías, fálame vostede, señor Méndez Romeu, do Igape e dille ao conselleiro respectivo que non temos presuposto dabondo no Igape. Mire, señor Méndez Romeu, ¿sabe vostede que nos últimos catro meses do Goberno bipartito deron 53 avais por un importe de 105 millóns de euros? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señor Losada, non ten vostede a palabra. ¡Faga o favor! ¿Vou ter que chamalo á orde a estas horas?

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): “O diñeiro do Igape é para dar avais a un goberno en funcións e a un goberno cando convoca as eleccións”. Xa sabemos para que é o diñeiro do Igape, e estou convencido de que vostede non está de acordo para este tipo de afirmacións. *(Murmurios.)*

Pero o que si é certo é o que tivemos que pagar, por exemplo, 32 millóns de euros de Alfageme...

A señora PRESIDENTA: Unha chamada á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

...e outras cantidades millonarias doutras empresas. E por iso, señoría, tiñamos menos diñeiro, porque simplemente tivemos que dedicar o diñeiro a pagar os pufos que herdamos do Igape. *(Murmurios.)* Por iso, señoría, non é razoable que vostede traia estes plantexamentos desta forma.

Sabe vostede que os programas plurianuais da Consellería de Economía e Industria son normalmente, cando se executa o presuposto, as subvencións plurianuais que se destinan a apoiar investimentos, e por iso ata que se executan as subvencións plurianuais ten que quedar presuposto dabondo para posteriormente poder pagar a subvención que está en trámite. E por iso pode haber algunha disquisición, que non é ningún malabarismo, ao contrario, é simplemente ter dotado adecuadamente as subvencións plurianuais da Consellería de Economía e Industria, que en trámite supoñen a execución do 90 % do presuposto.

Señor Méndez Romeu, con todos os respectos, non creo que deba vostede abrir o debate da débeda pública. Eu reitero os datos: somos a segunda Comunidade Autónoma na que menos se incrementou a débeda pública dende o 2008 en termos absolutos, a segunda, onde menos aumentou, e somos a terceira Comunidade Autónoma onde menos aumentou en termos de PIB. Señoría, temos unha débeda pública cinco puntos inferior á media das comunidades autónomas de España. Exactamente, ¿cal é o reproche?

Señoría, Galicia incrementou efectivamente un 158 % a súa débeda, de 4.000 millóns a 10.210. O total das comunidades autónomas, a media foi un 241 %. ¿Pretende que fixeramos a evolución da débeda pública de Andalucía, que se incrementou un 266 %? ¿Pretende que collamos Asturias, que se incrementou un 391 %? Exactamente, ¿que é o que se nos reprocha, señor Méndez Romeu?

A ratio de débeda PIB está no 18,7 %. En España a media de comunidades autónomas está no 23,7 %. Cataluña ten unha débeda sobre o PIB do 33,9 %. ¿Cal é o modelo que vostede propón? Se tivésemos unha débeda pública igual que a media das comunidades autónomas, teríamos neste momento 2.700 millóns máis de débeda pública. E eu podería vir a esta tribuna simplemente dicir que temos a mesma débeda pública que o resto das comunidades autónomas e poderíamos dispoñer de 2.700 millóns de euros máis. ¿Cre vostede

que se o que propuxemos hoxe é facer electoralismo non poderíamos utilizar os 2.700 millóns máis de débeda pública para facer electoralismo? Pois non, señoría. Nós imos cumprir porque os galegos nos ensinaron a cumprir, e nós imos cumprir e non imos endebedar o país e queremos deixar un país solvente.

Din vostedes, dicía o señor Jorquera na súa intervención, que non fomos quen de manter o autogoberno, que non fomos quen durante estes anos de manter Galicia erguida. ¿É que acaso houbo un goberno con maiores dificultades que estas, señor Jorquera? ¿É que acaso non demostramos que Galicia con todas as competencias estatutarias foi quen de manterse a pesar de que a maioría das comunidades autónomas foron rescatadas polo Estado? ¿É que acaso non fomos o suficientemente maduros para dicirlle ao noso pobo que tiñamos que chegar a fin de mes porque non queríamos que nos interviñeran o noso autogoberno? ¿É que acaso non fomos donos da nosa tesourería e de decidir o que pagabamos durante a crise económica, xustamente porque non nos entregamos a unha débeda pública que supoñería a intervención do país? ¿É que acaso os nacionalistas me permitirían que agora fora o presidente dunha Galicia intervida? ¿É que acaso iso non o imos ter en conta, nin sequera apreciar o esforzo que se fixo durante todos estes anos?

Non me parece axeitado en ningún caso empezar a discutir sobre débeda pública, porque cando chegamos ao Goberno a débeda pública de Galicia era superior á media das comunidades autónomas, e hoxe é inferior en cinco puntos á media das comunidades autónomas. *(Aplausos.)* Iso é, señoría, o que nós plantexamos.

Señorías, eu reitero, señor Méndez Romeu, con toda cordialidade que as estatísticas son as que son. Se vostede quere coller a EPA, a enquisa de poboación activa, cóllaa. Supoño que tamén quere coller o paro rexistrado, pero o certo e verdade é que o seu goberno no último ano incrementou o

paro en 54.000 persoas nun ano. Non era fácil, primeiro, parar esa tendencia, despois iniciar un proceso de diminución do paro e agora poder dicir no último debate do estado da Autonomía desta novena lexislatura que temos 63.000 persoas menos apuntadas no paro que cando comezou a lexislatura. Creo, señoría, que esas cousas son importantes.

Por iso, non discutan tantas cousas de xentes que agora se queren ir a Madrid. Insisto: parte do nacionalismo galego está instalado na Universidade Complutense de Madrid, e non discutan tanto sobre o futuro. Miren, señorías, o futuro pasa, o que non pasa é Galicia, e o meu compromiso por Galicia non pasará nunca.

Moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Antes de suspender a sesión, comunicar que os grupos parlamentarios poden presentar ata un máximo de corenta propostas de resolución por grupo, conforme o artigo 141 *bis* do Regulamento e o acordo da Mesa, oída a Xunta de Portavoces, do 6 de outubro, antes das 10.30 horas de mañá, xoves día 15 de outubro, no Rexistro Xeral da Cámara. Posteriormente, a Mesa ás 12 horas procederá á súa cualificación e distribución aos grupos de todas as propostas admitidas.

Asemade, o prazo para a presentación das propostas transaccionadas e a petición de agrupacións ou votacións separadas das propostas rematará o mesmo xoves día 15 de outubro ás 22.30 horas.

Suspendemos a sesión ata o venres ás once horas.

Boa noite e moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás nove e trinta e cinco minutos do serán.



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25